



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 07 de xullo de 2022 (1247/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día sete de xullo de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(553).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbbase a acta da sesión ordinaria do 30 de xuño de 2022 e extraordinaria e urxente do 01 de xullo de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(554).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE MANTEMENTO DE LICENCIAS “ZIMBRA COLLABORATION NETWORK EDITION” E O SOPORTE DO SISTEMA DE CORREO ELECTRÓNICO CORPORATIVO “ZIMBRA”. EXPTE. 9837/113.**

Visto o informe xurídico do 21/06/2022 e o informe de fiscalización do 23/07/2022, dáse conta do informe-proposta con data 21/06/2022, asinado polo técnico

S.ord. 07/07/2022

responsable de Seguridade Informática, polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, pola concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **Antecedentes:**

O contrato de Mantemento de licencias “zimbra collaboration network edition” e o soporte do sistema de correo electrónico corporativo “zimbra” (expte. 9550/113), foi adxudicado mediante procedemento aberto, por acordo da xgl de 22/07/2021, á empresa QUER SYSTEM INFORMÁTICA, S.L., por un prezo total de 39.606,70 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.873,92 euros, con cargo ás partidas 9207.2279902 (Mantemento software) e 9207.2270603 (Servizos e traballos técnicos).

O contrato foi formalizado en data 05/10/2021 e remata o 04/10/2022.

#### **Fundamentos de dereito:**

1. O artigo 23 do RDL 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato prevexa expresamente o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

O artigo 303 da citada norma, indica, á súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.

2. Neste contrato resulta que:
  - Na cláusula 7 "Prazo", do PCAP, figura que: *"Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato"*.
  - No apartado 4.C das FEC figura: *"Prórroga do contrato e en caso afirmativo duración: si, dúas prórrogas dous anos de duración cada unha"*.
  - Prorrógase segundo os conceptos e importes dos exercicios 2021 e 2022.
  - No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que *"Dado que o tipo de contrato e de mantemento de equipamento segundo ás necesidades as cantidades a aboar en función do parque de equipos a cubrir faranse efectivas de xeito mensual, segundo ós equipos cubertos, podendo agruparse as facturas trimestralmente"*

3. Prezo da prórroga:

O prezo total da prórroga ascende a 39.606,70 euros, dos cales 6.873,92 euros corresponden ao IVE.

4. Financiamento:

A prórroga financiarase con cargo ás aplicacións orzamentarias: 9207.2279902 (Mantemento Software) e 9207.2270603 (Servizos e traballos técnicos).



5. A empresa *QUER SYSTEM INFORMÁTICA, S.L.*, no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.

Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo de mantemento de licencias “Zimbra collaboration network edition” e o soporte do sistema de correo electrónico corporativo “Zimbra”.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "*En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*"

#### PROPOSTA

1. Autorizar a primeira prórroga do contrato para o mantemento de licencias “Zimbra collaboration network edition” e o soporte do sistema de correo electrónico corporativo “Zimbra”. (expte. 9550-113), polo período dous anos, conforme o TRLCSP e o apartado 4.C das FEC do PCAP do contrato, á empresa *QUER SYSTEM INFORMÁTICA, S.L.*
2. Autorizar o gasto de **39.606,70** euros (IVE incluído) que representa a prórroga, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

<b>Partida</b>	<b>Exercicio</b>	<b>IVE</b>	<b>Base</b>	<b>Importe total</b>
9207.2279902 Mantemento software	2022	564,05	2685,95	3250
9207.2270603 Servizos e traballos técnicos	2022	295,19	1405,65	1700,84
<b>Total exercicio 2022</b>				<b>4950,84</b>
9207.2279902 Mantemento software	2023	2256,2	10743,79	12999,99
9207.2270603 Servizos e traballos técnicos	2023	1180,76	5622,6	6803,36
<b>Total exercicio 2023</b>				<b>19803,35</b>
9207.2279902 Mantemento software	2024	1692,15	8057,84	9749,99
9207.2270603 Servizos e traballos técnicos	2024	885,57	4216,95	5102,52
<b>Total exercicio 2024</b>				<b>14852,51</b>
<b>TOTAL</b>				<b>39606,70</b>

3. Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no

prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

**ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(555).- RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS. EXPTE. 14866/111.**

Dáse conta do informe-proposta de data 01/07/2022, asinado polo xefe da Área Xudicial e pola concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal:

**ANTECEDENTES**

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

**A/ RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA**

1.- Contencioso. Expediente nº 14058/111  
Sentenza nº 483 do 24 de maio de 2022  
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1  
Recurso de apelación: 22/2022  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: Desestimación de reclamación de RPA do 13/05/2020  
Expte(s): 5554/243  
Contía: 51.677,77 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso de apelación do demandante contra a sentenza de instancia. O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

*Procedemento de orixe:*

*P.O. 221/2020, XC-A nº 2 de Vigo, Sentenza nº 211 do 7-10-2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 10-12-2021.*

2.- Contencioso. Expediente nº 13881/111  
Sentenza nº 437 do 24 de maio de 2022  
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1  
Recurso de apelación: 647/2021  
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e empregado/a municipal  
Obxecto: Desestimación presunta. Gratificacións e RPA por dano moral (bombeiros)  
Contía: Indeterminada



## Concello de Vigo

Esta sentenza, que non é firme, resolve os recursos de apelación interpostos polas dúas partes e:

- inadmite o recurso municipal por razón de contía
- estima parcialmente o recurso de apelación do demandante en canto á inadmisión da pretensión indemnizatoria de 25.000 euros por dano moral, declarando a súa admisión e a retroacción de actuacións para que o Xulgado resolva.

O departamento de Persoal (así como o de Seguridade e o de Patrimonio-RPA) deben coñecer o resolto.

*Procedemento de orixe: (PO 194/2020 XCA nº 2 e Ver anexo de Recursos conexos)*

3.- Contencioso. Expediente nº 14589/111

Auto do 17 de maio de 2022

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 3ª

Ordinario: 113/2022

Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública

Obxecto: R.D. 1119/2021. Subvención para competitividade turística, concesión directa (BOE 22/12/2021)

Este Auto, firme, desestima a caducidade do recurso.

O departamento de Turismo debe coñecer o resolto.

4.- Contencioso. Expediente nº 14573/111

Sentenza nº 114 do 26 de maio de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 86/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta da solicitude do 16-11-2021. Acumulación de prazas (vacantes e desertas) en promoción interna ás de turno libre nun procedemento selectivo derivado da OEP 2014/5/6

Expte(s): 37987/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, estima parcialmente o recurso, anula o acto presunto impugnado e declara a acumulación de dúas das catro prazas do turno de promoción interna de auxiliar administrativo de administración xeral ao turno libre.

Exclúe outras dúas prazas do turno de promoción interna por estaren reservadas para persoas con discapacidade, o que leva a non estimar a segunda das pretensións da demanda.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto e informar con urxencia sobre a procedencia e bases dunha eventual apelación en relación co contido estimatorio da sentenza.

5.- Contencioso. Expediente nº 14506/111

Sentenza nº 123 do 26 de maio de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 57/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución de 18-1-2022. Sanción de tráfico (N.I.C.).

Expte(s): 288589/280

Contía: 900,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

No seu F.D.1º in fine “desaconsella” a aceptación e tramitación das identificacións extemporáneas do/a conductor/a.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto, e considerar o exposto na fundamentación xurídica desta sentenza.

6.- Contencioso. Expediente nº 14567/111

Sentenza nº 154 do 31 de maio de 2022  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Abreviado: 85/2022  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: Inexistencia de resolución do 17-11-2021  
Expte(s): 119480/210  
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, firme, estima o recurso e condena ao Concello a executar no prazo de 1 mes a resolución do 17-11-2021 (entrega da documentación “restante” sobre os vaos ou certificar da “ausencia” desta polos motivos que se xustifiquen).

O departamento de Seguridade debe executar o resolto no prazo fixado e nos seus termos.

7.- Contencioso. Expediente nº 14036/111  
Auto nº 40 do 27 de maio de 2022  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Ordinario: 337/2021  
Demandante/Recorrente: Empresa  
Obxecto: Desestimación presunta da solicitude de compensación por suspensión (XGL 9-4-2020) contractual-COVID. Contrato de estacionamento regulado  
Expte(s): 90514/210 (90514/210 e 6462/241)  
Contía: 307.181,01 €

Esta resolución, firme, declara rematado o procedemento ao terse resolto, finalmente, o procedemento iniciado por solicitude do 8-7-2020 por acordo da XGL do 19-5-2022.

Os departamentos de Contratación e Seguridade deben coñecer o resolto.

8.- Contencioso. Expediente nº 12873/111  
Providencia do 31 de maio de 2022  
Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª  
Casación: 8399/2021  
Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública  
Obxecto: Orde do 27-12-2019 (DOG 21-1-2020). Bases de Subvencións de programas de emprego  
Expte(s): 17108/77 e 18016/77  
Contía: Indeterminada

Inadmite o recurso de casación preparado pola Xunta de Galicia, con custas taxadas de oficio, o que fai firme a sentenza nº 334/2021.

O departamento de Emprego debe coñecer o resolto.

*Procedemento de orixe:*

*P.O. 7261/2020 TSXG, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 3ª, Sentenza nº 334 do 23-7-2021, estimatoria parcial (anula tres artigos das ordes impugnadas), comunicada na sesión da XGL do 10-9-2021.*

9.- Contencioso. Expediente nº 14586/111  
Sentenza nº 156 do 31 de maio de 2022  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Abreviado: 91/2022  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: Resolución do TE-A do C. de V. do 9-12-2021. Liquidación IIVTNU  
Expte(s): 5425/550, 36010/502



## Concello de Vigo

Esta sentenza, firme, declara a satisfacción extraprocésual do pretendido (XGL 5-5-2022) como xeito de terminación do procedemento.

Malia ter anulado o Concello a liquidación, (por mor da STC 182/2021) o demandante solicitou proseguir o recurso para obter a condena en custas (cuestión tratada no F.D. 2º).

O TE-A e a Dirección de Ingresos (Inspección e IIVTNU) deben coñecer o resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 14571/111

Sentenza nº 153 do 31 de maio de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 88/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta da reclamación do 3-5-2021. Retribucións como funcionario de carreira en período de prácticas.

Expte(s): 37688/220

Esta sentenza, firme, declara a satisfacción extraprocésual do pretendido (XGL 5-5-2022).

O departamento de Persoal, e o de Seguridade, deben coñecer o resolto.

11.- Contencioso. Expediente nº 14489/111

Sentenza nº 130 do 2 de xuño de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 48/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución de 24-1-2022. RPA, caída na vía pública

Expte(s): 6313/243

Contía: 14.674,38 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

12.- Contencioso. Expediente nº 14547/111

Sentenza nº 128 do 2 de xuño de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 70/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta. RPA, danos por colector de lixo

Expte(s): 6327/243

Contía: 333,14 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso e condena ao Concello ao pagamento de 333,14 euros máis xuros legais dende a data da reclamación administrativa (12-12-2020) e custas taxadas de oficio.

Ao se tratar de sentenza con condena ao pagamento de cantidade determinada, a Intervención municipal debe executala en tempo e forma.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto e evitar silenzos administrativos que implican condenas en custas.

13.- Contencioso. Expediente nº 14550/111

Sentenza nº 134 do 2 de febreiro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 69/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución de 22-11-2022. Sanción de tráfico (exceso de velocidade).

Expte(s): 288711/280

Contía: 300,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

14.- Contencioso. Expediente nº 13471/111

Sentenza nº 480 do 1 de xuño de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Ordinario: 71/2021

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Resolución do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, 2ª liquidación 2020-Centros de Día (Teis, Coia, e Valadares).

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, ao igual que outras anteriores ditadas en recursos conexos, desestima o noso recurso, sen custas por “dúvidas de dereito”.

O departamento de Benestar Social, e o de Intervención, deben coñecer o resolto e informar sobre a procedencia e bases dunha eventual casación.

15.- Contencioso. Expediente nº 13834/111

Sentenza nº 469 do 1 de xuño de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 585/2021

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta de reclamación do 21-11-2019 (Bombeiros). Atrasos por “horas extras” entre agosto de 2015 e 31-10-2019 e dano moral por anulación do “decreto” do 6-2-2019

Contía: 54.205,20 €

Esta sentenza, que non é firme, resolve os dous recursos de apelación interpostos polo demandante e por este Concello contra a sentenza nº 112 do 2-7-2021 (e o Auto “aclaratorio” do 27-7-2021) e:

- Estima o recurso de apelación municipal e anula o Auto do 27-7-2021 (F.D. 3º) con retroacción de actuacións ao XC-A nº 1 á data da sentenza, para nova notificación. Sen que caiba entrar na apelación do demandante.

O departamento de Persoal e o de Seguridade deben coñecer o resolto.

*Procedemento de orixe: (PO 324/2020 XCA nº 1 e Ver anexo de Recursos conexos)*

16.- Contencioso. Expediente nº 13825/111

Sentenza nº 470 do 1 de xuño de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 575/2021

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de cantidades por horas extras

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve os dous recursos de apelación interpostos polo demandante e por este Concello contra a sentenza nº 101 do 1-7-2021 (e o Auto “aclaratorio” do 29-7-2021) e:

- Estima o recurso de apelación municipal e anula o Auto do 29-7-2021 (F.D. 3º) con retroacción de actuacións ao XC-A nº 1 á data da sentenza, para nova notificación. Sen que caiba entrar na apelación do demandante.

O departamento de Persoal e o de Seguridade deben coñecer o resolto.

*Procedemento de orixe: (PO 190/2020 XCA nº 1 e Ver anexo de Recursos conexos)*

17.- Contencioso. Expediente nº 13782/111





## Concello de Vigo

Sentenza nº 159 do 7 de xuño de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 220/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta de reclamación do 13-4-2021. Administrativa de A.X. reclama retribucións complementarias de Técnica Media de Servizos Económicos

Expte(s): 37430/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, estima "sustancialmente" o recurso, anula o acto "presunto" e:

- declara o dereito da demandante a percibir os C.D. e C.E. que tiña asignados "ata a súa xubilación" a Técnica de Administración Xeral adscrita ao posto de traballo, dende o mes de marzo de 2018 e ata que "cese a actual situación", con custas taxadas de oficio.

O departamento de Persoal e o de Tesourería-Nóminas deben coñecer o resolto e informar, con urxencia, sobre a procedencia e bases dunha eventual apelación (dificultosa porque a situación foi creada e consentida "pola administración", é dicir, polos responsables do departamento de destino), ou proceder á súa execución e a resolver o procedemento sobre esta situación.

18.- Contencioso. Expediente nº 13820/111

Sentenza nº 492 do 8 de xuño de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 573/2021

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamacións de cantidades por horas extraordinarias

Contía: 40.094,61 €

Esta sentenza, que non é firme, resolve os dous recursos de apelación interpostos polo demandante e por este Concello contra a sentenza nº 108 do 2-7-2021 (e o Auto "aclaratorio" do 20-7-2021) e:

- Estima o recurso de apelación municipal e anula o Auto do 20-7-2021 (F.D. 3º) con retroacción de actuacións ao XC-A nº 1 á data da sentenza, para nova notificación. Sen que caiba entrar na apelación do demandante.

O departamento de Persoal e o de Seguridade deben coñecer o resolto.

*Procedemento de orixe: (PO 192/2020 XCA nº 1 e Ver anexo de Recursos conexos)*

19.- Contencioso. Expediente nº 13827/111

Sentenza nº 489 do 8 de xuño de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 582/2021

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de cantidades por horas extraordinarias

Contía: 41.370,55 €

Esta sentenza, que non é firme, resolve os dous recursos de apelación interpostos polo demandante e por este Concello contra a sentenza nº 105 do 2-7-2021 (e o Auto "aclaratorio" do 27-7-2021) e:

- Estima o recurso de apelación municipal e anula o Auto do 27-7-2021 (F.D. 3º) con retroacción de actuacións ao XC-A nº 1 á data da sentenza, para nova notificación. Sen que caiba entrar na apelación do demandante.

O departamento de Persoal e o de Seguridade deben coñecer o resolto.

*Procedemento de orixe: (PO 216/2020 XCA nº 1 e Ver anexo de Recursos conexos)*

20.- Contencioso. Expediente nº 13826/111

Sentenza nº 493 do 8 de xuño de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 583/2021

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de cantidades por horas extraordinarias

Contía: 42.775,95 €

Esta sentenza, que non é firme, resolve os dous recursos de apelación interpostos polo demandante e por este Concello contra a sentenza nº 109 do 2-7-2021 (e o Auto ?aclinatorio? do 20-7-2021) e:

- Estima o recurso de apelación municipal e anula o Auto do 20-7-2021 (F.D. 3º) con retroacción de actuacións ao XC-A nº 1 á data da sentenza, para nova notificación. Sen que caiba entrar na apelación do demandante.

O departamento de Persoal e o de Seguridade deben coñecer o resolto.

*Procedemento de orixe: (PO 215/2020 XCA nº 1 e Ver anexo de Recursos conexos)*

21.- Contencioso. Expediente nº 13837/111

Sentenza nº 495 do 8 de xuño de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 590/2021

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta de reclamación do 21-11-2019 (Bombeiros). Atrasos por “horas extras” entre agosto de 2015 e 31-10-2019 e dano moral por anulación do “decreto” do 6-2-2019

Contía: 43.766,34 €

Esta sentenza, que non é firme, resolve os dous recursos de apelación interpostos polo demandante e por este Concello contra a sentenza nº 115 do 2-7-2021 (e o Auto “aclinatorio” do 22-7-2021) e:

- Estima o recurso de apelación municipal e anula o Auto do 22-7-2021 (F.D. 3º) con retroacción de actuacións ao XC-A nº 1 á data da sentenza, para nova notificación. Sen que caiba entrar na apelación do demandante.

O departamento de Persoal e o de Seguridade deben coñecer o resolto.

*Procedemento de orixe: (PO 323/2020 XCA nº 1 e Ver anexo de Recursos conexos)*

22.- Contencioso. Expediente nº 14575/111

Sentenza nº 151 do 31 de maio de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 86/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: desestimación presunta da solicitude presentada o 11/2/2021, pola que reclamaba o pagamento de retribución pendentes polos servizos prestados como policía local en practicas

Expte(s): 37191/220

Esta sentenza, firme, declara a satisfacción extraprocesual do pretendido (XGL 5-5-2022).

O departamento de Persoal, e o de Seguridade, deben coñecer o resolto.

23.- Contencioso. Expediente nº 14585/111

Sentenza nº 152 do 31 de maio de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 87/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta da reclamación do 3-5-2021. Retribucións como funcionario de carreira en período de prácticas.

Expte(s): 37191/220

Contía: 2.961,43 €

Esta sentenza, firme, declara a satisfacción extraprocesual do pretendido (XGL 5-5-2022).



## Concello de Vigo

O departamento de Persoal, e o de Seguridade, deben coñecer o resolto.

24.- Contencioso. Expediente nº 13832/111

Auto do 7 de xuño de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 577/2021

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e empregado/a municipal

Obxecto: Reclamación de retribucións (horas extraordinarias nov. 2015 - dec. 2020), bombeiros

Contía: Indeterminada

Resolve as solicitudes de subsanación e, subsidiariamente, do completo da sentenza 577/2021, desestimándoas.

O departamento de Persoal e o de Seguridade deben coñecer o resolto.

*Procedemento de orixe: (PO 242/2020 XCA nº 1 e Ver anexo de Recursos conexos)*

25.- Contencioso. Expediente nº 13903/111

Sentenza nº 512 do 15 de xuño de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 642/2021

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e empregado/a municipal

Obxecto: desestimación por silencio administrativo das reclamacións formuladas contra Decreto do Concelleiro de Seguridade e Mobilidade de 06/02/2019, polo que se autoriza ao xefe do Corpo de Bombeiros, para que poida acordar a suspensión dos descansos do persoal adscrito a dito servizo.

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve os recursos de apelación interpostos polas dúas partes e:

- inadmite o recurso municipal por razón de contía

- estima parcialmente o recurso de apelación do demandante en canto á inadmisión da pretensión indemnizatoria de 25.000 euros por dano moral, declarando a súa admisión e a retroacción de actuacións para que o Xulgado resolva.

O departamento de Persoal (así como o de Seguridade e o de Patrimonio-RPA) deben coñecer o resolto.

*Procedemento de orixe: (PO 7/2021 XCA nº 2 e Ver anexo de Recursos conexos)*

26.- Contencioso. Expediente nº 13902/111

Sentenza nº 197 do 30 de agosto de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 643/2021

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e empregado/a municipal

Obxecto: Gratificacións e RPA por dano moral (bombeiros)

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve os recursos de apelación interpostos polas dúas partes e:

- inadmite o recurso municipal por razón de contía

- estima parcialmente o recurso de apelación do demandante en canto á inadmisión da pretensión indemnizatoria de 25.000 euros por dano moral, declarando a súa admisión e a retroacción de actuacións para que o Xulgado resolva.

O departamento de Persoal (así como o de Seguridade e o de Patrimonio-RPA) deben coñecer o resolto.

*Procedemento de orixe: (PO 336/2020 XCA nº 2 e Ver anexo de Recursos conexos)*

27.- Contencioso. Expediente nº 13819/111

Sentenza nº 488 do 8 de xuño de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1  
Recurso de apelación: 587/2021  
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e empregado/a municipal  
Obxecto: Desestimación presunta de reclamación do 31-10-2019 (Bombeiros). Atrasos por “horas extras” entre agosto de 2015 e 31-10-2019 e dano moral por anulación do “decreto” do 6-2-2019  
Contía: 44.508,72 €

Esta sentenza, que non é firme, resolve os dous recursos de apelación interpostos polo demandante e por este Concello contra a sentenza nº 100 do 1-7-2021 (e o Auto “aclaratorio” do 27-7-2021) e:  
- Estima o recurso de apelación municipal e anula o Auto do 27-7-2021 (F.D. 3º) con retroacción de actuacións ao XC-A nº 1 á data da sentenza, para nova notificación. Sen que caiba entrar na apelación do demandante.  
O departamento de Persoal e o de Seguridade deben coñecer o resultado.

*Procedemento de orixe: (PO 191/2020 XCA nº 1 e Ver anexo de Recursos conexos)*

28.- Contencioso. Expediente nº 13878/111  
Sentenza nº 521 do 15 de xuño de 2022  
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1  
Recurso de apelación: 648/2021  
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e empregado/a municipal  
Obxecto: Desestimación presunta. Reclamación de de 14-11-2019 (Decreto de 6-2-2019, RPA por por dano moral e “horas extras”)  
Contía: 51.754,01 €

Resolve os dous recursos de apelación promovidos polo Concello e polo demandante, inadmite (por razón de contía) o do Concello e admite a do demandante en canto á inadmisión da pretensión indemnizatoria por danos morais de 25.000 Eu por RPA nos termos sinalados na demanda (exclusivamente) en rectificación de actuacións para resolver esta pretensión.  
O departamento de Persoal debe coñecer o resultado (ata onde sabemos hai reclamacións de RPA deste persoal municipal en tramite no departamento de Patrimonio-RPA).

*Procedemento de orixe: (PO 189/2020 XCA nº 2 e Ver anexo de Recursos conexos)*

29.- Contencioso. Expediente nº 13824/111  
Sentenza nº 494 do 8 de xuño de 2022  
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1  
Recurso de apelación: 588/2021  
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e empregado/a municipal  
Obxecto: Desestimación presunta de reclamación do 18-11-2019 (Bombeiros). Atrasos por “horas extras” entre agosto de 2015 e 31-10-2019 e dano moral por anulación do “decreto” do 6-2-2019.  
Contía: 57.934,64 €

Esta sentenza, que non é firme, resolve os dous recursos de apelación interpostos polo demandante e por este Concello contra a sentenza nº 103 do 1-7-2021 (e o Auto “aclaratorio” do 27-7-2021) e:  
- Estima o recurso de apelación municipal e anula o Auto do 27-7-2021 (F.D. 3º) con retroacción de actuacións ao XC-A nº 1 á data da sentenza, para nova notificación. Sen que caiba entrar na apelación do demandante.  
O departamento de Persoal e o de Seguridade deben coñecer o resultado.

*Procedemento de orixe: (PO 204/2020 XCA nº 1 e Ver anexo de Recursos conexos)*

30.- Contencioso. Expediente nº 14597/111  
Sentenza nº 160 do 7 de xuño de 2022  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo



## Concello de Vigo

Abreviado: 97/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: desestimación por silencio administrativo do dereito a percibir a cantidade de 9.015,18 euros correspondentes ao incentivo por xubilación anticipada (Servizo de Extinción de Incendios)

Expte(s): 37497/220 e 37741/220

Contía: 9.015,18 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.

O departamento de Patrimonio debe coñecer o resolto.

### **B/ RESOLUCIÓN DITADAS NA ORDE SOCIAL**

1.- Social. Expediente nº 14617/111

Sentenza nº 185 do 27 de maio de 2022

Xulgado do Social nº 1 de Vigo

Ordinario: 208/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Reclamación de condición de persoal indefinido. Contrato lab. de interinidade (18-5-2017) de axudante de mantemento.

Esta sentenza, que non é firme, declara que o demandante é persoal indefinido, non fixo, con antigüidade do 18-5-2007.

O Departamento de Persoal debe executar o resolto (ou no seu, caso informar con urxencia sobre a procedencia e bases dunha eventual suplicación).

2.- Social. Expediente nº 13536/111

Sentenza nº 216 do 23 de maio de 2022

Xulgado do Social nº 5 de Vigo

Ordinario: 236/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Reclamación administrativa do 27-9-2020. Retribucións por diferenza de categoría (encomenda de funcións superiores). Oficial do Servizo de Deportes, reclama retribucións como 1º Xefe de Mantemento ou 2º Conserxe

Esta sentenza, firme, desestima a demanda.

O departamento de Persoal, e o de Deportes, deben coñecer o resolto.

3.- Social. Expediente nº 14690/111

Sentenza nº 271 do 3 de maio de 2022

Xulgado do Social nº 2 de Vigo

Conflicto colectivo: 240/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: conflito colectivo - aplicación do disposto no art. 13 do Convenio Colectivo para o Persoal Laboral e no art. 35 do E.T., valor das horas extraordinarias

Esta sentenza, que non é firme, desestima a demanda, por considerar que; logo da confirmación, en apelación 465/2019, da sent. nº 217 do 31-7-2019 (ditado polo XC-A nº 2 no P.A. 45/2019); o Concello vén aboando en gratificacións por servizos extraordinarios, prestados sobre a xornada efectiva de traballo, con inclusión na determinación de valor-hora da prorrata das pagas extraordinarias, tanto para o persoal funcionario como para o laboral (por equiparación retributiva cos funcionarios) e, xa que logo, a inexistencia do conflito colectivo.

O Departamento de Persoal e Tesourería-Nóminas deben coñecer o resolto.

4.- Social. Expediente nº 13862/111

Sentenza nº 244 do 31 de maio de 2022

Xulgado do Social nº 7 de Vigo

Seguridade social: 855/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do INSS do 16-6-2021 (EVI 8-6-2021) Determinación de continxencia da I.T. do 28-9-2018 e 14-12-2019

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, desestima a demanda.

O departamento de Persoal (e o de Seguridade) debe coñecer o resolto.

5.- Social. Expediente nº 14694/111

Sentenza nº 253 do 1 de xuño de 2022

Xulgado do Social nº 4 de Vigo

Derecho conciliación vida persoal, familiar e laboral: 237/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta e expresa do 18-3-202. Solicitud de cambio de horario por conciliación familiar (art. 38.4.E.T.).

Expte(s): 38802/220

Esta sentenza, firme, estima a demanda e declara o dereito do actor a prestar servizo no horario de mañá ata que os seus fillos cumbran 12 anos.

A sentenza explica tamén o procedemento xeral a seguir en relación con este tipo de solicitudes do persoal laboral.

O Departamento de Persoal, e o de Deportes, deben executar o resolto (e ter en conta o sinalado con carácter xeral para este tipo de peticións e procedementos).

6.- Social. Expediente nº 13669/111

Sentenza nº 237 do 12 de maio de 2022

Xulgado do Social nº 6 de Vigo

Dereitos fundamentais: 309/2021

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Resolución do 27-4-202. Solicitud de celebración de asemblea de traballadores municipais na Praza de El-Rei.

Expte(s): 37500/220 e 37694/220

Esta sentenza, que non é firme, desestima a demanda, considera a xulgadora que non consta violación ningunha do dereito de reunión dos traballadores nas concentracións na vía pública solicitadas, autorizadas e levadas a cabo o día 28-4-2022 (en coincidencia coa sesión plenaria municipal).

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

**ANEXO: Procedementos conexos nos Xulgados do Contencioso-Administrativo nº 1 e 2 de Vigo, correspondentes aos recursos de apelación interpostos por persoal do Servizo de Extinción de Incendios.**

EXPTE	N.º RCA	XULG.	N.º APELAC	N.º APELACIÓN
13000-111	185/2020 PO	XCA 1	13818-111	576/21
13001-111	191/2020 PO	XCA 1	13819-111	587/21
13002-111	192/2020 PO	XCA 1	13820-111	573/21



## Concello de Vigo

13003-111	193/2020 PO	XCA 1	13822-111	589/21
13004-111	194/2020 PO	XCA 1	13823-111	578/21
13005-111	204/2020 PO	XCA 1	13824-111	588/21
13010-111	190/2020 PO	XCA 1	13825-111	575/21
13012-111	208/2020 PO	XCA 1	13817-111	579/21
13015-111	215/2020 PO	XCA 1	13826-111	583/21
13016-111	216/2020 PO	XCA 1	13827-111	582/21
13090-111	243/2020 PO	XCA 1	13828-111	584/21
13095-111	233/2020 PO	XCA 1	13829-111	594/21
13097-111	244/2020 PO	XCA 1	13830-111	586/21
13153-111	242/2020 PO	XCA 1	13832-111	577/21
13154-111	241/2020 PO	XCA 1	13833-111	591/21
13293-111	324/2020 PO	XCA 1	13834-111	585/21
13297-111	325/2020 PO	XCA 1	13835-111	581/21
13306-111	327/2020 PO	XCA 1	13836-111	574/21
13311-111	323/2020 PO	XCA 1	13837-111	590/21
13313-111	333/2020 PO	XCA 1	13838-111	580/21
13355-111	339/2020 PO	XCA 1	13839-111	593/21
13373-111	10/2021 PO	XCA 1	13840-111	592/21

<b>EXPTE</b>	<b>N.º RCA</b>	<b>XULG.</b>	<b>Nº APEL</b>	<b>N.º APELACIÓN</b>
12953-111	185/2020 PO	XCA 2	13876-111	18/22
12954-111	188/2020 PO	XCA 2	13877-111	15/22
12955-111	189/2020 PO	XCA 2	13878-111	648/21
12956-111	190/2020 PO	XCA 2	13879-111	10/22
12961-111	193/2020 PO	XCA 2	13880-111	8/22
12962-111	194/2020 PO	XCA 2	13881-111	647/21
12966-111	191/2020 PO	XCA 2	13882-111	640/21
12967-111	192/2020 PO	XCA 2	13884-111	2/22
12980-111	210/2020 PO	XCA 2	13885-111	12/22
12983-111	211/2020 PO	XCA 2	13886-111	651/21
12984-111	217/2020 PO	XCA 2	13887-111	652/21
13006-111	218/2020 PO	XCA 2	13889-111	17/22

13024-111	233/2020 PO	XCA 2	13890-111	9/22
13033-111	241/2020 PO	XCA 2	13891-111	650/21
13034-111	244/2020 PO	XCA 2	13892-111	649/21
13035-111	239/2020 PO	XCA 2	13893-111	646/21
13100-111	257/2020 PO	XCA 2	13894-111	1/22
13286-111	324/2020 PO	XCA 2	13895-111	645/21
13287-111	328/2020 PO	XCA 2	13896-111	11/22
13289-111	325/2020 PO	XCA 2	13898-111	46/22
13290-111	330/2020 PO	XCA 2	13899-111	13/22
13294-111	329/2020 PO	XCA 2	13900-111	644/21
13298-111	332/2020 PO	XCA 2	13901-111	641/21
13299-111	336/2020 PO	XCA 2	13902-111	643/21
13372-111	7/2021 PO	XCA 2	13903-111	642/21

## **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**I.** Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

**II.** Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

**III.** Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

**IV.** Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da





**Concello de Vigo**

xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuizamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**Único.-** Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

**Segundo.-** Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

**A Xunta de Goberno Local queda informada.**

**4(556).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO (AGASFRA) PROGRAMA “XORNADAS DE CONVIVENCIA ENTRE AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL DE AGASFRA E AS SÚAS FAMILIAS E TALLERES DE ESTIMULACIÓN E LECER PROMOVIDAS POLO CONCELLO DE VIGO” 2022-2025. EXPTE. 236212/301.**

Visto o informe xurídico do 22/06/2022 e o informe de fiscalización do 29/06/2022, dáse conta do informe proposta de data 22/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, polo xefe de área, pola concelleira delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.1. A “Asociación Galega San Francisco” (AGASFRA) é unha asociación privada sen ánimo de lucro constituída formalmente en 1969, inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co nº 8.696, declarada de utilidade pública en 1971 e inscrita tamén no Rexistro central de Asociacións da Comunidade Autónoma Galega co nº 67-1/1998, no Rexistro Municipal de Asociacións (nº 00474-96) e no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais de Galicia (RUEPSS nº E-0111).

A Asociación leva traballando desde hai moitos anos na protección das persoas con discapacidade intelectual e a axuda ás súas familias. Ten como fins específicos, entre outros, acadar a efectiva realización da promoción integral das persoas con discapacidade, fomentar e potenciar o movemento

S.ord. 07/07/2022

asociativo de pais e familiares afectados e promocionar, amparar ou tutelar os centros e servizos que realicen labores de prevención e atención precoz destas persoas.

Para o cumprimento deses fins e de acordo cos seus Estatutos, AGASFRA ven desenvolvendo diferentes servizos e actividades de apoio e estimulación, educativas, asistenciais, laborais, de lecer e tempo libre, etc.

I.2. Constitúe o obxecto do Convenio de colaboración que agora se pretende concluír a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da “Asociación Galega San Francisco” (AGASFRA) para o desenvolvemento do proxecto: “XORNADAS DE CONVIVENCIA ENTRE AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL E AS SÚAS FAMILIAS E OBRADOIROS DE ESTIMULACIÓN E LECER PROMOVIDOS POLO CONCELLO DE VIGO” - ANOS 2022-2025».

I.3. O Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias está a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) .

I.4. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residénciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

I.5. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e*



**Concello de Vigo**

*das facendas locais previsto nela» e que «non se entenderá como exercicio de novas competencias», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).*

I.6. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2022, 2023, 2024 e 2025), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio».*

I.7. Para estes efectos, no orzamento da Concellería de Política de Benestar Social do ano 2022 existe consignación de crédito na aplicación nº 2310.480.00.05 – *Asociación Galega San Francisco*, por un importe de 8.000€. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As subvencións previstas para os exercicios de 2023, 2024 e 2025 (8.000€/ano) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

I.8. A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa “Asociación Galega San Francisco” (AGASFRA) para os exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025.

## II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN entre o Concello de Vigo (Concellería de Política de Benestar Social) e a “Asociación Galega San Francisco” (AGASFRA), CIF nº G-36613891, para a execución do proxecto: «XORNADAS DE CONVIVENCIA ENTRE AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL E AS SÚAS FAMILIAS E OBRADOIROS DE ESTIMULACIÓN E LECER PROMOVIDOS POLO CONCELLO DE VIGO” - ANOS 2022-2025» .

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por un importe total de 32.000€, a razón de 8.000€/ano, con cargo, no exercicio de 2022, á aplicación nº 2310.480.00.05 – *Asociación Galega San Francisco* do orzamento vixente. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos

S.ord. 07/07/2022

Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

**ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(557).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL, SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2022. EXPTE. 230710/301.**

Informe do 29/06/2022, de corrección de erros:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16 de xuño de 2022, adoptou o seguinte acordo:

**"Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación polo procedemento **negociado sen publicidade** e tramitación **ordinaria** do contrato da prestación **do servizo da actuación artística, rider e cátering de STING** o día 6 de Agosto no Auditorio de Castrelos e dentro do programa "Vigo en Festas 2022".

**Segundo:** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 31 de maio de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 1 de xuño de 2022 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.27/06/2022





## Concello de Vigo

**Terceiro:** Autorizar o gasto polo importe base de licitación **515.387,00 euros**, sendo o valor estimado do contrato de **425.940,00 euros** con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico

**Cuarto:** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Revisada a documentación detéctase un erro material no punto terceiro do acordo, en concreto no importe do importe base de licitación polo que de conformidade co disposto bo artigo 109.2 da Lei 39/2019, do 2 de outubro, de procedemento administrativo común propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación o seguinte acordo

PRIMEIRO.- Rectificar o acordo da Xunta de Goberno local de data 16 de xuño de 2022 de xeito que onde dí

“ **Terceiro:** Autorizar o gasto polo importe base de licitación **515.387,00 euros**, sendo o valor estimado do contrato de **425.940,00 euros** con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico”

Debe dicir “

“**Terceiro:** Autorizar o gasto polo importe base de licitación **515.387,40 euros**, sendo o valor estimado do contrato de **425.940,00 euros** con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico”

Informe do 27/06/2022, de adxudicación da contratación:

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística, rider e catering para o concerto de STING (PCAP).

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 16 de xuño de 2022, adoptou o seguinte acordo:

***"Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo da actuación artística, rider e cátering de STING o día 6 de Agosto no Auditorio de Castrelos e dentro do programa "Vigo en Festas 2022".*

***Segundo:** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 31 de maio de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 1 de xuño de 2022 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.*

***Terceiro:** Autorizar o gasto polo importe base de licitación 515.387,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 425.940,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico*

***Cuarto:** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

**Segundo.-** O 17 de xuño de 2022 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a SWEET NOCTURNA SLNE, concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

**Terceiro.-** Con data 22 de xuño de 2022 do SWEET NOCTURNA SLNE, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Cuarto.-** O 23 de xuño de 2022, reúnense a responsable do contrato, a xefa do servizo de Festas, xunto coa xefa do Servizo de Contratación, na oficina de contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 13.7.A) do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a SWEET NOCTURNA SLNE.

A continuación, abriuse o "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA". Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP, ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación. Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na



**Concello de Vigo**

cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (fronte ao Estado, Comunidade Autónoma e Tesourería Municipal) e fronte á Tesourería da Seguridade Social e deixouse constancia no expediente.

**Quinto.-** Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias as que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á Xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Constando toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SWEET NOCTURNA SLNE, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 23 de xuño de 2022 de apertura dos sobres A e B.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

***"Adxudicar a SWEET NOCTURNA SLNE, o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística, rider e catering para o concerto de STING (9238-335) por un prezo total de 515.387,40 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 89.447,40 euros.***

***Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.***

#### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta de corrección de erros e máis a proposta de adxudicación do expediente, contidas ambas nos precedentes informes.

#### **13(565).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE LIBROS E PUBLICACIÓNS CON DESTINO A DISTINTOS SERVIZOS E ÁREAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6738/241.**

Visto o informe xurídico do 30/06/2022 e o informe de fiscalización do 04/07/2022, dáse conta do informe-proposta do 30/06/2022, asinado la letrada xefa de Asesoramento, polo xefe da Área Xudicial, polo tesoureiro, pola xefa do Servizo de Contratación, pola xefa do Servizo de Educación; pola concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, polo concelleiro de Educación, pola concelleira de Igualdade, pola concelleira de Empresa, Economía e Seguridade e máis polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1º.- Nas datas 11, 12 e 13 de maio de 2022 asínase o informe de necesidade pola xefa de Asesoramento e o xefe da Área Xudicial, o intendente da Policía Local, o tesoureiro municipal-director superior Contable e Orzamentario, a xefa do Servizo de Contratación, a xefa do Servizo de Educación, a xefa do Servizo de Igualdade e a xefa da Área de RRHH e Formación, da contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo, en cumprimento do establecido nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, resolvéndose nas datas 13, 16 e 18 de maio de 2022 pola concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, a concelleira delegada de Empresa, Economía e Seguridade, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, a concelleira delegada de Igualdade e Normalización Lingüística e o concelleiro delegado de Educación, o inicio do expediente de contratación, en uso das competencias que lle atribúe a vixente lexislación (apartado 4 da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público - LCSP- e acordo da Xunta de Goberno local de data 20 de xuño de 2019).

2º.- No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato coa resolución de inicio de datas 11, 12 e 13, 16 e 18 de maio de 2022
- Memoria económica asinada o 24, 25 e 26 de maio de 2022.



## Concello de Vigo

- Declaración dos redactores do prego de prescricións técnicas particulares de datas 18, 20 e 23 de maio de 2022 sobre cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso dos licitadores en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia.
- Prego de prescricións técnicas asinado nas datas 18, 20 e 23 de maio de 2022.
- Memoria xustificativa asinada o 2, 3 e 6 de xuño de 2022.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 21 de xuño de 2022.

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA)

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nos concelleiros de área por acordo da Xunta de Goberno local de data 20 de xuño de 2019.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto nos artigos 116 e 156 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na memoria xustifícase o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo 116.4.d e 101 LCSP ); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril); a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Constan no expediente os certificados de retención de crédito de data 1 de xuño de 2022. O informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Octavo.-** A competencia para a resolución deste expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP).

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

#### ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto, do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo.

**Segundo.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación de data 21 de xuño de 2022.



## Concello de Vigo

**Terceiro.-** Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado nas datas 18, 20 e 23 de maio de 2022.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe total de 19.610,00 euros, que inclúe un IVE (4%) de 754,23 euros, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e segundo o seguinte detalle:

	Ano 2022 (outubro a dec.) C/IVE	Ano 2022 sen IVE	Ano 2023 (xaneiro a dec.) C/IVE	Ano 2023 sen IVE	Aplicación orzamentaria
<b>Lote 1 Asesoría Xurídica</b>	300,00 €	288,46 €	2.200,00 €	2.115,38 €	9200.2200100 "Bases de datos, libros e outras publicacións"
<b>Lote 2 Contratación</b>	150,00 €	144,23 €	500,00 €	480,77 €	9206.220.0100 "Libros e outras subscricións"
<b>Lote 3 EMAO</b>	2.000,00 €	1.923,08 €	4.000,00 €	3.846,15 €	3261.2200100 "Publicacións e subscricións"
<b>Lote 4 Igualdade</b>	600,00 €	576,92 €	1.800,00 €	1.730,77 €	2311.2200100 "Adquisición de libros e revistas" e bolsa de vinculación
<b>Lote 5 Tesourería</b>	600,00 €	576,92 €	600,00 €	576,92 €	9340.2200100
<b>Lote 6 Contabilidade</b>	600,00 €	576,92 €	600,00 €	576,92 €	9311.2200100
<b>Lote 7 Policía Local</b>	520,00 €	500,00 €	1.040,00 €	1.000,00 €	1320.2200100 (libros, publicacións e material didáctico)
<b>Lote 8 RRHH e Formación</b>	1.100,00 €	1.057,69 €	3.000,00 €	2.884,62 €	9201.2200100 "Adquisición libros consulta" 9201.2200101 "Adquisición libros consulta, PRL"

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(566).- CONTA XUSTIFICATIVA EXERCICIO 2021 AULA UNED VIGO. EXPTE. 26012/332.**

Dáse conta do informe-proposta de data 28/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Educación, polo concelleiro delegado de área e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**Primeiro.-** En escrito de data 30 de marzo de 2022 (Rexistro Web: W676183-3238) o Consorcio Universitario do Centro Asociado da UNED en Pontevedra, remite a este Concello --en cumprimento da estipulación décimo terceira, décimo terceira bis (adenda expte. 15472/332) e décimo quinta do Convenio asinado o 8/11/2012 entre esa entidade e o Concello de Vigo (ref. Expte 11959/332, 15472/332 e 17054/332)-- a **conta xustificativa** das achegas realizadas polo Concello de Vigo no ano 2021 prevista nas estipulacións citadas.

En data 20 de maio de 2022 (Rexistro Web: W697716-7318) o referido Consorcio Universitario remite novamente a conta xustificativa correspondente aos gastos da Aula da UNED en Vigo do exercicio 2021 por canto a conta remitida con anterioridade contiña un erro no apartado 2.2 "Actividades regladas"- "Cursos de Grado Universitario" indicando un gasto total de 169.722,88 € en lugar de 166.091,31 €.

**Segundo.-** En relación con esta conta xustificativa, en data 26 de maio de 2022 (con corrección de erro de data 16 de xuño de 2022) emitíuse pola xefatura do Servizo de Educación o seguinte informe-proposta:

'Antecedentes:

- *Bases do Convenio entre a Xunta Reitora do Centro Asociado da UNED en Pontevedra e o Concello de Vigo para a creación dunha aula de ensino superior a distancia da UNED (expte.11959/332).*
- *Creación dunha aula universitaria da UNED en VIGO, en relación coa resolución da XUNTA REITORA DO PATRONATO DO CENTRO ASOCIADO DA UNED EN PONTEVEDRA (expte. 11959/332).*
- *Proxecto de Convenio entre o Concello de Vigo e a Xunta Reitora do Centro Asociado da UNED en Pontevedra para a creación en Vigo dunha aula de ensino superior a distancia (expte.11959/332).*
- *Modificación do acordo da XGL do 7.09.12 aprobación do texto modificado do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Xunta Reitora do Centro Asociado da UNED, aprobación do gasto Expte. 11959/332.*
- *Asínase o convenio entre o Padroado do Centro Asociado da UNED en Pontevedra e o Excmo.Concello de Vigo para creación da aula e posta en funcionamento (Expte. 11959/332)*
- *Apertura do Centro ao alumnado*
- *Aprobación pola Xunta de Goberno Local adenda ao Convenio entre o Patronato de UNED e o Concello de Vigo: creación de graos universitarios (expte. 15472/332)*





## Concello de Vigo

- *Asínase a adenda ao convenio entre o Padroado do Centro Asociado da UNED en Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo para a implementación e financiamento de grados universitarios na Aula UNED Vigo*
- *Expte. 17054/332 Nova ampliación grados universitarios na Aula UNED de Vigo e aprobación do gasto correspondente. Acordo XGL de 04/11/2016*
- *Expediente 25549-332 Pagamento convenio Concello/UNED exercizo 2021*

*Nas estipulacións 11ª e 13ª, 13ª bis e 15ª do Convenio indícase:*

*11ª) A achega económica do Concello ao presuposto do Centro Asociado farase efectiva por semestres anticipados. O incumprimento desta cláusula será motivo de resolución do presente Convenio sen necesidade de previa denuncia.*

*13ª) "Corresponderá ao Centro Asociado á UNED en Pontevedra a selección, e pagamento do profesorado-titor e do/a coordinadora/a, se é o caso. Para esta finalidade, o Concello transferirá ao Centro Asociado á UNED en Pontevedra anualmente a cantidade de 39.858,80 euros correspondente á totalidade dos gastos correspondentes a este capítulo. Esta cantidade será actualizada anualmente conforme aos incrementos de IPC que se produzan. As eventuais modificacións no número de profesores-titores iniciais, serán propostas polo Centro Asociado á UNED en Pontevedra ao Concello de Vigo. De ser aprobada polo órgano competente do Concello de Vigo esta modificación, farase a modificación equivalente na contía da transferencia. O Concello transferirá ao Centro Asociado á UNED en Pontevedra, así mesmo, a cantidade necesaria para os gastos de material funxible de oficina, así como para outros gastos varios para o seu normal funcionamento, por un importe anual de 13.500,00 euros, así mesmo modificable anualmente en función do incremento do IPC, ou por acordo expreso entre as partes."*

*13ªbis) "Para a implantación progresiva dos graos citados, o Concello transferirá ao Centro Asociado da UNED en Pontevedra anualmente --a maiores da cantidade indicada na cláusula 13ª para a implantación do curso de Acceso a Maiores previsto na estipulación 3ª do Convenio-- as cantidades (nas anualidades) estimadas no seguinte cadro:*

<b>Grao/Ano</b>	<b>2014</b>	<b>2015</b>	<b>2016</b>	<b>2017</b>	<b>2018</b>
<b>Custo Titoría</b>					
<i>Dereito</i>	1.395,25	6.046,05	10.696,85	15.347,65	18.603,20
<i>Educación Social</i>	1.395,25	6.046,05	10.696,85	15.347,65	18.603,20
<i>Enxeñería informática</i>	1.395,25	6.046,05	10.696,85	15.347,65	18.603,20
<i>Enxeñería en tecnoloxías da Información</i>	1.395,25	6.046,05	10.696,85	15.347,65	18.603,20
<i>Turismo</i>	1.395,25	6.046,05	10.696,85	15.347,65	18.603,20
<i>Total custo titorías</i>	6.976,25	30.230,25	53.484,25	76.738,25	93.016,00
<b>Bibliografía</b>	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00
<b>TOTAL todos os Graos</b>	<b>11.976,25</b>	<b>35.230,25</b>	<b>58.484,25</b>	<b>81.738,25</b>	<b>98.016,00</b>

*15ª) "Xustificación da achega municipal: Conta xustificativa final. Dentro do primeiro trimestre de cada ano, deberá presentarse por parte do Centro Asociado á UNED en*

*Pontevedra UNED a conta xustificativa final na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outros recursos que, se é o caso, financiaran tamén a Aula da UNED en Vigo.*

*A documentación da conta xustificativa final deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos incorridos coas remisións pertinentes aos xustificantes de pagamento.*

#### *Documentación xustificativa*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Serán gastos elixibles os que de xeito indubidable respondan á natureza das actividades financiadas e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de cada ano de vixencia do Convenio.*

*Cando o gasto singularizado exceda dos 18.000 euros no caso de subministros ou servizos, a UNED deberá solicitar tres ofertas, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións, cuestión esta que deberá ser motivada.”*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 04/11/2016 aprobou o cadro financeiro resultante da suma dos distintos compromisos derivados dos acordos tomados dende a sinatura do convenio coa progresiva implantación de novos grados:*

*“Terceiro.- Aprobar o seguinte cadro financeiro de transferencias á UNED no período 2016-2020, correspondente aos custos estimados da Aula UNED Vigo nos conceptos de coordinación, titorías e materiais dos cursos de acceso, dos grados aprobados no curso 2014-2015 e dos grados aprobados para o seu inicio no curso 2016-2017:*

<b>GRADO</b>	<b>ANO</b>	<b>2016</b>	<b>2017</b>	<b>2018</b>	<b>2019</b>	<b>2020</b>
<i>Ciencias ambientais</i>		1.674,27	7.813,26	13.394,16	16.742,70	10.045,62
<i>Estudios ingleses</i>		1.674,27	7.069,14	10.789,74	13.022,10	7.813,26
<i>Psicoloxía</i>		1.674,27	7.813,26	13.394,16	18.975,06	13.394,16
<i>Admon. E Dirección Empresas</i>		1.674,27	7.069,14	10.789,74	13.022,10	7.813,26
<i>Pedagogía</i>		0,00	1.488,24	5.208,84	7.441,20	4.464,72
<i>Xeografía e Historia</i>		558,09	3.348,54	7.069,14	10.045,62	6.697,08
<i>Historai da Arte</i>		1.116,18	5.208,84	8.929,44	11.161,80	6.697,08
<i>Ciencia política e da Administración</i>		1.674,27	7.069,14	10.789,74	13.022,10	7.813,26
<i>Bibliografía</i>		8.000,00	8.000,00	8.000,00	8.000,00	8.000,00



## Concello de Vigo

<b>TOTAL NOVOS GRADOS 2016-2020</b>	<b>18.045,62</b>	<b>54.879,56</b>	<b>88.364,96</b>	<b>111.432,68</b>	<b>72.738,44</b>
<b>TITORÍAS E COORD. CURSO ACCESO</b>	37.858,00				
<b>MATERIAL E BIBLIO CURSO ACCESO</b>	10.500,00				
<b>BIBLIOGRAFÍA GRADOS ADENDA</b>	5.000,00				
<b>TITORÍAS GRADOS ADENDA</b>	53.484,25				
<b>TOTAL FINAL A CONSIGNAR</b>	<b>124.887,87</b>	<b>54.879,56</b>	<b>88.364,96</b>	<b>111.432,68</b>	<b>72.738,44</b>

**A cantidade pagada á UNED (un só pagamento) no ano 2021 foi a seguinte (expte 25549-332):**

- Cadro inical antes do desconto

<b>CONCEPTO</b>	<b>EUROS</b>
Achega á UNED CONVENIO (expte 11959/332)- titores acceso (*)	37.858,80
Achega á UNED CONVENIO (expte 11959/332)- materiais (*)	10.500,00
Achega á UNED adenda 1 CONVENIO (expte 15472/332)- TITORES GRADOS +biblio (**)	98.016,00
Achega á UNED ampliación de grados (expte 17054/332) -Titores + biblio	72.738,44
<b>TOTAL 2021</b>	<b>219.113,24</b>

(\*)Acordo Xunta de Goberno Local de 4 de novembro de 2016.

- Na conta xustificativa correspondente aos gastos do ano 2020 (Expte. Núm. 25437/332, Acordo da Xunta de Goberno Local de data 25/11/2021), resultou o seguinte cadro-resume do balance entre o aportado polo Concello de Vigo para ese ano e o efectivamente xustificado pola UNED:

<b>Total pagado 2020€</b>	<b>Total xustificado €</b>	<b>Diferencia a compensar ou reintegrar pola UNED €</b>
213.559,80	175.280,76	38.279,04

- *Xa que logo, vistos os acordos citados e os cadros financeiros que anteceden, correspondeu o seguinte pagamento á UNED para o ano 2021:*

<b>Total a pagar segundo cadros financeiros</b>	<b>219.113,24 €</b>
<b>Cantidade a compensar pola UNED en 2020</b>	<b>-38.279,04€</b>
<b>TOTAL A INGRESAR Á UNED 2021</b>	<b>180.834,20 €</b>

### **XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO 2021:**

Na conta xustificativa presentada polo Centro Asociado de Pontevedra da UNED, constan os seguintes gastos efectivos durante o ano 2021:

	<b>Concepto</b>	<b>€</b>	<b>Concepto en relación co Convenio</b>
1	Becas colaboración (tutores acceso) e coordinación aula	37.044,81	Profesorado-titor, coordinadora
2	Becas colaboración (tutores grados)	129.046,50	Profesorado-titor
3	Material bibliográfico e outros	6.692,57	Outros gastos material
4	TOTAL XERAL xustificado	<b>172.783,88</b>	

En relación coa documentación presentada pola UNED na Conta Xustificativa e cos antecedentes citados:

a) Os gastos realizados **correspóndense coa documentación xustificativa** presentada, que consta de:

- *Relacións mensuais dos profesores-tutores que impartiron as clases correspondentes ao curso de acceso e grados e da coordinadora da Aula, e documentación de transferencias de Banca electrónica ás contas dos beneficiarios.*
- *Facturas de provedores de material bibliográfico se ben **non constan** os correspondentes xustificantes bancarios de pagamento (enténdese que o gasto realizase na propia librería da entidade UNED, razón pola que entendemos que non existe transferencia).*
- *Facturas proveedor de material funxible (papel, cizalla, mascarillas)*

b) Da revisión realizada sobre a conta xustificativa resultaría as seguinte cantidade a compensar ou reintegrar ao CONCELLO DE VIGO:

Total pagado €	Total xustificado €	Diferencia a compensar ou reintegrar pola UNED €
180.834,20	172.783,88	8.050,32

En consecuencia, faise a seguinte **PROPOSTA**:

**1. Considerar como gastos xustificadas pola UNED correspondentes ao ano 2021, un total de 172.783,88 €**

	<b>Concepto</b>	<b>€</b>	<b>Concepto en relación co Convenio</b>
1	Becas colaboración (tutores acceso) e coordinación aula	37.044,81	Profesorado-titor, coordinadora
2	Becas colaboración (tutores grados)	129.046,50	Profesorado-titor
3	Material bibliográfico e outros	6.692,57	Outros gastos material
4	TOTAL XERAL xustificado	<b>172.783,88</b>	



## Concello de Vigo

2. Deberase reintegrar ao Concello de Vigo ou compensar por parte da UNED a cantidade de **8.050,32 €**, conforme ao seguinte cadro:

Total pagado €	Total xustificado €	Diferencia a reintegrar ou compensar pola UNED €
180.834,20	172.783,88	8.050,32

3. Notificar á UNED os extremos contidos no presente informe-proposta para a presentación das alegacións que considere oportunas, sinalándolle que, de sé-lo caso e resultarlle un saldo negativo, as opcións que lle poden corresponder son: a aportación de novos xustificantes que sexan adecuados ao obxecto do Convenio e ao período subvencionable, a posibilidade de reintegro polo exceso non xustificado ou o desconto, se é o caso, nas aportacións municipais ao convenio que esté vixente.'

**Terceiro.-** A Intervención Municipal, en data 14 de xuño de 2022, informa que: "Examinada a composición da conta xustificativa achegada pola UNED esta Intervención estima que se axusta aos termos sinalados na cláusula 15 do Convenio e por tanto se xustifican adecuadamente as actividades realizadas e os gastos incorridos no exercicio 2021", polo que o expediente se fiscaliza de conformidade.

**Cuarto.-** Conforme o recollido no apartado 3º do Informe-proposta que antecede, en data 23 de xuño de 2022, notifícase á UNED o contido deste informe.

En data 24 de xuño de 2022, o Consorcio Universitario do centro asociado da UNED de Pontevedra presenta escrito no Rexistro Electrónico Municipal (documento 220158191), no que indica que "Una vez examinado dicho informe-propuesta, quisiéramos compensar la diferencia existente a favor del Concello de Vigo por importe de 8.050,32 € descontando la citada cantidad de la aportación a percibir durante el ejercicio 2022".

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro delegado da Área de Educación e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, e de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO:

"1. Considerar como gastos xustificadas pola UNED correspondentes ao ano 2021, un total de 172.783,88 euros.

	Concepto	€	Concepto en relación co Convenio
1	Becas colaboración (titores acceso) e coordinación aula	37.044,81	Profesorado-titor, coordinadora
2	Becas colaboración (titores grados)	129.046,50	Profesorado-titor
3	Material bibliográfico e outros	6.692,57	Outros gastos material

4	TOTAL XERAL xustificado	172.783,8 8	
---	-------------------------	----------------	--

2. Deberase reintegrar ao Concello de Vigo ou compensar por parte da UNED a cantidade de **8.050,32 euros**, conforme ao seguinte cadro:

Total pagado €	Total xustificado €	Diferenza a reintegrar ou compensar pola UNED €
180.834,20	172.783,88	8.050,32

3. Notificar á UNED o presente acordo."

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(567).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UXT-UNIÓN COMARCAL DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DA XORNADA INFORMATIVA “PROMOCIÓN DA INSERCIÓN SOCIOLABORAL EN COLECTIVOS VULNERABLES NO CONCELLO DE VIGO”, DO PROXECTO “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL”. EXPTE. 19083/77.**

Visto o informe de fiscalización do 21/06/2022, dáse conta do informe-proposta do 06/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, polo concelleiro de área e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 15/03/2022, Don José Luis Fernández Celis (DNI: 34939808W), Secretario de organización e administración da “UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES DE GALICIA UGT-GALICIA” (CIF: G15383011), achegou escritos (docs. 220044476, 220054596, 220054609, 220059880, 220108383, 220109114, 220110144 e 220118646) solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para organizar e executar a xornada informativa “Promoción da inserción sociolaboral en colectivos vulnerables no Concello de Vigo” do proxecto “Vigo pola inserción laboral” previsto no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), mediante unha axuda económica que se concreta no financiamento dos gastos de deseño, cartelería, publicidade e difusión, coffee break, ponencias de expertos na materia, dietas dos poñentes e material conmemorativo, derivados da planificación desta xornada que se levará a cabo nas instalacións da “UXT Unión comarca de Vigo”, na rúa García Barbón, nº 67, a durante a mañá do día 20 de maio de 2022, en horario de 09:00 a 14:00 horas.

II. Segundo a documentación presentada, será o secretario de organización e administración Don José Luis Fernández Celis, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio, segundo o poder outorgado pola notaría de Santiago de Compostela, Dña. Inmaculada Espiñeira Soto, baixo o número 2.133 do seu protocolo e incorporado ó expediente 19083/77.



## Concello de Vigo

III. A "UXT Unión comarca de Vigo", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

- Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 10/03/2022.
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 11/03/2022.
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 10/03/2022.
- Certificado do Concello de Vigo, de data 10/03/2022.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do secretario de organización e administración da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO DE GASTOS (20/05/2022)</b>	
Material conmemorativo xornada	950,00 €
Dietas poñentes	850,00 €
Honorarios poñentes	800,00 €
Deseño de imaxe, cartelería e imprenta	1.200,00 €
Difusión da xornada	700,00 €
Coffee Break	325,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>4.825,00 €</b>

<b>ORZAMENTO DE INGRESOS (20/05/2022)</b>	
Subvención Concello de Vigo	4.585,45 €
Recursos propios	239,55 €
<b>TOTAL</b>	<b>4.825,00 €</b>

8. Memoria explicativa ou programa do proxecto subvencionado.

IV. En data 09/03/2022 o concelleiro delegado de Cultura e Emprego asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

V. A “UXT UNION COMARCA DE VIGO” (G15383011) consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 00488-96.

VI. A petición do servizo de Desenvolvemento Local e emprego, expídese certificación de data 10/03/2022 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### ***I. OBXECTO***

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención directa á UXT UNION COMARCA DE VIGO (G15383011), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de organizar e executar a xornada informativa “Promoción da inserción sociolaboral en colectivos vulnerables no Concello de Vigo” dentro do marco do proxecto “Vigo pola inserción laboral”.

UXT Unión comarca de Vigo é unha confederación sindical constituída en 1.888, un dos sindicatos maioritarios, dentro dos máis representativos, e por iso é un interlocutor social, negociando máis de 800 convenios, beneficiándose máis de 400.000 traballadores, estean ou non afiliados ao sindicato.

A Unión Xeral de Traballadores é unha organización progresista, comprometida, reivindicativa, democrática e independente con presenza en todos os sectores de actividade e en todo o territorio español.

Entre os seus fins e actividades da entidade, atópanse os seguintes:

- Reunir no seu seo as diversas organizacións sindicais que persigan a promoción e defensa dos intereses de clase, por medio da asociación e que se inspiren na loita de clase, agrupando a todos os traballadores que respecten os principios democráticos sen distinción de sexo, raza, nacionalidade, opinións políticas, filosóficas ou relixiosas.
- Crear novos sindicatos de industria de profesións liberais ou auxiliares para que se agrupen en Unións Territoriais e Federacións de industria.
- Practicar debidamente o principio de acción común entre as organizacións que a integran conforme as normas establecidas e a solidariedade moral e material entre os seus afiliados. Manter relacións coas organizacións obreiras dos demais países que persigan o mesmo fin desta Unión e practicar con elas do mesmo xeito, sempre sexa posible, o principio de solidariedade. Intervir constantemente en todos os problemas que afecten á clase traballadora, defendendo sempre as liberdades individuais e colectivas, e actuando sobre o poder público para que sexan respectadas.
- Desenvolver un incesante labor para organizar á clase obreira traballadora, para os efectos da reivindicación cotiá polo acrecentamento do benestar social, económico, moral e intelectual da devandita clase.





## Concello de Vigo

- Esixir dos poderes públicos, leis que favorezan os intereses do traballo e faciliten á clase traballadora o acceso á dirección da produción. Unificar a Acción do Proletariado co propósito de crear as forzas de emancipación integral de clase obreira.
- En resumo, defender os intereses dos traballadores.

A integración sociolaboral dos sectores vulnerables no municipio de Vigo é unha tarefa que esperta o interese dos responsables políticos, organizacións sociais e empresas, de feito as iniciativas e propostas para impulsar ou facilitar a empregabilidade non pararon de crecer.

O Concello de Vigo puxo en marcha numerosos programas e servizos de fomento do emprego, as Ong non pararon de investir esforzos neste ámbito e as empresas privadas, ben por obrigação legal ou por propia vontade, desenvolveron multitude de programas que desembocaron na inserción das persoas vulnerables en empresas ordinarias ou en centros especiais de emprego.

Pero dadas as taxas de desemprego no municipio de Vigo, e especialmente nestes colectivos, existe a necesidade do desenvolvemento de estratexias integrais que involucren a todos os actores para atacar o problema. Potenciar a engrenaxe no triángulo formado polo terceiro sector, a administración e as empresas privadas para lograr a integración das persoas en situación desfavorecida, conseguirá unha transformación social que se baseará na creación de emprego de calidade.

O proxecto “Vigo pola inserción laboral” mediante a celebración desta xornada de “Promoción da inserción sociolaboral en colectivos vulnerables no Concello de Vigo” pretende contribuír a concienciar sobre a ética e a responsabilidade social, desde a perspectiva da integración dos colectivos vulnerables, fomentar a colaboración entre a administración pública, terceiro sector e a empresa privada para a integración de colectivos vulnerables e promover a rede de inclusión social.

Á súa vez, os axentes sociais máis representativos, UXT, CC.OO., CIG, AJE Vigo, Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA e CEP, participaron activamente na planificación do presente proxecto, comprometéndose ao seguinte:

- a) Aconsellar e acreditar o proceso de selección dos beneficiarios.
- b) Apoiar o proceso de execución das prácticas profesionais non laborais, seleccionado e sumando organizacións empresariais onde os beneficiarios poidan executar dita formación.
- c) Servir de asesores naquelas accións nas que polas súas propias circunstancias e competencias así o aconsellen.

Actuando con este proceder búscase dotar de protagonismo aos axentes sociais e dar cumprimento aos compromisos adquiridos e cabida aos mesmos na organización deseño e implantación do presente proxecto.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar nesta colaboración cos axentes sociais participantes no proxecto, establece esta canle de cooperación necesaria con “UXT Unión comarca de Vigo” para subvencionar os gastos de deseño, cartelería, publicidade e difusión, coffee break, ponencias de expertos na materia, dietas dos poñentes e material conmemorativo, derivados da planificación da xornada informativa “Promoción da inserción sociolaboral en colectivos vulnerables no Concello de Vigo”, que se levará a cabo nas instalacións de UXT comarca de Vigo, durante a mañá do día 20 de maio de 2022, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4800013 “Convenios Xornadas Informativas\_Vigo pola inserción laboral.- 2022” prevista nos vixentes orzamentos municipais.

En definitiva, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación dos axentes sociais no proxecto, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

## **II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES**

Queda facultado para asinar o citado convenio, o concelleiro delegado de Cultura e Emprego, Abel Losada Álvarez, ao amparo da Resolución da Alcaldía – Presidencia, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área , de data 17 de agosto de 2020.

Doutra parte, asinará o convenio Don José Luis Fernández Celis (DNI: 34939808W), Secretario de organización e administración da “UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES DE GALICIA UGT-GALICIA” (CIF: G15383011), en nome e representación da mesma.

## **III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas reducir a porcentaxe de persoas desempregadas, mediante un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social, entre as que figura, para acadar este obxectivo, a colaboración con asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial de tal xeito que se mellore a contratación de persoas en situación de desemprego, cara a procura de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b), tal e como ven desenvolvendo a concellería de Cultura e Emprego nos últimos anos, toda vez que a actividade de fomento de emprego é unha actividade considerada coma prioritaria dentro desta Administración municipal (acordo da XGL do 09/03/2012).

Así mesmo e, en virtude do disposto na Disposición adicional primeira de dita lei, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, corresponde a materias de competencia propias do Concello a promoción e reinserción sociais e a participación na formación de activos e desempregados segundo o previsto nas letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran as razóns de necesidade e oportunidade, o seu impacto económico e o carácter non contractual da actividade en cuestión.



## Concello de Vigo

Os pactos que o convenio incorpora estimáanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

### **IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA**

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.5.2 das Bases de Execución do vixente Orzamento xeral do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (20 de maio de 2022), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen durante o ano 2022, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

### **V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O importe do convenio, de 4.585,41€ imputaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4800013 "Convenios Xornadas Informativas\_Vigo pola inserción laboral.- 2022", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á "UXT UNION COMARCA DE VIGO" son gastos de información e publicidade.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

## **VI. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38.5.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **04 de Xullo de 2022**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por Internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

## **VII. PUBLICIDADE**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

## **VIII. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.



## Concello de Vigo

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e Resolución da Alcaldía – Presidencia do 17 de agosto de 2020, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitírase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións de competencias nos/as concelleiros/as delegados/as de Área, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de **4.585,41€** (catro mil cincocentos oitenta e cinco con corenta e un euros), con cargo á **aplicación orzamentaria nº 2410 4800013** denominada “Convenios Xornadas Informativas\_Vigo pola inserción laboral.- 2022”, **incluída no vixente orzamento municipal de 2022.**

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “UXT UNION COMARCA DE VIGO” (G15383011), cuxo obxecto é organizar e executar o a xornada “Promoción da inserción sociolaboral en colectivos vulnerables no Concello de Vigo” do proxecto “Vigo pola inserción laboral”, e coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 4.585,41€ (catro mil cincocentos oitenta e cinco con corenta e un euros).

**TERCEIRO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.**

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(568).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DA CASA DAS MULLERES. EXPTE.8398/224.**

Visto o informe xurídico do 30/06/2022 e o informe de fiscalización do 04/07/2022, dáse conta do informe-proposta de data 20/06/2022, asinado pola xefa do Servizo

de Igualdade, pola concelleira de área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 25 de outubro de 2018, acordou adxudicar á entidade “Xérmolo Dinamización Sociocultural, S.L” con CIF-B27762681 o procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres de Vigo por un prezo total do contrato de 32.548,76 €, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.648,96 €.

En data 08.11.2018 o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria asinan o contrato. A cláusula 4ª do mesmo establece que o contrato entrará en vigor o día 9 de novembro de 2018 e terá unha duración de un ano. Están previstas 4 prórrogas do contrato de un ano de duración cada unha.

Atendendo á cláusula 7ª do Prego de cláusulas administrativas particulares deste contrato, *“.../ o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e ese se lle notifique cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato...”*

Co obxecto de propoñer a aprobación da cuarta prórroga do contrato este órgano xestor informa que a xestión por parte da entidade concesionaria está a ser satisfactoria, os traballos están a executarse eficazmente, e as obrigas establecidas no contrato están a cumprirse. Non se produciron incidencias por parte da empresa que afecten ao normal funcionamento do servizo, polo que se valora procedente continuar coa mesma adxudicataria e proceder á tramitación dunha cuarta prórroga do contrato.

A teor do exposto, cómpre pois, propoñer a aprobación dunha prórroga do actual contrato que comprenderá o seguinte período: 9 de novembro de 2022 ao 8 de novembro de 2023 (ambos incluídos).

Para facer fronte aos pagos dos gastos do servizo durante o período da prórroga é necesario comprometer o importe total de 32.548,76 €. O devandito gasto farase efectivo con cargo á partida *“Dinamización Casa das Mulleres”* 2311 227 9910 e bolsa de vinculación xurídica *“Plan municipal de Igualdade”* 2311 227 9906 do orzamento vixente e do futuro exercicio 2023 da Concellería de Igualdade, desglosado do seguinte xeito:



## Concello de Vigo

- período comprendido entre o 9 de novembro de 2022 ao 31 de decembro de 2022: 2.169,86 € (22 días de novembro x 98,63 € prezo/día) + 2.958,98 € (mensualidade decembro) = **5.128,84 €** con cargo á partida “*Dinamización Casa das Mulleres*” 2311 227 9910 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 ao 8 de novembro de 2023 (agás o mes de agosto): 9 mensualidades+8 días de novembro = **27.419,92 €** con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2023 na partida “*Dinamización Casa das Mulleres*” 2311 227 9910 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento da Concellería de Igualdade para o futuro exercicio 2023.

Este órgano xestor informa de que o consumo de crédito na bolsa de vinculación 22 non altera o funcionamento do servizo de Igualdade durante o vixente exercicio nin o do futuro exercicio 2023; ademais, infórmase de que a teor deste consumo de crédito na bolsa de vinculación, minorarase proporcionalmente a partida de gasto da citada bolsa: “*Plan Municipal de Igualdade*” 2311 2279906.

Polo devandito, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo o preceptivo informe de Asesoría Xurídica e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**“1º.- Aprobar unha prórroga de un ano de duración do contrato de Xestión e dinamización da Casa das Mulleres de Vigo, que abrangue desde o 9 de novembro de 2022 ao 8 de novembro de 2023, ambos incluídos, coa entidade “Xérmolo Dinamización Sociocultural, S.L” con CIF- B27762681, actual adxudicataria do contrato por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de outubro de 2018.**

**2º.- Aprobar o gasto de 32.548,76 euros para facer fronte ao pago do contrato durante a vixencia da prórroga, desglosado do seguinte xeito: 5.128,84 € con cargo á partida “*Dinamización Casa das Mulleres*” 2311 227 9910 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e 27.419,92 € con cargo á dispoñibilidade de**

**crédito orzamentario para o futuro exercicio 2023 na partida “Dinamización Casa das Mulleres” 2311 227 9910 e bolsa de vinculación xurídica do futuro exercicio 2023 da Concellería de Igualdade.**

**3º.- Notificar o presente acordo á adxudicataria, comunicar este acordo ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público de acordo co establecido nos artigos 335.2 e 346.3, respectivamente, da Lei de Contratos do Sector Público e publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo”.**

**ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(569).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DAS ORDES DE PAGO A XUSTIFICAR. ANO 2022. EXPTE. 102895/140.**

Dáse conta do informe-proposta do 28/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización, polo interventor xeral e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda:

PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DAS ORDES DE PAGO A XUSTIFICAR ANO 2022 (2º).

Lexislación aplicable:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2022.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificad o</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificaci ón</i>	<i>Data legal de xustificaci ón</i>	<i>Reintegr o</i>	<i>S/ a favor</i>
Abalde Comesaña Raquel	202200004020	9120.2260100	1.500,00	1.508,71	11/01/22	03/05/22	11/04/22	----	8,71
Abalde Comesaña Raquel	202200004022	9120.2269900	700,00	587,32	11/01/22	25/05/22	11/04/22	112,68	---
Abalde Comesaña Raquel	202200026633	9120.2260100	1.500,00	1.698,15	18/03/22	15/06/22	18/06/22	----	198,15





## Concello de Vigo

Abalde Comesaña Raquel	202200036210	9120.2269900	700,00	715,44	08/04/22	15/06/22	08/07/22	----	15,44
Beatriz Domínguez Pereira	202200026646	9201.2260300	3.000,00	2.915,21	18/03/22	16/06/22	18/06/22	84,79	---
Couce Senra Óscar	202200008520	1532.2260400	1.000,00	----	27/01/22	28/04/22	27/04/22	1.000,00	---
Couce Senra Óscar	202200009050	1532.2312000	300,00	7,20	01/02/22	29/04/22	01/05/22	292,80	---
Couce Senra Óscar	202200011097	1532.2200100	500,00	140,80	14/02/22	11/05/22	14/05/22	359,20	---
Dapena Gómez María	202200029640	9201.1620001	850,00	850,00	04/04/22	23/06/22	04/07/22	----	---
García Álvarez Luis	202200019641	3371.2230000	101,29	----	08/03/22	09/06/22	08/06/22	101,29	---
García Álvarez Luis	202200029223	2311.4800000	4.500,00	3.390,00	01/04/22	23/06/22	01/07/22	1.110,00	---
García Álvarez Luis	202200044512	3371.2250000	263,45	263,45	11/05/22	23/05/22	11/08/22	----	---
Magdalena Vila M. <sup>a</sup> Jesús	202200036820	9200.2260300	850,00	----	12/04/22	02/05/22	12/07/22	850,00	---
Martínez Muñoz Francisco	202200042358	1320.2250200	2.000,00	1.546,88	03/05/22	03/06/22	03/08/22	453,12	---
Vivero Mijares Antonio	202200014394	4310.2269901	7.770,00	6.930,00	24/02/22	12/05/22	24/05/22	840,00	---
<b>TOTAL</b>			25.534,74	20.553,16				5.203,88	222,30

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido a excepción da orde de pago a xustificar n.º 202200004020 e 202200004022 de Abalde Comesaña Raquel, 202200008520 de Couce Senra Óscar e 202200019641 de García Álvarez Luis.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	

S.ord. 07/07/2022

Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobranter.	✓	
--	---	--

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	As ordes de pago a xustificar n.º 202200004020 e 202200004022 de Abalde Comesaña Raquel, 202200008520 de Couce Senra Óscar e 202200019641 de García Álvarez Luis non se renderon no prazo legal de xustificación.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

**PROPOSTA**

En base á Resolución de data 18 de xuño de 2019, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, propónse a aprobación das seguintes:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/a favor
Abalde Comesaña Raquel	202200004020	9120.2260100	1.500,00	1.508,71	11/01/22	03/05/22	11/04/22	----	8,71
Abalde Comesaña Raquel	202200004022	9120.2269900	700,00	587,32	11/01/22	25/05/22	11/04/22	112,68	---
Abalde Comesaña Raquel	202200026633	9120.2260100	1.500,00	1.698,15	18/03/22	15/06/22	18/06/22	----	198,15
Abalde Comesaña Raquel	202200036210	9120.2269900	700,00	715,44	08/04/22	15/06/22	08/07/22	----	15,44
Beatriz Domínguez Pereira	202200026646	9201.2260300	3.000,00	2.915,21	18/03/22	16/06/22	18/06/22	84,79	---
Couce Senra Óscar	202200008520	1532.2260400	1.000,00	----	27/01/22	28/04/22	27/04/22	1.000,00	---
Couce Senra Óscar	202200009050	1532.2312000	300,00	7,20	01/02/22	29/04/22	01/05/22	292,80	---
Couce Senra Óscar	202200011097	1532.2200100	500,00	140,80	14/02/22	11/05/22	14/05/22	359,20	---
Dapena Gómez María	202200029640	9201.1620001	850,00	850,00	04/04/22	23/06/22	04/07/22	----	---



## Concello de Vigo

García Álvarez Luis	202200019641	3371.2230000	101,29	----	08/03/22	09/06/22	08/06/22	101,29	---
García Álvarez Luis	202200029223	2311.4800000	4.500,00	3.390,00	01/04/22	23/06/22	01/07/22	1.110,00	---
García Álvarez Luis	202200044512	3371.2250000	263,45	263,45	11/05/22	23/05/22	11/08/22	----	---
Magdalena Vila M. <sup>a</sup> Jesús	202200036820	9200.2260300	850,00	----	12/04/22	02/05/22	12/07/22	850,00	---
Martínez Muñoz Francisco	202200042358	1320.2250200	2.000,00	1.546,88	03/05/22	03/06/22	03/08/22	453,12	---
Vivero Mijares Antonio	202200014394	4310.2269901	7.770,00	6.930,00	24/02/22	12/05/22	24/05/22	840,00	---
<b>TOTAL</b>			25.534,74	20.553,16				5.203,88	222,30

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(570).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE SEGURIDADE E VIXILANCIA PREVENTIVA NOCTURNA E DE RECOLLIDA E CUSTODIA DA RECADACIÓN DA TAQUILLA NAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO. EXPTE. 11569/612.**

Visto o informe xurídico do 30/06/2022 e o informe de fiscalización do 04/07/2022, dáse conta do informe-proposta do 14/06/2022, asinado polo xefe de Réxime Interior Zoo, pola concelleira delegada de Medio Ambiente e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **1.- Antecedentes**

A Xunta de Goberno Local , con data 28 de outubro de 2016 , acordou aprobar o expediente para a contratación do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de VigoZoo.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 15 de xuño de 2017 , adoptou, entre outros asuntos, o seguinte acordo "Adxudicar á UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. e LOOMIS, S.A., o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna e transporte de fondos nas instalacións de Vigozoo (7.173-612) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 357.797,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 62.097,00 euros.

b) Propoñen unha bolsa de horas de prestación do servizo sen custo para o Concello de 40 horas.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Con data de 10 de xullo de 2017 a empresa adxudicataria do Contrato asina o contrato para a prestación do servizo. En dito contrato recóllese na cláusula 4 o prazo do contrato, sendo este de catro anos, e o inicio dende o 15 de xullo de 2017. Contemplándose dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

## **2.- Fundamentos de dereito:**

A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establece na súa Disposición transitoria primeira punto 2 que os contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei, rexiránse, en canto os seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.

Polo tanto, o artigo 23 do RDL 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha o varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato prevexa expresamente o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

O artigo 303 da citada norma, indica, á súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.

O Prego de Cláusulas Administrativas na cláusula **7. Prazo de execución, punto 3)**, recóllese que “ *o presente contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.c da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo. O contratista poderá opoñerse á prórroga comunicándoo por escrito con 9 meses de antelación á data de vencemento do prazo ou da prórroga en curso. O apartado 4. C da FEC contempla dúas prórrogas, dun ano de duración cada unha.*

A empresa que presta o servizo, “ *UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA SA e LOOMIS SA* ”con CIF: U87821377, non presentou documento de oposición a prórroga segundo os prazos recollidos no prego de cláusulas administrativas.

## **3.- Desenvolvemento do contrato actual.**

A empresa que desenvolve o servizo “ *UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA SA e LOOMIS SA* ”con CIF: U87821377, no transcurso do período contractual ven desenvolvendo os traballos de acordo ós criterios marcados no prego de condicións técnicas, de xeito satisfactorio.



#### 4- Prezo anual do contrato.

A anualidade do contrato é de 89.449,25 euros IVE engadido, tras aplicar a redución porcentual dos prezos unitarios de horas de prestación do servizo previstos no apartado 3F da FEC do 0,01%.

##### 4.1 Prezo para o período da prórroga.

Atendendo a que a segunda prórroga é por un ano de duración, distribúese o importe da anualidade cos seguintes importes: 40.997,57 euros para o 2022 e 48.451,57 euros para o ano 2023.

4

#### 5.- Financiamento do contrato.

O contrato financíase con cargo a seguinte aplicación orzamentaria do presuposto vixente: 337.1.227.01.00 "Seguridade Nocturna". A tales efectos, existe no orzamento en vigor unha retención de crédito na referida partida por importe de 40.997,57 (RC nº 202200006986)

Posto que o prazo de execución do contrato remata o 15 de xullo, e debido a necesidade de garantir o servizo, faise necesario tramitar a segunda prórroga do contrato "do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de VigoZoo".

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3. "En particular, no se entendera como exercicio de novas competencias: a ) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

Polo anteriormente exposto e, conforme establece o Real Decreto Legislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, procédese a tramitar a prórroga do contrato dos servizos de control de accesos e atención ao público nas dependencias de VigoZoo polo período dun ano dende o 15 de xullo de 2022 ata o 14 de xullo do 2023, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas no apartado 7 á empresa "UTE *SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA SA* e *LOOMIS SA* "con CIF: U87821377, sendo o importe total do período da prórroga de 89.449,14 euros con IVE.

Polo anteriormente exposto, ao abeiro do establecido na Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as directivas do parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE E 2014/24/UE, proponse a Xunta de goberno Local previo informe xurídico e de intervención da seguinte proposta de acordo.

**Primeiro:** Aprobar a segunda prórroga dun ano do contrato para a prestación "do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de VigoZoo", á adxudicataria "UTE *SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA SA* e *LOOMIS SA* "con CIF: U87821377 por acordo da XGL de 15/07/2017, dende o 15 de xullo de 2022 ao 14 de xullo de 2023.

O importe total do período da segunda prórroga, 1 ano, de 89.449,25 euros con IVE, dende o 15 de xullo de 2022 ata o 14 de xullo de 2023, con cargo a seguinte partida orzamentaria do orzamento vixente, 337.1.227.01.00 “Seguridade Nocturna”, cos seguintes importes: 40.997,57 euros para o 2022 e 48.451,57 euros para o ano 2023.

**Segundo:** Notificar o presente acordo de prórroga á empresa “ UTE *SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA SA e LOOMIS SA* ”con CIF: U87821377, nos termos establecidos no art. 43 da Lei 39/2015, de réxime xurídico das administracións públicas, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición, ante o órgano que a dita, no prazo dun mes ou recurso contencioso administrativo ante a Xurisdición Contencioso Administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte a recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de RXAP e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso- administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

#### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **19(571).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO “AGARIMO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTENIMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL. EXPTE. 10592/320.**

Visto o informe de fiscalización do 29/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 22/06/2022, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, polo concelleiro delegado de área e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 28/01/2022, Dona Ana María Gil Lodeiro (DNI: 3598\*\*\*\* ), en calidade de presidenta da “Asociación de Amas de Casa e Consumo “AGARIMO”” (CIF: G36821817), achegou escrito (doc. 220020816), que xunto coas achegas posteriores de data , 18/03/2022 (doc. 220057054) e 10/05/2022 (doc. 220095429), solicita a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades socioculturais programadas pola entidade para o 2022, entre 1/10/2021 ata o 30/09/2022, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona Ana María Gil Lodeiro, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.



## Concello de Vigo

III. "Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e as Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
  - Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 20/05/2022
  - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 27/04/2022
  - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 20/05/2022
  - Certificado do Concello de Vigo, de data 24/05/2022

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud de convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER (1/10/2021-30/09/2022)</b>	
Aluguer local	13.000,00 €
Subministros (auga, saneamento, telefonía e luz)	500,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>13.500,00 €</b>

<b>ORZAMENTO DE INGRESOS (1/10/2021-30/09/2022)</b>	
Cotas socios	500,00 €
Subvención Concello de Vigo	13.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>13.500,00 €</b>

8. Contrato de aluguer.

9. Copia da póliza do seguro do local social, seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Asociación de Amas de Casa e Consumo “AGARIMO”, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 519/97, segundo resolución de data 16/05/1997.

V. O vixente exercicio orzamentario (2022) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 22/12/2021, inclúe expresamente a partida 9240 4890006 “*Convenio Asociación de Amas de Casa e Consumo “AGARIMO”*”, cunha dotación orzamentaria de 13.000,00 €.

VI. En data 13/05/2022 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 24/05/2022 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### ***I. OBXECTO***

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO “AGARIMO” (G36821817), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende outubro de 2021 ata setembro de 2022.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Asociación de Amas de Casa e Consumo “AGARIMO””.





**Concello de Vigo**

Segundo recolle os arts. 3 e 4 dos Estatutos da Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO", entre os fins e actividades da entidade, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- Fomentar o asociacionismo das persoas.
- Impulsar e defender os intereses das amas de casa e dos consumidores en xeral, para a súa defensa.
- Representar aos/as asociados/as ante organismos oficiais ou privados, en defensa dos seus intereses.
- Estudar os problemas que poidan xurdir dentro do seu ámbito de actuación, abrindo os canles necesarios para as posibles solucións dos mesmos.
- Organizar, dentro das súas posibilidades, cantos servizos de asistencia, asesoramento e formación requiran os seus membros.
- Organizar conferencias, coloquios, cursos e outras actividades afíns.
- Difundir as publicacións que sobre os temas da asociación se publiquen polos distintos organismos, etc.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

## **II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES**

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, Pablo Luis Estévez Rodríguez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 17/08/2020).

Doutra parte, asinará o convenio Dona Ana María Gil Lodeiro, con DNI 3598\*\*\*\*, en calidade de Presidenta da "Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"" (CIF: G36821817), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 10592/320.

## **III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga

efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

e

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de

Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria Xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

#### **IV. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA**

o

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2022), sendo gastos



**Concello de Vigo**

subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2021 e o 30 de setembro de 2022, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

#### **V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O vixente exercicio orzamentario (2022) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 22/12/2021, inclúe expresamente a partida 9240 4890006 “*Convenio Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"*” cunha dotación orzamentaria de 13.000,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á Asociación

de Amas de Casa e Consumo “AGARIMO” son gastos de aluguer e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

## **VI. ANTICIPO**

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

## **VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38<sup>a</sup>.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2022), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1/10/2021 e o 30/09/2022, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2022**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita



## Concello de Vigo

acreditar o cumprimento do obxecto da subvención, así como, os correspondentes xustificantes bancarios.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicitase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

### **VIII. PUBLICIDADE**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

### **IX. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

### **X. RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28

de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 13.000,00 € (trece mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4890006 denominada "*Convenio Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"*", incluída no vixente orzamento municipal de 2022.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "*Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"*" (CIF.- G36821817), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de outubro de 2021 e setembro de 2022, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 13.000,00 € (trece mil euros).

**TERCEIRO.-** Facultar ao concelleiro de Participación Cidadá e Festas D. Pablo Luis Estévez Rodríguez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

**CUARTO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do



## Concello de Vigo

día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(572).- PROXECTO DE CONVENIO COA FUNDACIÓN IGUAL ARTE PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE. EXPTE. 10600/320.**

Visto o informe de fiscalización do 30/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 22/06/2022, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, polo concelleiro delegado de área e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 17/03/2022, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Cristina Lago Pérez, con DNI 3614\*\*\*\*\*, en calidade de presidenta da Fundación Igual Arte (CIF: G36427524), achegou escritos (docs. 220056316, 220056321), nos que solicita a tramitación dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas para o ano 2021-2022, a realizar entre o 1/10/2021 e o 30/09/2022.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Cristina Lago Pérez, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A Fundación Igual Arte, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e as Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

- Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 20/05/2022.
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 27/04/2022.
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 20/05/2022.
- Certificado do Concello de Vigo, de data 24/05/2022.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE (01/10/20 - 30/09/21)</b>	<b>IMPORTE</b>
Persoal de mantemento	9.484,00 €
Calefacción	3.000,00 €
Luz	500,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>12.984,00 €</b>

<b>INGRESOS</b>	<b>IMPORTE</b>
Recursos propios	2.984,00 €
Subvención Concello	10.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>12.984,00 €</b>

8. Certificación do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.
9. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
  - a) Fundamentación, obxectivos e metas
  - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
  - c) Lugar de realización
  - d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
  - e) Recursos humanos e materiais
  - f) Sistemas de avaliación, etc.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Fundación Igual Arte, figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 851/03, segundo resolución da Alcaldía de data 05/06/2003.





## Concello de Vigo

V. O vixente exercicio orzamentario (2022) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 22/12/2021, inclúe expresamente a partida 9240 4890012 “*Convenio Fundación Igual Arte*”, cunha dotación orzamentaria de 10.000,00 €.

VI. En data 13/05/2022 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 24/05/2022 do tesoureiro municipal , acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

#### ***I. OBXECTO***

O obxecto do convenio e o fomento das actividades programadas pola entidade, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento do seu local social entre o 1 de outubro de 2021 ata o 30 de setembro de 2022, situado na Rúa Palencia 34, necesarios para o seu desenvolvemento, actividades que se consideran de interese público e social.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa Fundación Igual Arte.

Segundo recolle o art. 6 dos seus Estatutos, a entidade “Fundación Igual Arte”, ten, en xeral, por obxecto, a promoción, desenvolvemento, protección, participación, fomento de actividades sociais, culturais, educativas, musicais de expresión, danza, teatro, plástica e arte para todos, contemplando entre os seus fins concretos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Potenciar o benestar persoal das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Incrementar o sentimento de autoestima e autonomía das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Crear un espazo activo integrador, fomentando actividades lúdico artísticas que melloren o tempo libre e ocio das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Favorecer a capacidade de interrelación descubriendo outras canles de comunicación para estas persoas.
- ✓ Concienciar a sociedade das posibilidades artísticas das persoas con minusvalías.
- ✓ O inicio dunha liña de investigación na que se desenvolvan métodos e adaptacións curriculares para persoas con necesidades educativas especiais.
- ✓ Desenvolver vehículos de comunicación potenciando a interrelación familiar.
- ✓ Implicación da familia na filosofía e proxecto da Fundación.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Fundación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

## ***II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES***

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, Pablo Luis Estévez Rodríguez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 17/08/2020).

Doutra parte, asinará o convenio D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Cristina Lago Pérez, con DNI 3614\*\*\*\*\*, en calidade de Presidenta da Fundación Igual Arte (CIF.- G36427524), con domicilio social na Rúa Palencia 34 de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 10600/320.

## ***III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA***

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo



sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

#### **IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA**

- o No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónse á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2021) sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2020 e o 30 de setembro de 2021, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

#### **V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O vixente exercicio orzamentario (2022) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 22/12/2021, inclúe expresamente a partida 9240 4890012 “*Convenio Fundación Igual Arte*”, cunha dotación orzamentaria de 10.000,00 €.

A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola “*Fundación Igual Arte*” no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación

deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

#### **VI. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38<sup>a</sup>.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2021), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/20 e o 30/09/21, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2022**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención, así como, os correspondentes xustificantes bancarios. subvención, así como, os correspondentes xustificantes bancarios.



## Concello de Vigo

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicitase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

### **VII. PUBLICIDADE**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

### **VIII. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

### **IX. RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 10.000,00 € (dez mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240 4890012 denominada "*Convenio Fundación Igual Arte*", incluída no vixente orzamento municipal de 2022.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "*Fundación Igual Arte*" (CIF.- G36427524), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas e a realizar pola entidade entre o 1 de outubro de 1 e o 30 de setembro de 2022, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 10.000 € (dez mil euros).

**TERCEIRO.-** Facultar ao concelleiro de Participación Cidadá e Festas D. Pablo Luis Estévez Rodríguez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

**CUARTO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditalar e notificar a resolución.



**Concello de Vigo**

**ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(573).- DESAFECTACIÓN DO EDIFICIO EN DESUSO EXISTENTE NO CEIP VIRXE DO ROCÍO AO SERVIZO EDUCATIVO. EXPTE. 20997/240.**

Dáse conta do informe-proposta do 27/06/2022, asinado polo xefe de Patrimonio, pola xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira delegada de área:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local.

L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das

Administracións Públicas

L 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

LO 2/2006, de 3 maio, de Educación.

RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais

**INFORME-PROPOSTA:**

**ANTECEDENTES:**

**PRIMEIRO.-** Polo Servicio de Educación informouse, o 4/05/2022, que: *No recinto do CEIP VIRXE DO ROCÍO, existe un inmovle, no que hai anos estaba ubicado o colexio e que quedou en desuso ao trasladarse a actividade do centro ao novo edificio no ano 2012.*

*Dende esta data o edificio non se utiliza para actividade docente carecendo de uso, salvo algún uso esporádico pola ANPA do centro. A desafectación ao uso escolar deste inmovle permitiría que puidese destinarse a fins sociais, culturais e asistenciais polo Concello de Vigo.*


*En base ao exposto, estímase procedente que se solicite á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a desafectación do uso educativo dos referidos inmoibles en virtude das competencias recollidas no Decreto 198/220, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG 242,1 de decembro de 2020)*

S.ord. 07/07/2022

**SEGUNDO.-** Pola Concelleira Delegada de Patrimonio ordenouse en data 9/05/2022 o inicio do correspondente procedemento administrativo de desafectación do edificio en desuso existente no CEIP VIRXE DO ROCÍO ó servizo educativo.

**TERCEIRO.-** A Arquitecta Técnica de Patrimonio informou o 21/06/2022 que:

*Consultados os datos do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, aprobado por acordo plenario de data 04/05/1993, consta como propiedade de titularidade municipal o CEIP Virxe do Rocío localizado na Rúa Rocío Nº70-72 - Centro - Vigo, rexistrado co Nº63 do "Epígrafe - I , Propiedades", reflexado no seguinte plano, extracto da ficha do Inventario:*



*Separadas pola Rúa Marín, distínguense:*

- O Nº70 DA RUA ROCIO: "TERREO 1 DE 5.139,03 m<sup>2</sup>", con Ref. Catastral única: 0545857NG2704N1US, no que se localizan:
  - EDIFICIO 1: Edificio escolar con fachada de pedra reformado no ano 2012, actualmente en uso.





## Concello de Vigo

- *EDIFICIO 2: Edificio escolar con fachada de formigón construído no ano 1991, actualmente en uso.*
- *O N°72 DA RUA ROCIO: "TERREO 2 DE 1.217,00 m<sup>2</sup>", con Ref. Catastral única: 0443529NG2704S1YB, no que se localiza:*
  - *EDIFICIO 3, proposto para desafección, coa seguinte descripción:*
    - *Edificio escolar de ladrillo caravista*
    - *Planta baixa: aulas e sala de usos múltiples*
    - *Planta primeira: aulas e aseos*
    - *Planta segunda: aulas e aseos*
    - *Planta terceira: aulas e aseos*
    - *Total plantas: 4*
    - *Constando unha superficie construída de 2.440,02 m<sup>2</sup>.*
    - *Ano construción: 1973*
    - *Segundo se desprende da "Proposta de solicitude de desafectación ao uso educativo de edificios municipais destinados a centros públicos de educación infantil e primaria" remitida pola Concellería de Edicación, en desuso dende o ano 2012.*

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

**PRIMEIRO.-** O CEIP VIRXE DO ROCÍO, consta de titularidade municipal inscrita no Inventario municipal de bens e dereitos baixo o número de propiedade 000063, co natureza xurídica de ben de servizo público afecto ao servizo educativo.

Dita propiedade, segundo resulta do informado polos servizos técnicos, atopase conformada por dúas parcelas, con número de policía e referencia catastral diferente, e separadas pola rúa Marín.

Unha parcela de 5.139,03 m<sup>2</sup> situada no n°70 da Rúa Rocio, con Ref. Catastral única (0545857NG2704N1US), onde desenvólvese na actualidade o servizo educativo do CEIP VIRXE DO ROCÍO e; por outra banda, a parcela de 1.217,00 m<sup>2</sup>, no n° 72 da Rúa Rocio, con Ref. Catastral única (0443529NG2704S1YB V), na que sitúase un edificio de 4 plantas (obxecto do presente expediente de desafectación) no que, ata o ano 2012, albergaba o colexio e que quedou en desuso polo traslado nese ano da actividade educativa do centro ao novo edificio situado no n° 70 da Rúa Rocio.

**SEGUNDO.-** A facultade das Entidades Locais para proceder á alteración da cualificación xurídica dos seus bens ven recoñecido no

art. 81 da Lei 7/85 RBRL, art. 269 da Lei 5/97 de ALG e art. 8 do R.D. 1372/86 RBEL, ó dispor que dita alteración xurídica levaráse a cabo mediante a tramitación do correspondente expediente administrativo no que se acredite a oportunidade e legalidade desta, requirindo a súa adopción a cumprimentación de diversos requisitos que a mesma normativa establece, así como o disposto na normativa sectorial de aplicación.

Neste senso, a concurrencia competencial doutras administracións públicas no ámbito do servizo educativo e polo tanto en relación os bens que se atopan vencellados a ese destino, como no presetne caso acontece co edificio do CEIP Virxe do Rocio, situado no nº 72 da Rúa Rocio, fai preciso acadar a autorización pertinente destas a teor do sinalado na súa normativa reguladora e no ámbito competencial que lle e propio.

De acordo co decreto 1373/82 de 24 de xullo, polo que se levou a cabo a transferencia de funcións e servizos do estado en materia de educación a favor da Comunidade Autónoma de Galicia, esta obstenta na actualidade a condición de Administración xestionante do servizo educativo no ámbito de esta Comunidade e, consecuentemente, requírese como trámite previo e necesario a obtención da Consellería de Educación da Xunta de Galicia da autorización correspondente para a alteración xurídica da natureza de dito ben, desafectando o servizo educativo como Escola infantil, tal e como se recolle na disposición adicional decimoquinta, apartado 2 da Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación, ó establecer que ditos edificios non poderan destinarse a outros servizos ou finalidades sen autorización previa da Administración Educativa correspondente.

**CUARTO.-** A desafectación interesada incide unicamente na natureza xurídica do inmovible nº 72 da Rúa Rocio, onde situase o edificio que na actualidade atopase en desuso, pero non así ó inmovible do nº 70 da mesma rua que mantén a súa afectación ó servizo público, como centro de educación infantil e primaria (CEIP VIRXE DO ROCÍO) e con isto a condición de dominio público municipal.

A solicitude proposta de desafectación de dito edificio ó servizo educativo, ven motivada e xustificase, ó atoparse dende o ano 2012 sen actividade docente polo traslado de dita actividade as instalacións do nº nº 70 da rua Rocio, no que na actualidade se alberga o CEIP VIRXE DO ROCÍO, polo que non veríase afectado a prestación do servizo e, por outra banda, dariase resposta a necesidade de destinar dito edificio a outras actividades sociais, culturais e asistenciais competencia desta administración municipal

**QUINTO.-** A teor do exposto, procede solicitar da autoridade educativa xestora do inmovible (Xunta de Galicia) a correspondente autorización para a desafectación ó servizo educativo do edificio municipal sito no nº 72 da Rúa Rocio de Vigo, polos motivos anteriormente sinalados.



## Concello de Vigo

Por todo ello, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

*"UNICO.- Solicitar da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia autorización para a desafectación ó uso educativo do edificio municipal sito no n.º 72 da Rúa Rocio (Ref catastral 0443529NG2704S1YB), no termo municipal de Vigo, ó atoparse na actualidade en desuso, sen actividade docente dende o ano 2012, e resultar necesario destinalo a outras actividades sociais, culturais e asistenciais desta administración municipal".*

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(574).- APROBACIÓN INICIAL DA NOVA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE VIGO CORRESPONDENTE AO ANO 2022. EXPTE. 1690/110.**

Visto o informe de fiscalización do 04/07/2022, dáse conta do informe-proposta con data 01/07/2022, asinado pola secretaria de Admon. Municipal e pola concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, que di o seguinte:

E obxecto do presente informe xurídico - proposta a aprobación dunha nova relación de postos de traballo do ano 2022 en cumprimento da sentenza do Xulgado Contencioso nº 62/2021, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no R.C.A. procedemento abreviado nº 180/2020.

#### **RÉXIME XURÍDICO.-**

O réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa

- a) Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente o estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e Texto Refundido de Réxime Local (LRBRL) (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).
- b) Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-). e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, en aquilo que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derogatoria primeira da Lei 2/2015).

- c) Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RGI, de aplicación supletoria no eido local) e Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado
- d) Regulamentos e ordenanzas locais.
- e) Acordos e pactos reguladores das condicións de traballo dos funcionarios (Acordo regulador de condicións económicas e sociais funcionarios do Concello de Vigo e Convenio colectivos dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo aprobado polo pleno en sesión de data 28.12.1998)

#### **ANTECEDENTES**

1. En data 16.11.2010 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP PO) a relación de postos de traballo aprobada pola Xunta de Goberno local en sesión de data 20.09.2010 e instrucións máis anexos que foron rectificadas por sesión do mesmo órgano 11 de outubro e 2 de novembro de 2010. Segundo o punto 9 do anexo da relación de postos de traballo << *A forma de provisión normal será o concurso (na clave porase unha C) pero as xefaturas de unidades ou servizos de nivel 26 ou superior e os postos de especial responsabilidade e confianza provistarase mediante libre designación (utilizando a clave LD). A adscrición a postos non singularizados, entendéndose por tales os que non se individualicen ou distingan dos restantes postos de traballo polo seu contido ou condicións específicas para o seu exercicio, poderán ser adscritos por necesidades do servizo a outro da mesma natureza, nivel de complemento de destino e específico, por cambio de adscrición (utilizando a clave CA), segundo o disposto no art. 7 do Decreto 93/91, do 20 de marzo da Xunta de Galicia, concordante co art. 61 do R.d. 364/95, do 10 de marzo. O persoal eventual o nomea directamente a Alcaldía (utilízase a clave NDA). As convocatorias de concurso ou de libre designación, efectuaranse con carácter interno, agás que en cada unha delas a Corporación acorde abrilas a outro colectivo de funcionarios.>>*
2. En data 7.06.2017 publicouse no BOP PO o acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de abril de 2017, polo que se aproba o "documento unificado da relación de postos de traballo municipal para inserción no portal de transparencia."
3. En data 15.01.2018 a Xunta de Goberno Local adoptou acordo polo que se ordenou (punto sexto) que todos os postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación incluídos na presente proposta de modificación puntual de RPT, ao igual que o resto dos postos encadrados



## Concello de Vigo

nestes grupos, existentes no Concello de Vigo, e nos termos do informado pola Xefatura de Recursos Humanos en datas 21/03/2011, deberán inescusablemente ser provisto con carácter definitivo polo sistema que legalmente se prevea -no caso do Concello de Vigo, libre designación- con convocatoria pública, aos efectos do cal deberá procederse á convocatoria e provisión do posto no prazo máximo de sete anos, contados dende o día seguinte ao da firmeza, en vía administrativa, do acordo de modificación da RPT." Dito acordo noi recorrido.

4. Non obstante, en data 13.11.2018 o Xulgado Contencioso nº1 ditou sentenza nº249/2018, en recurso interposto contra as bases reitoras da convocatoria para a provisión definitiva, polo sistema de libre designación, de catro postos de traballo pertencentes ao subgrupo A1 pola que se anulou o apartado sexto do acordo da Xunta de Goberno Local de data 15.01.2018 e posterior acordo do mesmo órgano de data 12.04.2018 pola que se aproba as bases reitoras da convocatoria para a provisión definitiva, polo sistema de libre designación de catro postos de traballo pertencentes ao grupo A1, , ao non resultar xustificada a idoneidade do procedemento excepcional de libre designación como forma de provisión do citado posto.
5. En data 25.03.2021 o Xulgado Contencioso Administrativo nº2 ditou Sentenza 62/2021 en recurso contencioso administrativo interposto polo Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia por desestimación presunta de varias solicitudes en materia de modificación da RPT e provisión de postos de traballo pola que estima o recurso e declara *"declaro no ajustada a Derecho su actuación consistente en haber ignorado en parte, la solicitud de la recurrente, de 29 de septiembre del 2016; concretamente en los dos puntos concernientes a la aprobación de una nueva RPT, adaptada a las previsiones de la Ley 2/2015, de 29 de abril, más exactamente en el plano relativo a que todos los puestos de trabajo reservados a funcionarios de carrera existentes en el organigrama municipal, singularmente los encuadrados en los subgrupos A1 y A2 de titulación, ocupados bajo cualquier fórmula de cobertura provisional o transitoria, se provean mediante formulas de concurso ordinario o específico/concurso de traslados. Y dos, a que una vez aprobada esa RPT, se procediese a la consecuente convocatoria pública para la cobertura definitiva de dichos puestos."*
6. En data 27.07.2021 por Resolución da Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal incoouse expediente de modificación da relación de postos de Traballo do Concello de Vigo baixo a instrución da Secretaria de Administración Municipal.

7. En data 16.02.2022 formulouse por parte desta instrutora informe proposta de modificación da RPT respecto do sistema de provisión dos postos de traballo dos subgrupo A1 e A2 ( punto 9 do anexo da Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo pola Xunta de Goberno local en sesión de data 20.09.2010 e posterior rectificación de data 11 de outubro e 2 de novembro de 2010 publicada no BOP de Pontevedra de data 16.11.2010).
8. En data 17.02.2022 conferiuse trámite de audiencia ao Comité de Empresa.
9. En data 28.02.2022 o Secretario da sección do Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia presentou escrito de alegacións.
10. En data 9.03.2022 emítase informe das alegacións presentadas en base ao cal modifícase a memoria xustificativa.
  - a) Clarificarse que a modificación do sistema de provisión dos postos de traballo abrangue a todos os postos de traballo da RPT do Concello de xeito que o concurso constitúe o sistema xeral de provisión agás para aqueles postos que singularmente se determina como sistema de acceso a libre designación ou o concurso específico
  - b) Modificar a memoria xustificativa e informe proposta respecto do sistema de provisión do posto de traballo do Coordinador executivo de protección civil, propoñendo o a vista das funcións concretas asinadas ao posto a provisión do posto mediante concurso específico, no que os candidatos acrediten que teñen unha formación adquirida polo grado de titulación académica e un coñecemento específico en materia de xestión de protección civil e emerxencias en relación co contido do posto a desenvolver.
  - c) Clarificarase na memoria xustificativa e informe proposta que a posibilidade de apertura dos postos relacionados a persoal funcionario doutra administración materializárase, no seu caso, nas respectivas convocatorias de provisión de postos de traballo.
  - d)
11. En data 18.03.2022 someteuse a memoria e informe proposta asinada en data 9.03.2018 (trámite 397) a mesa de negociación e como consecuencia da mesma modifícase o seguinte:
  - a) Incorporar na memoria e informe proposta da RPT os postos do tribunal económico administrativo suxeito ao réxime establecido na Lei 7/85, do 2 de abril de bases de réxime local
  - b) Modificar o sistema de provisión do posto de traballo de Coordinador executivo de protección civil que proverase, en lugar de concurso específico, polo sistema ordinario de concurso.
  - c)



## Concello de Vigo

12. En data 17.03.2022 o Xulgado contencioso administrativo ditou auto en peza separada de execución de sentenza 3/22 promovida polo Sindicato nacional de Comisiones obreras" CCOO no que dispón " *Requírase al Concello de Vigo para que en un término no superior a treinta días desde la notificación de la presente resolución, acredite el comienzo del cumplimiento de la sentencia firme, de 25 de marzo del 2021 recaída en el PA 180/20, con la presentación de un informe propuesta para la aprobación de una nueva RPT del Concello de Vigo, comprensiva del pleno ajuste a la LEY 2/2015, de 29 de abril, cuando menos, en cuanto al modo de provisión de todos los puestos de trabajo reservados a funcionarios de carrera existentes en el organigrama municipal, en los términos expuestos, bajo el apercibimiento expreso de lo dispuesto en el art. 108 LJCA.*"
13. En data 21.03.2022, a vista do auto en peza separada de execución de sentenza 3/22, solicitouse á área de RRHH e Formación a seguinte documentación
  - Proposta de relación de postos de traballo actualizada co contido sinalado no artigo 38.4 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego de Galicia agás o relativo ao sistema de provisión
  - Guía de funcións actualizada.
  - Informe dos importes dos complementos específicos en cómputo anual asignados a cada postos e códigos retributivos vixentes
  - Informes das titulacións académicas esixidas para o desenvolvemento de cada posto segundo as claves asignadas
14. En data 8.04.2022 a trala solicitude ampliación de prazo achegouse a información.
15. En data 11.04.2022 solicitouse a área de RRHH a aclaración da información solicitada
16. En data 13.04.2022 emitíuse informe administrativo da área de RRHH e Formación "condicionado a posterior ampliación de informe, se procede, e análise por parte da técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos. "
17. En data 19.04.2022 solicitase á área de RRHH e Formación para que, a vista do prazo de execución de sentenza, se emita no prazo de tres días ampliación do informe mediante a emisión de informe técnico no que se valore se as cuestións indicadas no informe de data 8.04.2022 obxecto de corrección constitúen un suposto de rectificación de erros ou dunha modificación da RPT (deberá motivarse en todo caso).

18. En data 21.04.2021 a técnica da administración xeral remite dilixencia na que determina" *Ante a ausencia temporal de ambos técnicos de Recursos Humanos e toda vez que a Técnica de Formación e Avaliación asinante do informe de data 08/04/22 incorpórase o vindeiro 26/04/22, solicítase ampliación do prazo en tres días hábiles, a fin de que a técnica asinante amplíe o informe emitido conforme ao seu criterio técnico segundo se solicita, todo en aras da debida seguridade xurídica"*

19. En data 2.05.2022 someteuse á mesa de negociación a proposta da relación de postos de traballo do Concello de Vigo para o ano 2022 de data sinatura 25.04.2022. Como resultado de dita negociación e a petición da parte sindical e por unanimidade de todos os membros presentes acórdase deixar o asunto sobre a mesa e postergar a negociación sindical conferindo a parte sindical un prazo de dez días hábiles para examinar o documento da nova RPT e formular as observacións.

20.- En data 3.05.2022 conferiuse a parte sindical do trámite de audiencia ao obxecto de examinar a proposta de relación de postos de traballo e formular observacións (artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común).

21.- Na mesma data solicitouse a área de RRHH e Formación a emisión de informe sobre a situación persoal empregado públicos nos grupos C1, C2 e E (AP) co posto de traballo.

22.- En data 6.05.2022 solicitouse a área de RRHH e Formación información sobre o posto de nova creación *Xefatura do servizo de normalización lingüística* concretamente: titulación, Escala, Subescala do posto e nova proposta da estrutura administrativa da unidade administrativa.

23.- En data 9.05.2022 solicitouse á área de RRHH e Formación a relación de postos de traballo que proceda crear a través da relación de postos de traballo en virtude de sentenzas xudiciais firmes que recoñezan situacións laborais de carácter indefinido que non estean adscritos a postos vacantes. Deberase indicar a clasificación profesional, Escala, Subescala, titulación, complemento específico e unidade administrativa a cal se adscriban e relación das sentenzas firmes que recoñecen a situación laboral de carácter indefinido relacionadas co postos proposto.

24.- En data 6.05.2022 os sindicatos con lexitimación para a negociación colectiva no Concello de Vigo, CCOO, CIG, SICO-CSIF e UGT presentan escrito de alegacións á RPT.

25.- En data 20.05.2022 a sección sindical da CIG achega escrito de alegacións.





**Concello de Vigo**

26.- Na mesma data e posterior de data 3.06.2022 a Técnica de Formación e Avaliación de RRHH achega información solicitada (trámites 680 e 685).

27.- En data 21.06.2022 emítase informe do Servizo de Bombeiros respecto das alegacións presentadas pola sección sindical da CIG.

28.- En data 23.06.2022 remítase por parte da área de RRHH e Formación expediente no que se remite as sentenzas correspondente a persoal laboral indefinido e informe de cadro de persoal asinado pola técnica media de RRLL

## **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

### **I.- RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO.-**

Os artigos 90.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime Local (LRBRL) e 126 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes (TRRL) en materia de Réxime Local impoñen ás administracións locais a elaboración dunha relación dos postos de traballo existentes nas súas organizacións que deberán incluír, en todo caso, a denominación e características esenciais dos postos, as retribucións complementarias que lles correspondan e os requisitos esixidos para o seu desempeño.

O Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRBEP) sinala no seu artigo 74 que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, ó menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que están adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias.

E o o artigo 38 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG) establece que:

1.A relación de postos de traballo é un instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcional e laboral existentes en cada unha das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei.

2. A través da respectiva relación de postos de traballo, as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes no seu ámbito e determinan o seu contido para a súa selección e provisión, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal co obxecto de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos.

3. Os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de postos de traballo, sen que poida existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente.

4. As relacións de postos de traballo incluírán, como mínimo, por cada posto: o código alfanumérico, a denominación e a natureza xurídica; a clasificación profesional; o sistema de provisión; a adscrición orgánica; o complemento retributivo do posto; os requisitos, os méritos, as capacidades e, de ser o caso, a experiencia ou categoría profesional para a súa provisión; e calquera outra circunstancia relevante para a súa provisión nos termos previstos regulamentariamente.

5. As relacións de postos de traballo sinalarán expresamente os postos abertos á provisión por persoal funcionario ou laboral procedente doutras administracións públicas, os cales non superarán o sete por cento do número total de postos de traballo que poidan ser cubertos por persoal funcionario ou laboral, respectivamente, salvo que por convenio entre as administracións públicas interesadas se estableza unha porcentaxe superior atendendo a criterios de reciprocidade.”

En consecuencia, a RPT preséntase como un instrumento técnico a través do cal realízase a ordenación do persoal, na procura de garantir un funcionamento óptimo da organización e de tódolos seus servizos, de acordo cos principios de racionalidade, coordinación, eficacia, calidade e economía do gasto que rexen nas administracións públicas. Así mesmo constitúe o instrumento que determina os sistemas de provisión dos postos de traballo, polo que tal e como se expuso no informe xeral da situación da RPT do Concello de Vigo de data 4.02.2022 procede a súa modificación.

A aprobación da RPT, que corresponde a Xunta de Goberno Local, constitúe unha manifestación da potestade autoorganizativa da Administración Local recollida no artigo 4.1 da LRBRL que se ben ten un marcado carácter discrecional, deberá en todo caso exercerse dentro do respecto aos principios de legalidade e de prohibición da arbitrariedade que debe rexer toda actuación administrativa e de goberno municipal (artigos 9.1 e 103.1 da Constitución Española de 1978) e, polo tanto, co obrigado cumprimento dos requisitos e límites recollidos na normativa vixente que resulte de aplicación, tanto de natureza material ou substantiva como no tocante ao procedemento de aprobación. Neste senso a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), do 18 de abril de 2012: *"(...), en cada Relación de Puestos de Trabajo se determina el perfil objetivo de cada puesto con sus principales características y forma de provisión, y ello atendiendo al programa elaborado por la Administración para el desarrollo de cada servicio público, en que confluyen las facultades discrecionales de organización que corresponden a la misma. En efecto, corresponde a la Administración tomar la iniciativa de la elección entre las diversas*



**Concello de Vigo**

*opciones razonables en presencia en cada supuesto, por ser competencia de quien gobierna,..”.*

Respecto a natureza xurídica da RPT, a cuestión viuse suxeita a variacións doutrinarias e xurisprudenciais aos que veu a poñer fin a Sentenza do 5 de febreiro de 2014, Rec. 2986/2012 ditada polo Tribunal Supremo. Nelaponse fin á dualidade mantida en canto á consideración da RPT como disposición de carácter xeral e como acto administrativo, no plano procesual e no material respectivamente, para pasar a considerar o devandito instrumento como un acto ordena. Concretamente a sentenza determina *“Sobre esa base, y en la alternativa conceptual de la caracterización como acto administrativo o como norma, entendemos que lo procedente es la caracterización como acto, y no como norma o disposición general. Tal caracterización como acto, según se ha expuesto antes, es por lo demás la que ha venido proclamándose en la jurisprudencia (por todas reiteramos la cita de las sentencias de 19 de junio de 2006 y la de 4 de julio de 2012 y 10 de julio de 2013), aunque lo fuera en referencia al plano sustantivo, al diferenciarlo del procesal”.*

## **II.- OBJETO DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DO CONCELLO DE VIGO.-**

Proponse a aprobación dunha nova relación de postos de traballo correspondente ao ano 2022 co seguinte alcance

1.- Actualización da RPT publicada no BOP PO de data 7.06.2017 segundo informe da Técnica de avaliación e Formación de RR.HH *“Dende o ano 2017 foron aprobadas as seguintes modificacións puntuais da RPT:*

- *Expte. 34462-220 “Rectificación erro no expediente nº 29473/220 (“Actualización de datos da Área de RRHH e Formación insertados no portal de transparencia).*
- *Expte. 37141-220 “Modificación Relativa ao posto Codg Rtb 269 “Xefe/a Festas”, en canto aos requisitos de titulación do posto.*
- *Expte. 32837-220.-“Proposta Fondo de Adecuacion año 2018”*
- *Expte. 33981-220 “Modificacións Puntuais RPT. Fondo Adecuación 2019*

Pola súa banda, o Pleno do Concello, aprobou os orzamentos para os anos 2017, 2018, 2019, 2020, 2021 e 2022, tanto para o Concello como do seu Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo, cos resúmenes por capítulos, así como os estados consolidados dos mesmos, que foron publicados nos Boletín Oficial da Provincia.”

Así mesmo segundo o informe emitido recolle todas as modificacións puntuais aprobadas nas diferentes sesións da Xunta de Goberno Local, incorporando así mesmo aqueles cambios de adscrición de postos de traballo que se poidan ter

S.ord. 07/07/2022

efectuado dende o ano 2017 ata a data de emisión de dito informe (8.04.2022).

## **2.- Corrección de erros no documento da RPT**

### **2.1. Postos de Xefaturas**

Segundo informe da técnica de formación e avaliación "Con carácter xeral os postos dos grupos A de titulación, con complemento de destino 26 e correspondentes a xefaturas corríxise nos casos nos que se detecta erro, establecéndose como Grupo de titulación A1/A2, e código de titulacións esixidas 1-2." *Así mesmo o informe administrativo de data 13.04.2021 << 1.- Postos dos grupos A de titulación, con complemento de destino 26 e correspondentes a xefaturas: No momento da elaboración do documento actualizado de RPT do ano 2017 estableceuse como criterio xeral que os postos dos grupos A de titulación, con complemento de destino 26 e correspondentes a xefaturas, deben figurar como grupo A1/A2 e código de titulacións 1-2. Deste modo, entre outros, os seguintes postos figuran correctamente na RPT de 2017: Xefe/a Departamento Administrativo Alcaldía, Xefe/a Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, Xefe/a Electromecánicos, Xefe/a Estatística, Xefe/a igualdade, etc.*

*Segundo este criterio xeral, e ao obxecto de homoxeneizar postos das mesmas características, procede modificar erros puntuais. Por exemplo, no caso dos postos Xefe/a Relacións Fomento do Emprego e Xefe/a Patrimonio Histórico.>>*

A falta de maior aclaración, enténdese que o criterio da área de RRHH e Formación é que os postos de Xefaturas con complemento de destino 26 encadradas no grupo A con carácter poden ser desempeñados indistintamente por persoal empregado público encadrado no subgrupo A1/A2 con titulación 1/2. En base ao mesmo procede a revisión de ditos postos detectando os seguintes erros/incoherencias que motivan a súa corrección na RPT que se propón e sen prexuízo da posterior aclaración e do que resulte da negociación colectiva no marco do obxecto do expediente que non en outro que a redacción dunha nova RPT na que se modifiquen o sistema de provisión de postos de traballo conforme a LEPG. Revisados os postos formuláanse as seguintes consideracións

Xefe/ a relacións de fomento do emprego . Dito posto non consta na RPT publicada no BOP 16.11.2010. Respecto a RPT publicada 7.06.2017 consta que dito posto está clasificado como grupo A2 e titulación académica 1 (graou ou equivalente) e 2 (Título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto-técnico, F.P. 3 ou equivalente.) Así mesmo segundo informe da Técnica de avaliación e formación de data 14.08.2019 emitido en expediente 34560-220 << *Infórmase que o posto Codg Rtb 183 "Xefe Relacións Fomento Emprego" atopase vacante dende o 15/06/2019, por atoparse a súa titular en situación administrativa de servizos especiais dende o*



**Concello de Vigo**

*14/06/2019 por Resolución da mesma data.*

*O posto encadrase nos Grupos A1/A2, Administración especial ou xeral con CD 26 e CE 650, titulación Codg 2 (Diplomado ou equivalente)."*

*Neste senso o artigo 76 do TREBEB << Los cuerpos y escalas se clasifican, de acuerdo con la titulación exigida para el acceso a los mismos, en los siguientes grupos:*

*Grupo A: Dividido en dos Subgrupos, A1 y A2.*

*Para el acceso a los cuerpos o escalas de este Grupo se exigirá estar en posesión del título universitario de Grado. En aquellos supuestos en los que la ley exija otro título universitario será éste el que se tenga en cuenta.>>*

*Non obstante a Disposición transitoria terceira do mesmo texto legal determina << 1. Hasta tanto no se generalice la implantación de los nuevos títulos universitarios a que se refiere el artículo 76, para el acceso a la función pública seguirán siendo válidos los títulos universitarios oficiales vigentes a la entrada en vigor de este Estatuto.*

*2. Transitoriamente, los Grupos de clasificación existentes a la entrada en vigor de la Ley 7/2007, de 12 de abril, se integrarán en los Grupos de clasificación profesional de funcionarios previstos en el artículo 76, de acuerdo con las siguientes equivalencias:*

*Grupo A: Subgrupo A1.*

*Grupo B: Subgrupo A2."*

*Polo exposto no documento de actualización da RPT publicada en 17.06.2017 apréciase unha incoherencia na clasificación do posto en tanto que a esixencia dunha titulación 1 (Grao ou equivalente) require que o posto se encadre no grupo A1.*

Xefe/a de Patrimonio Histórico.- Dito posto consta na RPT publicada no BOP 16.11.2010 clasificado como grupo A1 e titulación 1 e na RPT publicada en data 7.06.2017 consta que dito posto está clasificado como grupo A1/A2 e titulación académica 1 (grao ou equivalente) omtindo o código 2 de titulación (Título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto-técnico, F.P. 3 ou equivalente) polo que segundo o o criterio da área de RRHH e Formación se o posto clasificado nos grupos A1/A2 deberase establecer como titulación A1-A2 polo que se aprecia un erro/Incoherencia no documento de actualización da RPT publicada en 17.06.2017.

S.ord. 07/07/2022

Así mesmo procede a corrección na clasificación do posto de Xefe de Comercio.- Na RPT publicada no BOP 16.11.2010 figura o posto de Xefe de Turismo e Comercio clasificado como grupo A1/A2 e titulación 1/2.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 21 de novembro de 2016 adoptou acordo polo que se creou o Servizo (Departamento) de Comercio, cód. 106, partida funcional 430.0.

Na Rpt 2017 omítese a información respecto ao grupo e CP/SBE/CI e sinaláse titulación académica 2.

Segundo o criterio da área de RRHH e Formación e conforme a RPT 2010 procede clasificar o posto como A1/A2, titulación 1/2.

## **2.2. Singularización dos postos**

O informe da Técnica de Formación e Avaliación propón a corrección que afecta aos postos de auxiliar alcaldía, programador de sistemas, Técnico/a actividades sociais, Técnico/a prevención de riscos, oficial de intendencia da Policía Local, Oficial xefe EVAP, Policía Evap, Oficial servizos internos, xefe equipo Oficinas, Postos Ordenanza atención portelo, auxiliar portelo e administrativo portelo.

A falta de aclaración e a vista da nomenclatura da RPT enténdense que a singularización dos postos a "atención portelo- auxiliar portelo-administrativo portelo" se refire os postos de ordenanza atención público ventanilla e auxiliar/administrativo atención ventanilla. Non se formulan observacións respecto a clasificación dos postos como singularizados ou non en tanto que corresponde a área de RRHH a súa determinación de acordo coa normativa de aplicación.

## **2.3. Titulacións**

Segundo a técnica de Formación e a avaliación procedeuse a corrección da titulación dos seguintes postos : Técnico/a mantemento admón. Electrónica figuraba por erro co código de titulación 4, sendo o correcto o código 3, postos Delineante que deben figuaar coa titulación 62; Auxiliar de arquivo, titulación 2; técnico admón xeral – título de grao/licenciado/a ou equivalente en dereito ou de calquera das titulacións esixidas no artigo 169.2.a) do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado mediante Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril; Oficial de limpeza, código titulación 4, Inspector Auxiliar de servizos, código titulación 4.

Aclárase que ao posto de auxiliar de arquivo (C2) lle corresponde a titulación 4 (Graduado, escolar FP1 ou equivalente) xa que na RPT 2017 figura titulación 5 ( Certificado de escolaridade).



**Concello de Vigo**

Así mesmo segundo informe administrativo de data 13.04.2022 queda aclarexado as modificacións do grupo de titulación no seguintes postos:

"Xefe Area Mobilidade, Seguridade, Trafico e Extinción de Incendios: Conforme documento que se achega de modificación puntual de RPT de data 2018, consta modificación na denominación e no CD 28. Polo tanto, procedeuse a incorporar a modificación no documento actualizado de RPT, correspondendo en consecuencia o grupo de titulación A1 e titulación código 1, no marco do establecido no Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de Provisión de Postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (artigo 71).

Xefe Limpeza: O posto inicialmente, tal e como figura na RPT do ano 2010, tiña asociado un CD 26. Posteriormente, tanto na RPT de 2017 como na aplicación de xestión de rpt "ginpix" consta CD 28. Non obstante, por erro na RPT de 2017 non se actualizou a información sobre grupo de titulación. Por tanto, detectado erro, procedeuse a subsanar figurando no documento enviado en data 08/04/2022 grupo A1. "

Así mesmo detéctanse erros na titulación esixida para o Xefe da OSPIO segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 29.04.2016 (42-43-44-53) e postos reservados a funcionarios de habilitación de carácter nacional que conforme o artigo 18 do RD 128/2018, de 16 de marzo, corresponde licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou graduado, segundo o previsto no texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, para o ingreso nos corpos ou escalas clasificadas no subgrupo A1.

#### **2.4. Escalas- Subescala-clase**

Segundo a Técnica de avaliación e formación e posterior informe administrativo atópanse erros nos seguintes postos: Xefatura Oficina OAR, Inspector auxiliar Recursos Humanos, Xefe servizo contratación, Auxiliar administrativo/a, xefe servizo administrativo e control orzamentario (AG/AE), auxiliar servizos internos (AE).

E segundo informe administrativo resulta o seguinte

Xefatura Oficina OAR: figura tanto na RPT aprobada en 2010 como na actualización do 2017 con escala AG/AE.

Inspector auxiliar Recursos Humanos: atopándose tanto na RPT aprobada en 2010 como na actualización do 2017 ca denominación de "auxiliar servizos inspección de

persoal", figura o posto nas mesmas con escala AE.

Xefe servizo contratación: Figurando na actualización da RPT de 2017 como subescala SA (administrativa), por erro. No documento enviado en data 08/04/2022 subsanación do erro figurando "Técnica superior". Asociado a este erro detectouse erro na titulación, sendo igualmente subsanado, substituíndo o código 3 polo código 1.

Xefe servizo administrativo e control orzamentario: Figura na actualización da RPT de 2017 como escala AE, por erro. No documento enviado en data 08/04/2022, subsánase o erro, poñéndose AG/AE (RPT aprobada en 2010 e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra con data 16.11.2010).

Auxiliar servizos internos: Figuran na actualización da RPT de 2017 como escala AG, por erro. No documento enviado en data 08/04/2022, subsánase o erro, poñéndose AE (RPT aprobada en 2010 e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra con data 16.11.2010).

A vista dos informes conclúese o seguinte

- O posto de Xefatura Oficina OAR figura na RPT 2010 clasificado A2/C1 na escala AG/AE-, subescala SA-TM. Na RPT 2017 grupo C1 escala AG-AE, subescala SA-TM. Titulación académica 2-3. Apréciase erro xa que TM coresponde ao grupo A2. Así mesmo os posto de xefatura de oficina doutras unidades administrativas (asesoría Xurídica/Secretaría de Goberno local) están claificadas como AG/ADMTVA. Procédese a corrección.
- Mantense a clasificación do posto de Inspector auxiliar Recursos Humanos na escala AE e non AG en tanto que, a falta de aclaración, non se aprecia error nos termos do artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común.
- O posto da Xefe servizo contratación ten un CD 28. Corresponde clasificar o posto no grupo A, subgrupo A, subescala técnica (artigo 169.1.a) TRRL).
- Respecto ao posto de Xefe/a Servizo administrativo e de control orzamentario faise constar que segundo o informe proposta de data 25.04.2022 (trámite 443) sometido a mesa de negociación en data 2.05.2022 sinalou " *O posto de Xefe servizo administrativo e control orzamentario, Na RPT 2010 figura na área de Servizos Xerais e Vías e Obras o posto de Xefe servizo administrativo e control orzamentario clasificado na escala AE/AE Non obstante a Xunta de Goberno local en sesión ordinaria de data 04/03/2016 prestou aprobación a modificación puntual da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP no 220, do martes 16 de novembro do 2010) en virtude do cal e, entre outros, creouse do Servizo administrativo e de control orzamentario na*





*Área de Fomento, e reconfiguración do posto de traballo de técnico/a de xestión existente na Área de Fomento, que pasará a ser a "Xefe/a do Servizo administrativo e de control orzamentario" na Área indicada, con nivel de complemento de destino 28/26 e nivel de complemento específico 640, (análogo á xefatura do servizo de electromecánicos existente na dita Área) sendo de adscripción indistinta un funcionario/a encadrado no subgrupo A1 ou A2, código de titulación 1/2, forma de provisión: LD. No documento actualizado da RPT publicado no ano 2017 na área de Servizos Xerais figura o posto de Xefe/a Servizo Administrativo e de control orzamentario clasificado no grupo A1/A2, Escala AE, titulación 1-2. A falta de aclaración mantense a clasificación do posto segundo o documento actualizado da RPT 2017 como último documento aprobado." Non obstante, conforme o sinalado no informe xurídico (trámite 686 )<< aos efectos da presente RPT as características dos postos estarase ao disposto na RPT aprobada no ano 2010 e a súas modificacións aprobadas con posterioridade. Os acordos específicos (acordo de aprobación da RPT 2010 e modificacións da RPT) prevalecerán sobre o documento unificado da relación de postos de traballo municipal para inserción no portal de transparencia aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 27 de abril de 2017.>>, procede, dado que o posto creado en 04/03/2016 é similar ao contemplado en 2010 procede establecer a escala AG/AE en tanto que o acordo específico de creación do postos de data 4.3.2016 non o especifica.*

- Auxiliar de servizos internos. Na proposta da RPT figura os auxiliares de servizo internos como AE.
  - Servizo limpeza: Na RPT 2010 figura que a praza é ocupada por persoal laboral fixo. Na RPT 2010 figura o posto clasificado como escala AG.
  - Servizo de Supervisión de Proxectos.- No figura dito posto na RPT 2010. Na RPT 2017 figura como AG.
  - Na RPT 2010 no Servizo de electromecánicos figura un posto como AE. A proposta actual non o recolle
  - No servizo de Patrimonio. Non figura na RPT 2010. Na RPT 2017 figura un posto como AE.
  - Na área de cultura . A RPT 2010 figura un posto como AE. Na RPT 2017 non se especifica.
  - Na área de Festas: na RPT 2017 se especifica como AE.

Apreciáanse incoherencias nos distintos documentos polo que se procede a súa corrección e clasificación dos postos de auxiliares de servizos internos como AE co fin de homoxeneizar e facilitar a mobilidade.

### **3.- Modificación do sistema de provisión de postos de traballo.**

O anexo da RPT publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP PO) de data 16.11.2010 e aprobada pola Xunta de Goberno local en sesión de data 20.09.2010 determina << *A forma de provisión normal será o concurso (na clave porase unha C) pero as xefaturas de unidades ou servicios de nivel 26 ou superior e os postos de especial responsabilidade e confianza provistaranse mediante libre designación (utilizando a clave LD). A adscripción a postos non singularizados, entendéndose por tales os que non se individualicen ou distinguan dos restantes postos de traballo polo seu contido ou condicións específicas para o seu exercicio, poderán ser adscritos por necesidades do servicio a outro da mesma natureza, nivel de complemento de destino e específico, por cambio de adscripción (utilizando a clave CA), segundo o disposto no art. 7 do Decreto 93/91, do 20 de marzo da Xunta de Galicia, concordante co art. 61 do R.d. 364/95, do 10 de marzo. O persoal eventual o nomea directamente a Alcaldía (utilízase a clave NDA).*

*As convocatorias de concurso ou de libre designación, efectuaranse con carácter interno, agás que en cada unha delas a Corporación acorde abrilas a outro colectivo de funcionarios.>>*

A presente modificación ten por obxecto principal a modificación dos sistema de provisión dos postos de traballo clasificados nos grupos A1 e A2 conforme as sentenza nº 62/2021, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no R.C.A. procedemento abreviado nº 180/2020 e sentenza nº249/2018 do Xulgado Contencioso Administrativo de data 13.11.2018 pola que se anula o apartado sexto do acordo da Xunta de Goberno Local de data 15.01.2018 e posterior acordo do mesmo órgano de data 12.04.2018 pola que se aproba as bases reitoras da convocatoria para a provisión definitiva, polo sistema de libre designación de catro postos de traballo pertencentes ao grupo A1, ao non resultar xustifico a idoneidade do procedemento excepcional de libre designación como forma de provisión do citado posto.

#### 3.1.- Sistema de provisión de postos de traballo

O artigo 101 da LRBRL remite en materia de provisión de postos de traballo as normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas do estatuto básico del empregado público.

Neste senso o artigo 78 do TREBEP determina << *1. Las Administraciones Públicas proveerán los puestos de trabajo mediante procedimientos basados en los principios de igualdad, mérito, capacidad y publicidad.*



**Concello de Vigo**

*2. La provisión de puestos de trabajo en cada Administración Pública se llevará a cabo por los procedimientos de concurso y de libre designación con convocatoria pública.*

*3. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo del presente Estatuto podrán establecer otros procedimientos de provisión en los supuestos de movilidad a que se refiere el artículo 81.2, permutas entre puestos de trabajo, movilidad por motivos de salud o rehabilitación del funcionario, reingreso al servicio activo, cese o remoción en los puestos de trabajo y supresión de los mismos.>>*

*O artigo 79 de dito texto legal << 1. El concurso, como procedimiento normal de provisión de puestos de trabajo, consistirá en la valoración de los méritos y capacidades y, en su caso, aptitudes de los candidatos por órganos colegiados de carácter técnico. La composición de estos órganos responderá al principio de profesionalidad y especialización de sus miembros y se adecuará al criterio de paridad entre mujer y hombre. Su funcionamiento se ajustará a las reglas de imparcialidad y objetividad>>*

O Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aprobou o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público sinala no seu artigo 80.2 que as leis de Función Pública que se ditasen no seu desenvolvemento establecerían os criterios para determinar os postos que pola súa especial responsabilidade e confianza poidan cubrirse polo procedemento de libre designación con convocatoria pública.

Neste senso o artigo 92.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego público de Galicia sinala que "*Solamente pueden proveerse por el procedimiento de libre designación con convocatoria pública entre personal funcionario de carrera las vicesecretarías generales, las subdirecciones generales o equivalentes, las secretarías de altos cargos y, excepcionalmente, aquellos puestos de trabajo de especial responsabilidad o cualificación profesional que se determinen en las relaciones de puestos de trabajo*".

A LEPG distingue entre o concurso ordinario como procedemento xeral de provisión dos postos de traballo que non teñan establecida outra forma de provisión na relación de postos de traballo (artigo 90.1) e o concurso específico como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo (artigo 91) sinalando que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública A opción polo concurso específico reservase para aqueles postos que polas especificacións derivadas das funcións a

realizar e as tarefas ou responsabilidades que o caracterizan, a xuízo do órgano administrativo convocante, deban ser incluídos nun concurso específico, a fin de garantir de maneira máis precisa a idoneidade do funcionario que finalmente resulte adxudicatario para o desempeño del puesto convocado (Sentencia Audiencia Nacional de 12 Jun. 2013, Rec. 49/2013).

Así mesmo o artigo 7 do Acordo regulador de condicións económicas e sociais dos funcionarios do Concello de Vigo determina que o sistema normal será o de concurso establecendo a dito efecto un baremo de méritos. Así mesmo, respecto ao persoal laboral o convenio colectivo dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo determina no seu artigo 7 que os postos de traballo proveranse con carácter xeral cos mesmos requisitos, condicións e procedementos que o previsto no caso de postos reservados a funcionarios.

Conforme a xurisprudencia a libre designación ten carácter excepcional aplicable so en función da especial responsabilidade e confianza que entrañen as función do posto e xustificadas na relación de postos de traballo.

E por isto que o concurso constitúe o sistema de provisión ordinario dos postos de traballo, e o de concurso específico e libre designación ten carácter extraordinario e precisado dunha motivación ou xustificación individualizada na relación de postos de traballo. Non obstante tal e como determina a STXG 338/2018 cando "*a justificación del sistema de provisión viene contemplada en una norma con rango de Ley no es preciso que en la convocatoria específica se contenga una referencia o defensa particularizada del sistema de provisión elegido.*"

### 3.2.- Proposta da modificación do sistema de provisión dos postos de traballo da RPT do Concello de Vigo.-

Tal e como sinala o informe da situación da RPT do Concello asinado en data 4.02.2022 a RPT vixente (publicada no BOP PO de data 7.06.2017, RPT publicada no BOP 16.11.2010 e a documentación remitida polo servizo de RRHH) require a sentenza 62/2021 do Xulgado Contencioso Administrativo nº2 de Vigo da súa modificación en tanto que a mesma establece como sistema de provisión de postos de traballo a libre designación (LD), concurso (C) e cambio de adscrición (CA) e non consta, respecto aos postos de libre designación motivación da especial confianza ou responsabilidade.

#### 3.2.1.- Libre designación

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aprobou o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público sinala no seu artigo 80.2



que as leis de Función Pública que se ditasen no seu desenvolvemento establecerían os criterios para determinar os postos que pola súa especial responsabilidade e confianza poidan cubrirse polo procedemento de libre designación con convocatoria pública. Neste senso o artigo 92.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego público de Galicia sinala que *"Solamente pueden proveerse por el procedimiento de libre designación con convocatoria pública entre personal funcionario de carrera las vicesecretarías generales, las subdirecciones generales o equivalentes, las secretarías de altos cargos y, excepcionalmente, aquellos puestos de trabajo de especial responsabilidad o cualificación profesional que se determinen en las relaciones de puestos de trabajo"*.

O auto do Tribunal Constitucional de data 18.10.2016 determina << *Los criterios que se infieren de lo dispuesto en dicho precepto y en la disposición ahora cuestionada, son que las funciones que justifican el recurso a la libre designación son las de carácter directivo o de especial responsabilidad y aquellas que requieran una confianza personal para ejercer sus funciones; que las subdirecciones generales o equivalentes, jefaturas de servicio o equivalentes y las secretarías de altos cargos reúnen los requisitos establecidos en el apartado anterior para ser provistos por libre designación, esto es, cumplen funciones directivas o de especial responsabilidad o confianza; y que, en el caso de los puestos que correspondan a las categorías antes mencionadas, la provisión por libre designación no es una decisión voluntaria de la Administración sino que viene impuesta por el legislador, mientras que para los puestos no encuadrados en estas categorías es la relación de puestos de trabajo la que podrá elegir entre concurso o libre designación siempre y cuando, claro está, los puestos tengan asignadas funciones de naturaleza directiva, de especial responsabilidad o de especial confianza y así se justifique en la relación de puestos de trabajo.>>*

Conforme a xurisprudencia do Tribunal Supremo (Las sentencias de la Sala 3ª del Tribunal Supremo de 10 de abril de 1996 y 10 de abril de 2000) respecto do artigo 20 da lei 30/84 determina que o sistema de libre designación previsto na Lei difire substancialmente dun sistema de libre arbitrio, xa que o seu perfil ven delimitado polos seguintes elementos:

- a) ten carácter excepcional, na medida que completa o método normal de provisión que é o concurso;
- b) Aplícase a postos determinados en atención á natureza das súas funcións;
- c) só entran en tal grupo os postos directivos e de confianza que a Lei relaciona (Secretarías de altos cargos e os de especial responsabilidad)
- d) A obxectivación dos postos desta última clase ("especial responsabilidad") está incorporada as relacións de postos de traballo, que deberán incluír, *"en todo caso, la*

*denominación y características esenciales de los puestos..." e serán públicas, coa consecuencia de facilitación do control.*

A Sentencia do Tribunal Supremo (TS) de data 31 de xullo de 2012 "1.- *La jurisprudencia de esta Sala viene insistiendo en el carácter excepcional que la Ley asigna a este sistema de libre designación y en la necesidad de que cuando se considere necesario acudir a él se haga, también excepcionalmente, y justificando, caso por caso, por qué debe utilizarse [así se han manifestado, entre otras, la sentencias de 11 de marzo de 2009 (casación 2332/2005 , 9 de febrero de 2009 (casación 7168/2004), 10 de diciembre de 2008 ), 24 de septiembre de 2008 (casación 5231/2004 ), 2 de julio de 2008 (casación 1573/2004), 7 de abril de 2008 (casación 7657/2003 ), 17 de diciembre de 2007 (casación 596/2005), 17 de septiembre de 2007 (casación 5466/2002 , 16 de julio de 2007 (casación 1792/2004 )].*

*Habiéndose de añadir que esa justificación, para que pueda ser considerada suficiente, exige describir las concretas circunstancias y cometidos concurrentes en el puesto de que se trate que permitan valorar si es o no de apreciar en el mismo el carácter directivo o la especial responsabilidad de los que depende la validez del sistema de libre designación, y que no bastan a estos efectos fórmulas estereotipadas o la mera denominación aplicada al puesto."*

Así mesmo o Tribunal Supremo en Sentenza de 9 de xullo de 2012 determina que: "El sistema de libre designación para cargos intermedios...no puede considerarse injustificado porque, como señalan ambas partes codemandadas, no se establece para todos ellos sino tan solo para los existentes en determinadas unidades administrativas, que por la elevada importancia jerárquica que les corresponde, hacen aconsejable que el cargo intermedio desarrolle sus funciones en una estrecha colaboración con los cargos directivo."

Nas entidades locais cabe sinalar que tal e como sinala o informe da Comisión para a preparación e estudo do EBEP de data 25 de abril de 2005 é preciso ter en conta esa peculiaridades que afectan ao emprego público no ámbito da Administración Local e respecto ao persoal directivo dispón " *Otra nota distintiva es la práctica ausencia y la relativa innecesariedad de personal directivo, salvo en las Entidades Locales de cierta dimensión, habida cuenta de que en la mayoría de los municipios la diferencia entre política y administración aparece muy difuminada."*

Non obstante cómpre sinalar que nos municipios de gran poboación o artigo 130 da LRBRL distingue, entre órganos superiores (Alcalde e membros da Xunta de Goberno Local) e órganos directivos, diferenciando entre estes os de carácter necesario e os de carácter potestativo. Dentro dos primeiros, o titular da asesoría xurídica, o Secretario Xeral do Pleno, o Interventor Xeral, o titular de órgano de apoio á Xunta



## Concello de Vigo

de Goberno Local e o Concelleiro-Secretario da mesma, así como os titulares dos órganos de dirección dos organismos autónomos e entidades públicas empresariais da entidade. Respecto aos de carácter potestativo, inclúense os Coordinadores Xerais e Directores Xerais: os primeiros dependentes da Xunta de Goberno Local, sendo o seu número variable e determinado polo Alcalde, e os segundos, dependentes á súa vez dos Coordinadores Xerais e de número igualmente variable determinado polo Alcalde, culminando estes a organización administrativa dentro de cada unha das grandes Áreas ou Concellerías. Non obstante no Concello de Vigo os órganos directivos se limitan aos órganos directivos de carácter necesario, é dicir, ao titular da asesoría xurídica, o Secretario Xeral do Pleno, o Interventor Xeral, o titular de órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e o Concelleiro-Secretario da mesma.

Serán obxecto de provisión polo sistema de libre designación os seguintes:

### **1- Órganos directivos municipais**

De conformidade co artigo 130 da LRBRL son órganos directivos

- a) O/a secretario/a de Goberno Local (Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local e ao Concelleiro Secretario).
- b) A titular da asesoría xurídica.
- c) O secretario xeral del Pleno.
- d) O interventor xeral municipal.

A provisión dos postos reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional se efectuará polo procedemento previsto no artigo 99 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e demais normas de aplicación para a libre designación e requirirá, en todo caso, unha previa convocatoria pública.

O órgano directivo da Asesoría Xurídica será nomeado e separado pola Xunta de Goberno Local, entre persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión do título de licenciado en dereito.
- b) Ostentar a condición de funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional, ou ben funcionario do Estado, das Comunidades autónomas ou das Entidades locais, aos que se esixa para o seu ingreso o título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equiparable

Así mesmo serán obxecto de provisión polo sistema de libre designación conforme a súa lexislación específica (Rd 128/de 16 de marzo, por el que se regula el réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional) os postos reservados a funcionarios de habilitación) de carácter nacional

que a continuación se relacionan:

- Tesoureiro: (artigo 92 da LRBRL)
- Postos de colaboración; interventor/a adxunto, Viceinterventor/a adxunto/a e Secretario/a de Administración Municipal( artigo 99.2 da LRBRL e artigo 15 do Rd 128/de 16 de marzo)

Tribunal económico administrativo: o presidente, vogal e secretario (artigo 137 da LRBRL)

## **2 .- Postos de especial responsabilidade e confianza**

Aos efectos de determinar os postos a proveer polo sistema de libre designación tívose en conta a especial responsabilidade e confianza que conleva o exercicio das funcións inherentes a ditos postos conforme os criterios xurisprudenciais e Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os criterios de excepcionalidade para a provisión de postos de traballo por libre designación son os seguintes:

a) Especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada do Concello. A especial responsabilidade fundaméntase en que os responsables deste tipo de información deben extremar a confidencialidade e discreción por encima do esixido a calquera funcionario, pois a súa difusión pode xerar importantes problemas de seguridade para o Concello. Este criterio afecta a:

- Actuacións de protocolo, cerimonial e relacións públicas da Alcaldía.
- Información estratéxica para a toma de decisións de órganos superiores do Goberno Local
- Asesoramento e dependencia directa dun órgano superior.

b) Especial responsabilidade por garantir unha adecuada toma de decisións que supoñen a limitación de dereitos en situacións de alerta sanitaria ou emerxencia. A especial responsabilidade desta atribución deriva de que, como consecuencia dunha situación de alerta sanitaria ou emerxencia que antepón o interese público ao interese privado, o exercicio da responsabilidade no posto de traballo pode levar á toma de decisións e ao establecemento de instrucións de actuación que afecten os dereitos das persoas.





## Concello de Vigo

c) Especial responsabilidade por garantir a protección de datos persoais, que se fundamenta na facultade de decisión sobre os sistemas e procedementos garantes do cumprimento de dereitos amparados pola normativa de protección de datos de carácter persoal, e exercerase ao desempeñar funcións que leven responsabilidade directa sobre os sistemas de protección de datos persoais.

d) Especial responsabilidade relacionada coa axuda á toma de decisións dos órganos políticos en aplicación de criterios e directrices políticas con instrumentos de organización de contido de fondo non regrado( elaboración de instrumentos de organización, planificación e ordenación),

En base a ditos criterios porponse como postos a proveer por libre designación os seguinte:

### **500.- Dirección de ingresos**

#### **Director/a de ingresos e xestión catastral delegada**

Segundo a guía de funcións correspóndelle as funcións asociadas ao posto tipo "Xefe/a de Area" que implican unha planificación e xestión estratéxica da área que implican procesos de planificación, organización, avaliación, control e seguimento dos resultados. Concretamente se lle atribúe en materia da xestión estratéxica da área de ingresos as seguintes funcións:

- Levar a cabo a planificación estratéxica da área da que é responsable, tendo en conta a planificación realizada por cada Xefe/a de Servizo, e o contexto político, social e económico no que se atopa a organización, analizando a situación actual e establecendo os obxectivos da área a curto, medio e longo prazo, así como as liñas estratéxicas a seguir e as accións necesarias a levar a cabo para lograr a súa consecución.
- Establecer, de acordo cos criterios dos órganos de goberno, as prioridades dos servizos, departamentos, seccións e unidades que forman parte da área, así como os obxectivos parciais de cada un deles, en liña cos obxectivos estratéxicos globais determinados.

(..)

- Realizar o seguimento da planificación estratéxica definida, mediante a avaliación do cumprimento dos obxectivos marcados e os indicadores de seguimento das accións deseñadas.

- Manter aos seus superiores xerárquicos informados do nivel de consecución dos obxectivos estratéxicos establecidos e proporlles, en caso de que sexa necesario, a implantación de accións correctoras

As funcións asignadas ao posto de traballo teñen unha elevada importancia no adecuado funcionamento da área de ingresos toda vez que segundo informe económico financeiro que consta no expediente de aprobación do presuposto do Concello do ano 2022 o importe total do orzamento de ingresos ascende a 285.502.256,18€ dos que corresponden a operacións correntes 261.322.088,36€ (capítulos I a V) e a operacións de capital, 24.180.167,82€. A especial responsabilidade fundaméntase na axuda á toma de decisións dos órganos políticos en aplicación de criterios e directrices políticas respecto de proxectos de ordenanzas fiscais, prezos públicos e de prestacións patrimoniais de carácter público non tributaria e as súas modificacións ou derogacións de xeito que no exercicio das súas funcións o/a titular do posto afecta e condiciona o comportamento do Concello na planificación e xestión en materia de ingresos públicos e a súa inspección. Así mesmo o posto ten atribuído a función de coordinación das unidades administrativas inferiores, coa estrutura que reflicte a RPT (inspección de tributos, xestión catastral delegada, xefatura e ingresos directos, negociado ICIO), polo que se require das decisións propias de superior xerárquico para o seu correcto funcionamento. Isto implica un maior grao de responsabilidade no só porque o coordinador se faga partícipe da responsabilidade que lle corresponde aos distintos titulares das unidades coordinadas senón porque asume a derivada da propia labor de coordinación das actuacións, proxectos ou xestións no exercicio das competencias atribuídas ao órgano superior.

A especial confianza ven determinada pola atribución ao posto de funcións que implican un asesoramento cualificado ao órgano de goberno inmediato que require contar cunha especial confianza de dita persoa, coa que ha de mantense un contacto profesional permanente e estreito, en orden a eficacia na execución das directrices e liñas de xestión das competencias na área. Así mesmo a persoa titular do posto ten unha especial posición dentro da organización administrativa xa que depende directamente do Alcalde/concelleiro delegado polo que no exercicio das súas funcións manexa datos e información de carácter interno que en moitas ocasións ten carácter restrinxido e reservado.

A natureza das funcións, o grado de competencia a responsabilidade que esixe para o desempeño do posto determinan a necesidade de contar con persoal funcionario de total confianza e implicación na consecución dos obxectivos impostos polo órgano superior



## **210.- Área de mobilidade, seguridade de tráfico e extinción de incendios**

### **Xefatura da área de mobilidade, seguridade de tráfico e extinción de incendios**

A Xefatura de área ten asignadas funcións que implican unha planificación e xestión estratéxica da área que implican procesos de planificación, organización, avaliación, control e seguimento dos resultados. Concretamente se lle atribúe en materia da xestión estratéxica da área de ingresos as seguintes funcións:

- Levar a cabo a planificación estratéxica da área da que é responsable, tendo en conta a planificación realizada por cada Xefe/a de Servizo, e o contexto político, social e económico no que se atopa a organización, analizando a situación actual e establecendo os obxectivos da área a curto, medio e longo prazo, así como as liñas estratéxicas a seguir e as accións necesarias a levar a cabo para lograr a súa consecución.
- Establecer, de acordo cos criterios dos órganos de goberno, as prioridades dos servizos, departamentos, seccións e unidades que forman parte da área, así como os obxectivos parciais de cada un deles, en liña cos obxectivos estratéxicos globais determinados.

(..)

- Realizar o seguimento da planificación estratéxica definida, mediante a avaliación do cumprimento dos obxectivos marcados e os indicadores de seguimento das accións deseñadas.
- Manter aos seus superiores xerárquicos informados do nivel de consecución dos obxectivos estratéxicos establecidos e proporlles, en caso de que sexa necesario, a implantación de accións correctoras

As funcións asignadas ao posto de traballo teñen unha elevada importancia en materia de seguridade cidadana e mobilidade en tanto no seu ámbito de reponsabilidade xestiona o corpo da Policía Local que abrangue máis do 50 por centos dos efectivos da plantilla municipal que traballan a distintas quendas, portan armas. Así mesmo a Alcaldía ten atribuída a xefatura da Policía Municipal polo que o titular do posto lle corresponde o asesoramento e dependencia do órgano superior. Así mesmo a especial responsabilidade fundaméntase en garantir unha adecuada toma de decisións que supoñen a limitación de dereitos en situacións de alerta sanitaria ou emerxencia que antepón o interese público ao interese privado, o exercicio da responsabilidade no posto de traballo pode levar a toma de decisións que supoñan a limitación de dereitos de propiedade, de libre circulación e residencia de persoas, ou outros dereitos individuais en situacións de emerxencia.

O posto ten atribuído as funcións de coordinación dos servizos/ unidades administrativas (servizo de seguridade, Policía Local, Extinción de incendios/Protección Civil) coa estrutura que reflicte a RPT, se require das decisións propias de superior xerárquico para o seu correcto funcionamento. Isto implica un maior grao de responsabilidade non só porque o coordinador se faga partícipe da responsabilidade que lle corresponde aos distintos titulares das unidades coordinadas senón porque asume a derivada da propia labor de coordinación das actuacións, no exercicio das competencias atribuídas aos órganos superiores. Así mesmo a especial responsabilidade radica no control e uso de datos persoais do persoal adscrito ao servizo da Policía Local, así como o seu armamento, uniformidade e medios técnicos.

A especial confianza ven determinada pola atribución ao posto de funcións que implican un asesoramento cualificado ao órgano de goberno superior inmediato que require contar cunha especial confianza de dita persoa, coa que ha de mantense un contacto profesional permanente e estreito, en orden a eficacia na execución das directrices e liñas de xestión das competencias en materia de política da área de seguridade. Así mesmo a persoa titular do posto ten unha especial posición dentro da organización administrativa xa que depende directamente do Alcalde/concelleiro delegado polo que no exercicio das súas funcións manexa datos e información de carácter interno que en moitas ocasións ten carácter restrinxido e reservado.

A natureza das funcións, o grao de competencia e responsabilidade que esixe para o desempeño do posto determinan a necesidade de contar con persoal funcionario de total confianza e implicación na consecución dos obxectivos impostos polo órgano superior.

#### **440.- Área de Servizos Xerais e Vías e obras**

##### **Xefatura da área de Servizos Xerais**

A Xefatura de área ten asignadas funcións que implican unha planificación e xestión estratéxica da área que implican procesos de planificación, organización, avaliación, control e seguimento dos resultados.

A especial responsabilidade fundaméntase en que o posto ten como finalidade o desenvolvemento da proposta e concreción da actividade planificativa, estratéxica da área e na axuda á toma de decisións dos órganos políticos en aplicación de criterios e directrices políticas con instrumentos de planificación de contido de fondo non regrado en materia de infraestruturas e servizos urbanos. Así mesmo o posto ten atribuído as funcións de coordinación de unidades administrativas inferiores (servizo de vías e obras, taller de vías e obras, supervisión de proxectos e asistencia, servizo de electromecánicos, parque móbil), coa estrutura que reflicte a RPT, polo que se



require das decisións propias de superior xerárquico para o seu correcto funcionamento. Isto implica un maior grao de responsabilidade no só porque o coordinador se faga partícipe da responsabilidade que lle corresponde aos distintos titulares das unidades coordinadas senón porque asume a derivada da propia labor de coordinación das actuacións, proxectos ou xestións no exercicio das competencias atribuídas ao órganos superior.

A especial confianza ven determinada pola atribución ao posto de funcións que implican un asesoramento cualificado ao órgano de goberno inmediato que require contar cunha especial confianza de dita persoa, coa que ha de mantense un contacto profesional permanente e estreito, en orden a eficacia na execución das directrices e liñas de xestión das competencias na área. É precisamente no exercicio das funcións de apoio, asistencia ou asesoramento onde é máis innecesaria a relación de confianza debido a que vai permitir que as mesmas se desenvolvan desde unha perspectiva técnica pero tamén valorando aspectos de oportunidade e conveniencia esenciais na toma de decisións porque permite a consideración de todos os factores que inciden na viabilidade dos distintos proxectos, máxime se se desenvolven no marco das relacións interadministrativas nas que a valoración dos intereses públicos representados por todas as partes deben ser analizado no seu conxunto e non meramente desde a posición a administración á que se pertence.

A natureza das funcións, o grao de competencia a responsabilidade que esixe para o desempeño do posto determinan a necesidade de contar con persoal funcionario de total confianza e implicación na consecución dos obxectivos impostos polo órgano superior.

### **Xefatura da Área de Inversións**

Actualmene o posto desenvolve funcións ligadas a captación e xestión de fondos susceptibles de xenerar grandes inversións e contribúen á construción de cidade e de novos modelos de desenvolvemento cidadán que implican a creación de emprego e gran impacto para a cidadanía así como o seu seguimento e verificación de resultados.

A especial responsabilidade fundaméntase na axuda á toma de decisións dos órganos superiores en materia de axudas, fondos europeos que requiren de instrumentos de planificación e xestión (plans de riscos, procesos de autoavaliación..). Así mesmo o posto conleva facultades de coordinación horizontal entendida como búsqueda de cauces de relación entre unidades administrativas co fin de dar respostas integrais e integradoras que implican a varias unidades administrativas e axentes externos, e dicir, conleva unha relación continúa entre as diferentes unidades asegurando unha función catalizadora entre a dimensión transversal e sectorial e da administración municipal, para o cal deberán levar a cabo técnicas de organización e dirección de

proxectos no seguimento e coordinación da intervención administrativa necesaria para a posta en marcha dos mesmos. Así mesmo a especial responsabilidade deriva da xestión de información especialmente reservada do Concello de xeito que os responsables deste tipo de información deben extremar a confidencialidade e discreción por encima do esixido a calquera funcionario.

A especial confianza radica no exercicio das funcións de apoio, asistencia ou asesoramento ao órgano inmediato superior debido a que vai permitir que as mesmas se desenvolvan desde unha perspectiva técnica pero tamén valorando aspectos de oportunidade e conveniencia esenciais na toma de decisións porque permite a consideración de todos os factores que inciden na viabilidade dos distintos proxectos.

A natureza das funcións, o grado de competencia a responsabilidade que esixe para o desempeño do posto determinan a necesidade de contar con persoal funcionario con coñecementos específicos e implicación na consecución dos obxectivos impostos polo órgano superior.

## **242. Contratación**

### **Xefatura da área de contratación e novos proxectos.-**

A Xefatura de área ten asignadas funcións que implican unha planificación e xestión estratéxica en materia de contratación que implican procesos de planificación, organización, avaliación, control e seguimento dos resultados en materia de contratación cun marcado carácter transversal.

A especial responsabilidade fundaméntase na facultades na toma de decisións en materia de instrumentos de planificación estratéxica. Dentro da denominada «Estrategia Europa 2020», a contratación pública desempeña un papel clave, posto que se configura como un dos instrumentos baseados no mercado interior que deben ser utilizados para conseguir un crecemento intelixente, sostible e integrador, garantindo ao mesmo tempo un uso máis eficiente con maior racionalidade económica de los fondos públicos. De acordo coas actuais Directivas europeas sobre contratación pública (Directiva 2014/24; e 5 da Directiva 2014/25), a contratación pública estratéxica consiste na incorporación de políticas de desenvolvemento ambiental, social, ético, económico, de innovación e promoción das pemes, sen esquecer o cumprimento dos principios xerais de contratación pública. Ditos elementos foron incorporados e reforzados na Lei 9/2017, dos contratos do sector público (LCSP), nos que se determina que en todos os contratos públicos, os criterios sociais e ambientais que se relacionan co obxecto do contrato deben ser incorporados de forma transversal, e ademais, facilitarase o acceso á contratación



**Concello de Vigo**

	01	2200106	TÉCNICO/A ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE RRHH.	26	680	19839,4	A2	S	AE	CE	C	32-33-34-35			1
	01	2200107	TÉCNICO/A MEDIO/A RELACIÓNS LABORAIS	25	690	16777,74	A2	S	AE	CE	C	2			1
	01	2200108	TÉCNICO/A PREVENCIÓN RISCOS LABORAIS	26	640	26876,08	A2	N	AE	TM	C	2	Técnico sup PRL especialidades seguridade no traballo, hixiene industrial e ergonomía, psicología aplicada		2
<b>UNIDADE ADMINISTRATIVA</b>	<b>REL. EMPREGO</b>	<b>REF POSTO</b>	<b>DENOMINACIÓN POSTO</b>	<b>NIVEL C.D.</b>	<b>C.E.</b>	<b>IMPORTE ANUAL C.E.</b>	<b>GR</b>	<b>TP</b>	<b>ES</b>	<b>CP/ SBE/ CL</b>	<b>FP</b>	<b>TITU</b>	<b>FORMACIÓN ESP.</b>	<b>OBS.</b>	<b>DOT</b>
	01	2200109	ADMINISTRATIVO/A	19	317	11061,68	C1	N	AG	ADTVA	C	3			6
	01	2200110	INSPECTOR AUXILIAR RECURSOS HUMANOS	18	149	11977,7	C2	S	AE	AUX	C	4			1
	01	2200111	AUXILIAR	16	159	9957,22	C2	N	AG	AUX	C	4			3

242 – CONTRATACIÓN															
	01	2420101	XEFE/A AREA CONTRATACIÓN E NOVOS PROXECTOS	28	615	44137,1	A1	S	AG/AE	ST/TS	LD	1			1
	01	2420102	XEFE/A DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN	28	625	32880,54	A1	S	AG	ST	CE	1			1
	01	2420103	TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	26	680	19839,4	A1	N	AG	ST	C	titulo de grao/licenciado/a ou equivalente en dereito ou de calquera das titulacións esixidas no artigo 169.2.a) do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado mediante Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril.			2
	01	2420104	XEFE/A OFICINA ADMINISTRATIVA CONTRATACIÓN	22	320	12966,52	C1	S	AG	ADTVA	C	3			1
	01	2420105	ADMINISTRATIVO/A	19	317	11061,68	C1	N	AG	ADTVA	C	3			1
	02	2420206	AUXILIAR TÉCNICO CONTRATACIÓN	16	142	12491,5	C2	S	AG/AE	AUX/TAUX	C	4			1
	01	2420107	AUXILIAR	16	159	9957,22	C2	N	AG	AUX	C	4			1
215 - MEDIO AMBIENTE															
	01	2150101	XEFE/A SERVIZOS MEDIO AMBIENTE, SANIDADE E CONSUMO	28	625	32880,54	A1	S	AG	ST	CE	6			1
UNIDADE ADMINISTRATIVA	REL. EMPREGO	REF POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	NIVEL C.D.	C.E.	IMPORTE ANUAL C.E.	GR	TP	ES	CP/ SBE/ CL	FP	TITU	FORMACIÓN ESP.	OBS.	DOT
	01	2150102	TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	26	680	19839,4	A1	N	AG	ST	C	titulo de grao/licenciado/a ou equivalente en dereito ou de calquera das titulacións esixidas no artigo 169.2.a) do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado mediante Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril.	Dereito		1
	01	2150103	INSPECTOR/A MEDIO AMBIENTE	20	153	13300,42	C1	N	AE	CE	C	3			3
	01	2150104	INSPECTOR/A AUX. MEDIO AMBIENTE	18	153	13300,42	C2	N	AE	CE	C	4			1
	01	2150108	XEFE/A NEGOCIADO MEDIO AMBIENTE	22	320	12966,52	C1	S	AG	ADTVA	C	3			1
	01	2150109	AUXILIAR	16	159	9957,22	C2	N	AG	AUX	C	4			4
	02	2150205	ENCARGADO/A XERAL MEDIO AMBIENTE	20	88	16132,2	C1	S			C	3			1
	02	2150206	OFICIAL LACEIRO/A	16	157	10573,22	C2	S			C	4			2

	02	2150210	AXUDANTE OFICIOS	14	562	10165,82	AP	N			C	Non se require estar en posesión de ningunha titulación das previstas no sistema educativo			1
<b>302 - O.M.I.C.</b>	01	3020101	XEFE/A NEGOCIADO CONSUMO	22	320	12966,52	C1	S	AG	ADTVA	C	3			1
	01	3020102	INSPECTOR/A CONSUMO	20	153	13300,42	C1	S	AE	CE	C	3			1
	01	3020103	ADMINISTRATIVO/A	19	317	11061,68	C1	N	AG	ADTVA	C	3			1
<b>303 – CEMITERIOS</b>	01	3030101	ENCARGADO SERVIZO CEMITERIOS	18	307	14966,84	C1	S	AE	CE	C	3			1
<b>UNIDADE ADMINISTRATIVA</b>	<b>REL. EMPREGO</b>	<b>REF POSTO</b>	<b>DENOMINACIÓN POSTO</b>	<b>NIVEL C.D.</b>	<b>C.E.</b>	<b>IMPORTE ANUAL C.E.</b>	<b>GR</b>	<b>TP</b>	<b>ES</b>	<b>CP/ SBE/ CL</b>	<b>FP</b>	<b>TITU</b>	<b>FORMACIÓN ESP.</b>	<b>OBS.</b>	<b>DOT</b>
	01	3030102	AUXILIAR	16	159	9957,22	C2	N	AG	AUX	C	4			1
	01	3030103	INSPECTOR/A AUXILIAR CEMITERIOS	18	153	13300,42	C2	S	AE	CE	C	4			1
	01	3030104	XEFE/A EQUIPO CEMITERIOS	17	550	12165,86	C2	S	AE	CE	C	4			1
	02	3030205	OFICIAL ALBANEL	16	157	10573,22	C2	N			C	4			1
	02	3030206	OFICIAL SEPULTUREIRO	16	172	10917,2	C2	N			C	4			15
<b>310 – SANIDADE</b>	01	3100101	TÉCNICO/A SANIDADE E SALUBRIDADE	26	680	19839,4	A1	N	AE	TS	C	101-103			3
	01	3100102	INSPECTOR/A SANIDADE,VERTIDOS E SALUBRIDADE PUB.	20	153	13300,42	C1	S	AE	CE	C	4			1
	01	3100103	INSPECTOR/A SANIDADE	20	153	13300,42	C1	N	AE	CE	C	4			1
	01	3100104	XEFE/A NEGOCIADO SANIDADE	22	320	12966,52	C1	S	AG	ADTVA	C	3			1
	01	3100106	AUXILIAR	16	159	9957,22	C2	N	AG	AUX	C	4			1
<b>311 - SERVIZO CONTROL DE PLAGAS</b>	02	3110201	OFICIAL DESINFECTOR/A	16	157	10573,22	C2	N				4			4
<b>612 - VIGO ZOO</b>	01	6120103	CONSERVADOR/A	25	401	19839,4	A2	N	AE	CE	C	21-28-29			1
	01	6120104	TÉCNICO/A EDUCACIÓN AMBIENTAL E INTERPRE. ZOO	26	690	16777,74	A1/A2	S	AE	TS-TM	C	1-2			1
	02	6120201	DIRECTOR/A DE RÉXIME INTERIOR - ZOO	26	400	23377,2	A1	S			C	1			1
	02	6120202	VETERINARIO - ZOO	26	302	25449,34	A1	N			C	29			1
	02	6120205	ADMINISTRATIVO/A - ZOO	19	403	11688,88	C1	S			C	3			1
	02	6120206	CAPATAZ - ZOO	18	407	14308,28	C2	S			C	4			1
	02	6120207	CONDUTOR MECÁNICO - ZOO	16	410	11345,18	C2	S			C	4			1
	02	6120208	RESPONSABLE DE INSTALACIÓNS - ZOO	18	306	16454,2	C2	S			C	4			1
<b>UNIDADE ADMINISTRATIVA</b>	<b>REL. EMPREGO</b>	<b>REF POSTO</b>	<b>DENOMINACIÓN POSTO</b>	<b>NIVEL C.D.</b>	<b>C.E.</b>	<b>IMPORTE ANUAL C.E.</b>	<b>GR</b>	<b>TP</b>	<b>ES</b>	<b>CP/ SBE/ CL</b>	<b>FP</b>	<b>TITU</b>	<b>FORMACIÓN ESP.</b>	<b>OBS.</b>	<b>DOT</b>
	02	6120209	OFICIAL COIDADOR, MANTEMENTO, VIXILANCIA E CONTROL	16	409	11345,18	C2	N			C	4		Un posto correspondente a persoal laboral indefinido non fixo por sentenza xudicial	12
<b>322 - INSTITUTO MPAL. EDUCACIÓN</b>	01	3220101	TÉCNICO/A ACTIVIDADES CULTURAIS E EDUCATIVAS	26	680	19839,4	A1	N	AE	CE	C	1			1

	01	3220102	ORDENANZA PORTEIRO	14	566	9564,38	AP	N	AG	SUB	C	Non se require estar en posesión de ningunha titulación das previstas no sistema educativo			1
	01	3220103	TÉCNICO/A MEDIO ACTIV. CULTURAIS E EDUCATIVAS	25	690	16777,74	A2	N	AE	SE CE	C	2			1
<b>332 - EDUCACIÓN</b>	01	3320101	XEFE/A NEGOCIADO ESCOLAS MUNICIPAIS	22	320	12966,52	C1	S	AG	ADTVA	C	3			1
	01	3320102	AUXILIAR SERVIZOS INTERNOS	16	159	9957,22	C2	N	AE	CE	C	4			1
	01	3320103	ENCARGADO/A OFICINA TCA. EDUCACIÓN	20	88	16132,2	C1	S	AE	TAUX	C	3			1
	01	3320104	AXUDANTE TÉCNICO EDUCACIÓN	16	162	9755,06	C2	S	AE	CE	C	4			1
	02	3320206	XEFE/A EQUIPO OFICIOS	17	409	11345,18	C2	N			C	4			1
	02	3320207	OFICIAL INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	16	157	10573,22	C2	N			C	4			27
	02	3320208	OFICIAL SEPULTUREIRO	16	172	10917,2	C2	N			C	4			1
	02	3320209	AXUDANTE MANTEMENTO	14	550	12165,86	AP	N			C	Non se require estar en posesión de ningunha titulación das previstas no sistema educativo			1
	02	3320210	VIXIANTE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	14	562	10165,82	AP	N			C	Non se require estar en posesión de ningunha titulación das previstas no sistema educativo			8
<b>UNIDADE ADMINISTRATIVA</b>	<b>REL. EMPREGO</b>	<b>REF POSTO</b>	<b>DENOMINACIÓN POSTO</b>	<b>NIVEL C.D.</b>	<b>C.E.</b>	<b>IMPORTE ANUAL C.E.</b>	<b>GR</b>	<b>TP</b>	<b>ES</b>	<b>CP/ SBE/ CL</b>	<b>FP</b>	<b>TITU</b>	<b>FORMACIÓN ESP.</b>	<b>OBS.</b>	<b>DOT</b>
<b>342 - ADMINISTRACIÓN XERAL DE EDUCACIÓN</b>	01	3420101	XEFE/A SERVIZO EDUCACIÓN	28	625	32880,54	A1	S	AG/AE	ST/TS	CE	1			1
	01	3420102	TÉCNICO/A RESPONSABLE EDUC. ADULTOS	26	670	21026,46	A1/A2	S	AE	TS-TM	C	1-2			1
	01	3420103	XEFE/A NEGOCIADO EDUCACIÓN	22	320	12966,52	C1	S	AG	ADTVA	C	3			1
	01	3420104	ADMINISTRATIVO/A	19	317	11061,68	C1	N	AG	ADTVA	C	3			2
	01	3420105	AUXILIAR	16	159	9957,22	C2	N	AG	AUX	C	4			3
<b>613 - EMAO</b>	01	6130103	MESTRE/A FORMACIÓN EMAO	22	140	13363,98	C1	N	AE	CE	C	3			6
	01	6130107	ADMINISTRATIVO/A	19	317	11061,68	C1	N	AG	ADTVA	C	3			1
	02	6130201	XEFE/A ESTUDOS EMAO	26	680	19839,4	A1	S			C	1			1
	02	6130203	MESTRES DE FORMACIÓN - EMAO	22	140	13363,98	C1	N			C	3			4
	02	6130203	MESTRE DE FORMACION EMAO	22	140	13363,98	C1	N			C	2	Formacion en artesanía e coiro	Persoal laboral indefinido non fixo por sentenza xudicial	1
	02	6130204	MESTRES DE OFICIOS - EMAO	25	15	14759,78	A2	N			C	2			1

	02		MESTRES DE OFICIOS - EMAO	25	15	14759,78	A2	N			C					1
	02	6130208	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	16	159	9957,22	C2	N			C	4				2
<b>UNIDADE ADMINISTRATIVA</b>	<b>REL. EMPREGO</b>	<b>REF POSTO</b>	<b>DENOMINACIÓN POSTO</b>	<b>NIVEL C.D.</b>	<b>C.E.</b>	<b>IMPORTE ANUAL C.E.</b>	<b>GR</b>	<b>TP</b>	<b>ES</b>	<b>CP/ SBE/ CL</b>	<b>FP</b>	<b>TITU</b>	<b>FORMACIÓN ESP.</b>	<b>OBS.</b>	<b>DOT</b>	
	02	6130209	ORDENANZA - EMAO	14	566	9564,38	AP	N			C	Non se require estar en posesión de ningunha titulación das previstas no sistema educativo				2
	02	613102	TÉCNICO/A DEPARTAMENTO MÚSICA TRADICIONAL - EMAO	26	680	19839,4	A1	N			C	1				1
	02	613105	TÉCNICO/A MEDIO BIBLIOTECA	25	690	16777,74	A2	N	AE	TM	C	2				1
<b>413 - PATRIMONIO HISTÓRICO</b>	01	4130101	XEFE/A PATRIMONIO HISTÓRICO	26	650	24904,18	A1/A2	S	AE	CE	CE	1-2				1
	01	4130102	ARQUEÓLOGO/A	26	680	19839,4	A1	N	AE	TS	C	76				1
	01	4130103	TÉCNICO/A XESTIÓN CONSERVADOR/A ESPAZOS NATURAIS PATRIM HISTÓRICO	25	690	16777,74	A2	N	AE	CE	C	2				1
	01	4130104	ADMINISTRATIVO/A AUXILIAR	18	307	14966,84	C1	S	AE	CE	C	3				1
	01	4130105	ADMINISTRATIVO/A AUXILIAR	19	317	11061,68	C1	N	AG	ADTVA	C	3				2
	01	4130106	INSPECTOR/A MEDIO AMBIENTE	16	159	9957,22	C2	N	AG	AUX	C	4				1
	01	4130107	AXUDANTE OFICIOS	20	153	13300,42	C1	S	AE	CE	C	3				1
	02	4130209	OFICIAL XARDINEIRO/A	14	562	10165,82	E	N			C	5				1
	02	4130208		16	157	10573,22	C2	N			C	4				3
<b>104 - TURISMO</b>	01	1040101	XEFE/A TURISMO	26	650	24904,18	A1/A2	S	AE	TS-TM	CE	12-20-22-23-24-33-34-35-36-40-64-65-66-72				1
<b>UNIDADE ADMINISTRATIVA</b>	<b>REL. EMPREGO</b>	<b>REF POSTO</b>	<b>DENOMINACIÓN POSTO</b>	<b>NIVEL C.D.</b>	<b>C.E.</b>	<b>IMPORTE ANUAL C.E.</b>	<b>GR</b>	<b>TP</b>	<b>ES</b>	<b>CP/ SBE/ CL</b>	<b>FP</b>	<b>TITU</b>	<b>FORMACIÓN ESP.</b>	<b>OBS.</b>	<b>DOT</b>	
	01	1040102	TÉCNICO/A ACTIVIDADES TURÍSTICAS	25	690	16777,74	A2	S	AE	TM	C	72				1
	01	1040103	AUXILIAR	16	159	9957,22	C2	N	AG	AUX	C	4				1
	02	1040204	ADMINISTRATIVOS SERVICIOS TURISTICOS	19	316	10098,62	C1	S			C	3			Persoal laboral indefinido non fixo por sentenza xudicial(3)	3
<b>333 - XUVENTUDE</b>	01	3330101	XEFE/A XUVENTUDE	26	650	24904,18	A1/A2	S	AE	TS-TM	CE	1-2				1
	01	3330102	TÉCNICO/A MEDIO ACTIV. CULTURAIS E EDUCATIVAS	25	690	16777,74	A2	N	AE	CE	C	2	Actividades culturais e educativas			1
	01	3330103	ENLACE INFORMÁTICO XUVENTUDE	16	142	12491,5	C2	S	AG/AE	AUX/ CE	C	4				1
	02	3330204	INSPECTOR AUXILIAR DE SERVICIOS	18	153	13300,42	C2	N	AE	CE	C	4				1



	02	3330205	AXUDANTE OFICIOS	14	562	10165,82	AP	N			C	Non se require estar en posesión de ningunha titulación das previstas no sistema educativo			1
<b>16 - DEPORTES</b>	01	1500101	XEFE/A NEGOCIADO DEPORTES	22	320	12966,52	C1	S	AG	ADTVA	C	3			1
	01	1500102	ADMINISTRATIVO/A	19	317	11061,68	C1	N	AG	ADTVA	C	3			1
	01	1500103	AUXILIAR	16	159	9957,22	C2	N	AG	AUX	C	4			1
<b>UNIDADE ADMINISTRATIVA</b>	<b>REL. EMPREGO</b>	<b>REF POSTO</b>	<b>DENOMINACIÓN POSTO</b>	<b>NIVEL C.D.</b>	<b>C.E.</b>	<b>IMPORTE ANUAL C.E.</b>	<b>GR</b>	<b>TP</b>	<b>ES</b>	<b>CP/ SBE/ CL</b>	<b>FP</b>	<b>TITU</b>	<b>FORMACIÓN ESP.</b>	<b>OBS.</b>	
<b>611 - SERVIZO MUNICIPAL DEPORTES</b>	01	6110106	ADMINISTRATIVO/A	19	317	11061,68	C1	N	AG	ADTVA	C	3			1
	02	6110201	XEFE/A SERVIZO DEPORTES-DIRECTOR DEPORTIVO	28	625	32880,54	A1	S			LD	103			1
	02	6110202	ADXUNTO/A XEFATURA SERVIZO DEPORTES-DTOR. TÉCNICO	27	635	29013,18	A1	S			CE	103			1
	02	6110203	COORDINADOR DEPORTIVO	26	14	24310,86	A1/A2	S			C	103			1
	02	6110204	TÉCNICO/A DEPORTES	25	17	15651,58	A2	S			C	101			1
	02	6110205	ADXUNTO/A COORDINADOR DEPORTIVO	22	92	20793,08	C1	S			C	3			1
	02	6110207	ADMINISTRATIVO/A REX. LABORAL	19	317	11061,68	C1	N			C	3			3
	02	6110208	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	16	159	9957,22	C2	N			C	4			2
	02	6110209	XEFE/A MANTEMENTO INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	18	91	16052,12	C1	S			C	3			1
	02	6110210	XEFE/A UNIDADE MANTEMENTO E TALLER DEPORTES	18	91	16052,12	C1	S			C	3			1
	02	6110211	OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	16	151	11629,52	C2	N			C	4			19
	02	6110212	OFICIAL MANTEMENTO DEPORTES	16	151	11629,52	C2	N			C	4			10
	02	6110213	CONSERXE RESPONSABLE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	17	310	12419,4	C2	N			C	4			3
	02	6110214	AXUDANTE MANTEMENTO DEPORTES	14	858	10524,08	AP	N			C	Non se require estar en posesión de ningunha titulación das previstas no sistema educativo	9 postos ocupados por persoal laboral indefinido non fixo por sentenza xudicial		13
<b>UNIDADE ADMINISTRATIVA</b>	<b>REL. EMPREGO</b>	<b>REF POSTO</b>	<b>DENOMINACIÓN POSTO</b>	<b>NIVEL C.D.</b>	<b>C.E.</b>	<b>IMPORTE ANUAL C.E.</b>	<b>GR</b>	<b>TP</b>	<b>ES</b>	<b>CP/ SBE/ CL</b>	<b>FP</b>	<b>TITU</b>	<b>FORMACIÓN ESP.</b>	<b>OBS.</b>	

												Gráo en estudos de galego e español, en lingua e literatura galegas, en galego-portugués ou licenciaturas equivalentes, ou calquera outro grao ou licenciatura da Área de coñecemento de humanidades ou ciencias sociais e xurídicassegundo o espacío MECES, sempre que se estea en posesión do certificado de lingua galega do nivel 5 (Celga 5).					
<b>225 - NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA</b>	01	2250101	XEFE/A/A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	26	660	23377,20	A1	S	AE	TS	C						1
	01	2250101	TÉCNICO/A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	26	680	19839,4	A1/A2	S	AE	TS-TM	C	10-39					1
	01	2250102	ADMINISTRATIVO/A	19	317	11061,68	C1	N	AG	ADTVA	C	3					1
<b>331 - IGUALDADE</b>	01	3310101	XEFE/A IGUALDADE	26	650	24904,18	A1/A2	S	AE	TS-TM	CE	1-2					1
	01	3310102	ASESOR/A XURÍDICO/A	26	680	19839,4	A1	N	AG/AE	ST/TS	C	6					1
	01	3310103	PSICÓLOGO/A	26	680	19839,4	A1	N	AE	TS	C	13					1
	01	3310104	AXENTE IGUALDADE OPORTUNIDADES	25	690	16777,74	A2	S	AE	CE	C	34-35-36-39-40-59-60-61-64-65-66-67-79-102-104	Coñecemento en xénero e/ou igualdade de oportunidades				1
	01	3310105	DIPLOMADO/A TRABALLOS SOCIAIS	25	690	16777,74	A2	N	AE	TM	C	36					1
	01	3310106	ADMINISTRATIVO/A	19	317	11061,68	C1	N	AG	ADTVA	C	3					1
<b>UNIDADE ADMINISTRATIVA</b>	<b>REL. EMPREGO</b>	<b>REF POSTO</b>	<b>DENOMINACIÓN POSTO</b>	<b>NIVEL C.D.</b>	<b>C.E.</b>	<b>IMPORTE ANUAL C.E.</b>	<b>GR</b>	<b>TP</b>	<b>ES</b>	<b>CP/ SBE/ CL</b>	<b>FP</b>	<b>TITU</b>	<b>FORMACIÓN ESP.</b>	<b>OBS.</b>			
	01	3310107	AUXILIAR	16	159	9957,22	C2	N	AG	AUX	C	4					2
<b>106 - COMERCIO</b>	01	1060101	XEFE/A COMERCIO	26	640	26876,08	A1/A2	S	AE	CE	C	1-2					1
		1060102	ADMINISTRATIVO/A	19	317	11061,68	C1	N	AG	ADTVA	C	3					1
<b>446 - MONTES PARQUES E XARDÍNS</b>	01	4460101	XEFE/A MONTES, PARQUES E XARDÍNS	26	640	26876,08	A1/A2	S	AE	TS/TM	CE	51-73-74					1
	01	4460102	ADXUNTO/A XEFE/A MONTES, PARQUES E XARDÍNS	26	650	24904,18	A1/A2	S	AE	TS/TM	CE	1-2					1
	01	4460103	ENXEÑEIRO/A MONTES	26	680	19839,4	A1	N	AE	TS	C	51-73-74					1
	01	4460104	ENXEÑEIRO INDUSTRIAL	26	680	19839,4	A1	N	AE	TS	C	46					1
	01	4460105	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A FORESTAL	26	680	19839,4	A2	N	AE	TM	C	74					1
	01	4460106	DELINEANTE	21	312	12073,74	C1	N	AE	T AUX	C	62					1
	01	4460107	XEFE/A NEGOCIADO	22	320	12966,52	C1	N	AG	ADTVA	C	3					1
	01	4460108	ADMINISTRATIVO/A	19	317	11061,68	C1	N	AG	ADTVA	C	3					1
	01	4460111	INSPECTOR/A CONTROL CONCESIONARIAS	20	153	13300,42	C1	N	AE	CE	C	3					3

	01	4460112	CAPATAZ MONTES PARQUES E XARDINS	18	307	14966,84	C1	S			C	3			2
	02	4460210	OFICIAL SERV.INTERNOS-XARDINS	16	157	10573,22	C2	S			C	4			1
	02	4460213	XEFE/A EQUIPO OFICIOS	17	409	11345,18	C2	N			C	4			1
	02	4460214	OFICIAL ALBANEL	16	157	10573,22	C2	N			C	4			1
	02	4460215	OFICIAL ALMACENEIRO/A	16	157	10573,22	C2	N			C	4			1
	02	4460216	OFICIAL CARPINTEIRO/A	16	157	10573,22	C2	N			C	4			1
	02	4460217	OFICIAL FONTANEIRO/A	16	157	10573,22	C2	N			C	4			1
UNIDADE ADMINISTRATIVA	REL. EMPREGO	REF POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	NIVEL C.D.	C.E.	IMPORTE ANUAL C.E.	GR	TP	ES	CP/ SBE/ CL	FP	TITU	FORMACIÓN ESP.	OBS.	
	02	4460218	OFICIAL XARDINEIRO/A	16	157	10573,22	C2	N			C	4			12
	02	4460219	AXUDANTE OFICIOS	14	562	10165,82	AP	N			C	Non se require estar en posesión de ningunha titulación das previstas no sistema educativo			1
<b>329 - SERVIZO DE FESTAS</b>	01	3290101	XEFE/A SERVIZO FESTAS	26	650	24904,18	A1/A2	S	AE	CE	CE	12-15-20-22-23-24-25-26-33-34-35-36-40-42-46-50-56-59-64-65-66-67-75-76	CS		1
	01	3290102	ADMINISTRATIVO/A	19	317	11061,68	C1	N	AG	ADTVA	C	3			2
	01	3290103	AUXILIAR SERVIZOS INTERNOS	16	159	9957,22	C2	N	AE	CE	C	4			1

#### CLAVES EMPREGADAS E O SEU SIGNIFICADO

1.- Destino

É a unidade administrativa ou o servizo ao que o que se adscribe o posto no organigrama da Administración municipal.

2.- Relación de emprego

Esta columna informa da relación xurídica existente co Concello entre as posibles: funcional (01), laboral (02), eventual (03)

3.- Referencia do posto

Esta columna informa sobre o código identificativo individual de cada cada posto ou grupo de postos con idéntica denominación, requisitos e características.

4.-Denominación do posto

A denominación do posto deberá axustarse da forma que mellor e máis sinteticamente exprese o seu contido ou actividade, evitando duplicidades con outros xa existentes que teñan contidos diferentes.

5.- NIVEL- CD- NIVEL COMPLEMENTO DE DESTINO

Reflicte o nivel asignado a cada posto para os efectos da percepción do complemento de destino segundo o establecido no Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local

CORPOS O ESCALAS	NIVEL MÍNIMO	NIVEL MAXIMO
GRUPO A1	22	30
GRUPO A2	18	26
GRUPO C1	14	22
GRUPO C2	12	18
AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS	10	14

6.- CE= COMPLEMENTO ESPECIFICO

Reflicte o importe anual en euros do complemento específico global asignado ao posto

7.- GR= GRUPO

Cada posto adscíbese a un grupo ou subgrupos dos grupos ou subgrupos segundo clasificación establecida no artigo 76 e disposición adicional sétima da lei 7/2007, do 12 de abril (A1, A2, C1, C2 ,AP).

8.- TP= TIPO DE POSTO

Os Postos poden ser SINGULARIZADOS (S) cando pola súa denominación e características se diferencian dos restantes e NON SINGULARIZADOS (N). Nos postos eventuais de confianza ou asesoramento especial consignaranse a clave E na columna.

9.- ESCALA

Esta columna informa das escalas de administración xeral (AG) ou especial (AE) ou de habilitación nacional (HN) do persoal funcionario de carreira

10. - SBE= SUBESCALA .

Utilizaranse as seguintes claves en cada columna para reflectir a subescala /Clase

SECRET = Secretario. IT = Interventor. IT = Tesoureiro. T = Subescala Técnica. ADTVA = Subescala Administrativa. AUX = Subescala Auxiliar. SUB = Subescala Subalterna. TS= Subescala Técnica Superior. TM= Subescala Técnica Media TAU=Subescala Técnica Auxiliar. PL = Policía Local. SE = Servizos Especiais. EXT.INC=Servizo Extinción de Incendios. CE = Cometidos Especiais.

11.- FP = FORMA DE PROVISIÓN.

Esta columna informa da forma de provisión dos postos: por concurso ordinario (C), concurso específico (CE), nomeamento polo pleno (NP) ou por libre designación (LD), o cal haberá de reflectirse nas bases da convocatoria que corresponda.

Para iso terase en conta o seguinte:

1. A regra xeral é o concurso ordinario.

2. O concurso específico, de acordo co contido do artigo 91.1 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG), é a forma de provisión das xefaturas de servizo ou postos de nivel equivalente, salvo aqueles que, polos seus especiais características segundo consta na memoria de data sinatura dixital de data 13.04.2022 , deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

3. Son postos de provisión por libre designación con convocatoria pública aqueles postos cuxo contido e funcións responden a criterios de excepcionalidade que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de nivel 28 ou inferior segundo consta na memoria de data sinatura dixital 13.04.2022.

4. Os criterios de excepcionalidade deste Concello para a provisión de postos de traballo por libre designación son os seguintes

a) Especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada do Concello. A especial responsabilidade fundaméntase en que os responsables deste tipo de información deben extremar a confidencialidade e discreción por encima do esixido a calquera funcionario, pois a súa difusión pode xerar importantes problemas de seguridade para o Concello. Este criterio afecta a:

- Actuacións de protocolo, cerimonial e relacións públicas da Alcaldía.
- Información estratéxica para a toma de decisións de órganos superiores do Goberno Local
- Asesoramento e dependencia directa dun órgano superior.

b) Especial responsabilidade por garantir unha adecuada toma de decisións que supoñen a limitación de dereitos en situacións de alerta sanitaria ou emerxencia. A especial responsabilidade desta atribución deriva de que, como consecuencia dunha situación de alerta sanitaria ou emerxencia que antepón o interese público ao interese privado, o exercicio da responsabilidade no posto de traballo pode levar á toma de decisións e ao establecemento de instrucións de actuación que afecten os dereitos das persoas.

c) Especial responsabilidade por garantir a protección de datos persoais, que se fundamenta na facultade de decisión sobre os sistemas e procedementos garantantes do cumprimento de dereitos amparados pola normativa de protección de datos de carácter persoal, e exercerase ao desempeñar funcións que leven responsabilidade directa sobre os sistemas de protección de datos persoais.

d) Especial responsabilidade relacionada coa axuda á toma de decisións dos órganos políticos en aplicación de criterios e directrices políticas con instrumentos de organización de contido de fondo non regrado( elaboración de instrumentos de organización, planificación e ordenación),

5 - Aqueles órganos directivos da Administración Municipal conforme o artigo 130 da LRBRL

- O/a secretario/a de Goberno Local (Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local e ao Concelleiro Secretario).

- A titular da asesoría xurídica.

- O secretario xeral del Pleno.

- O interventor xeral municipal.

Así mesmo serán obxecto de provisión a súa lexislación específica

- Tesoureiro: (artigo 92 da LRBRL)

- Postos de colaboración; interventor/a adxunto, Viceinterventor/a adxunto/a e Secretario/a de Administración Municipal (artigo 15 do Rd 128/de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional)

- Tribunal económico administrativo: o presidente, vogal e secretario (artigo 137 da LRBRL)

- Superintendente Xefe/a Policía Local artigo 27 da Lei 4/2007, de coordinación de policía locais relativo ao nomeamento do Xefe do Corpo de Policía local)

#### Convocatoria

Con carácter xeral a convocatoria de provisión dos postos están dirixidas aos funcionarios da propia administración. Non obstante conforme ao establecido no artigo 101.1 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e artigo 38.5 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia funcionarios doutras Administracións poderán ocupar os postos de Xefatura de área/Xefatura de Servizo/letrado asesor, xefatura de Servizo/xefatura de departamento/xefatura de sección/ xefatura de unidade Asesor/a adxunto relacionados poidan abrir a súa provisión a persoal externo do Concello, circunstancia que se materializará, no seu caso, nas respectivas convocatorias de provisión de postos de traballo.

#### 3. Concurso de méritos

Constitúe o sistema normal de provisión, no que se terán unicamente en conta os méritos esixidos na correspondente convocatoria.

Serán obxecto de provisión polo sistema de concurso todos o postos para os cales non se determine de forma expresa a súa provisión polo sistema de libre designación ou concurso específico.

A ditos efectos os concursos de traslados realizaranse antes de cada proceso selectivo libre para que o funcionario/a tome posesión do posto definitivo con anterioridade á incorporación do persoal de nova entrada. "

#### 12.- TITU=TITULACION

Os grupos de titulación da RPT son os que figuran especificamente en dita columna ben mediante a súa consignación específica ou ben mediante os e códigos determinados segundo o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do día 9 de xullo de 2012 (BOP PO 18.09.2012)

1.- Grao ou equivalente.

101.- Grao Rama Ciencias ou equivalente.

102.- Grao Rama Ciencias Sociais e xurídicas ou equivalente.

103.- Grao Rama Ciencias da saúde ou equivalente

104.- Grao Rama Arte e Humanidades ou equivalente

105.- Grao Rama enxeñería e arquitectura ou equivalente

2.- Título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto-técnico, F.P. 3 ou equivalente.

3.- Bacharelato superior, F.P II ou equivalente.

4.- Graduado, escolar FP1 ou equivalente.

5.- Certificado de escolaridade.

6.- Grao en dereito, ou equivalente.

7.- Grao en ciencias políticas e socioloxía (agás que a Lei o prohiba incluíse a licenciatura en ciencias políticas e da administración) ou equivalente.

8.- Grao en ciencias económicas ou empresariais ou equivalente.

9.- Grao en física ou equivalente.

10.- Grao en filoloxía galega ou equivalente.

- 11.- Grao en documentación ou equivalente.
- 12.- Grao en filosofía e ciencias da educación ou equivalente.
- 13.- Grao en psicoloxía ou equivalente.
- 14.- Grao en matemáticas ou equivalente.
- 15.- Grao en publicidade e relacións públicas ou equivalente.
- 16.- Grao en periodismo ou equivalente.
- 17.- Grao en comunicación audiovisual ou equivalente.
- 18.- Grao en ciencias actuariais ou equivalente.
- 19.- Grao en químicas ou equivalente.
- 20.- Grao en belas artes ou equivalente.
- 21.- Grao en ciencias ambientais ou equivalente.
- 22.- Grao en antropoloxía social e cultural ou equivalente.
- 23.- Grao en pedagogía ou equivalente.
- 24.- Grao en socioloxía ou equivalente.
- 25.- Grao en historia da arte ou equivalente.
- 26.- Grao en psicopedagogía ou equivalente.
- 27.- Grao en farmacia ou equivalente.
- 28.- Grao en bioloxía ou equivalente.
- 29.- Grao en veterinaria ou equivalente.
- 30.- Grao en ciencia e tecnoloxía dos alimentos ou equivalente.
- 31.- Grao en bioquímica ou equivalente.
- 32.- Diplomado en ciencias económicas e empresariais ou equivalente.
- 33.- Primeiro ciclo licenciatura en dereito ou equivalente.
- 34.- Diplomado en relacións laborais ou equivalente.
- 35.- Diplomado en xestión e administración pública ou equivalente.
- 36.- Diplomado en traballo social ou equivalente.
- 37.- Diplomado en ciencias físicas ou equivalente.
- 38.- Diplomado en matemáticas ou equivalente.
- 39.- Diplomado en filoloxía galega ou equivalente.
- 40.- Diplomado en filosofía ou equivalente.
- 41.- Diplomado en enfermería ou equivalente.
- 42.- Diplomado en arquitectura ou equivalente.
- 43.- Diplomado en arquitectura-técnica ou equivalente.
- 44.- Enxeñeiro ou equivalente.
- 45.- Enxeñeiro en xeodesia e cartografía ou equivalente.
- 46.- Enxeñeiro industrial ou equivalente.
- 47.- Enxeñeiro de camiños, canais e portos ou equivalente.
- 48.- Enxeñeiro en electrónica ou equivalente.
- 49.- Enxeñeiro en telecomunicacións ou equivalente.
- 50.- Enxeñeiro en organización industrial ou equivalente.
- 51.- Enxeñeiro montes ou equivalente.
- 52.- Enxeñeiro químico ou equivalente.
- 53.- Enxeñeiro técnico ou equivalente.
- 54.- Enxeñeiro técnico de obras públicas ou equivalente.

- 55.- Enxeñeiro técnico topográfico ou equivalente.
- 56.- Enxeñeiro técnico industrial ou equivalente.
- 57.- Enxeñeiro técnico electrónico ou equivalente.
- 58.- Enxeñeiro técnico de telecomunicacións ou equivalente.
- 59.- Diplomado en publicidade e relacións públicas ou equivalente.
- 60.- Diplomado en periodismo ou equivalente.
- 61.- Diplomado en comunicación audiovisual ou equivalente.
- 62.- F.P. II rama delineación.
- 63.- F.P. I rama delineación.
- 64.- Diplomado en belas artes ou equivalente.
- 65.- Diplomado en antropoloxía social e cultural ou equivalente.
- 66.- Diplomado en pedagogía ou equivalente.
- 67.- Diplomado en psicopedagogía ou equivalente.
- 68.- F.P. II rama laboratorio ou análise.
- 69.- F.P. I rama laboratorio.
- 70.- Grao en medicina ou equivalente.
- 71.- F.P. I rama sanitaria.
- 72.- Técnico en empresas e actividades turísticas ou equivalente.
- 73.- Enxeñeiro técnico agrícola ou equivalente.
- 74.- Enxeñeiro técnico forestal ou equivalente.
- 75.- Arquitecto superior ou equivalente.
- 76.- Grao en xeografía e historia ou Grao en historia ou equivalente.
- 77.- FP2, rama electricidade.
- 78.- Grao en Administración e Dirección de Empresas ou equivalente.
- 79.- Diplomado/a en Educación Social ou equivalente.
- 13.- FORMACION ESPECÍFICA
- Esíxese para determinados postos cando a natureza do posto o requira
- 14.- OBS=OBSERVACIÓNS
- Reflicítese calquera circunstancia a destacar segundo a natureza do posto
- 15.- DOT= DOTACIÓN

Significa o número de postos de traballo que se agrupan nunha osa liña nos que concorre idéntica denominación, requisitos e características incluídas as retribucións complementarias.

Vigo en data da sinatura dixital. Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo

Conforme, a Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**23(575).- PROXECTO DE CONVENIO COA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS DE VIGO QUE REGULA O DESENVOLVEMENTO DA SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA O FINANCIAMENTO DA FESTA DA CULTURA 2022. EXPTE. 4362/330.**

Visto o informe xurídico do 20/06/2022 e o informe de fiscalización do 28/06/2022, dáse conta do informe-proposta do 07/06/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformado polo concelleiro de área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**INFORME-PROPOSTA.-**

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 10 de marzo de 2022, a “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo” presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento da “Festa da Cultura 2022”; por este motivo, con data 14 de marzo, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 20.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.11 do orzamento municipal vixente.

**ANTECEDENTES.-**

A **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, que puidesen verse beneficiada ou, polo contrario prexudicadas no desenvolvemento das súas actividades, motivo polo que organizan dende hai varios anos a **FESTA DA CULTURA** na cidade de Vigo.

A Festa da Cultura 2022 realizarase os días 2 e 3 de setembro do 2022 na Praza de Compostela. O resto do mes de setembro desenvolveranse actuacións en auditorios da cidade de Vigo por determinar.

O emprazamento acadou o informe favorable do Departamento de Seguridade e Mobilidade, de data 23 de maio, e do servizo de Parques e Xardíns, de data 20 de maio.





## Concello de Vigo

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 33.500 € (trinta e tres mil cincocentos euros ), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 20.000 €
- Achega da Agrupación de Centros Culturais: 13.500 €

### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do texto do convenio con data de entrada no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo o día 3 de xuño de 2022.

### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo para a organización da Festa da Cultura 2022, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de

subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2022, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.



**Concello de Vigo**

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo” ten como obxecto financiar a organización da Festa da Cultura 2022, figurando na aplicación **3340.480.00.11** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 20.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, e o informe favorable do Departamento de Seguridade e Mobilidade, de data 5 de xuno, e do servizo de Parques e Xardíns, de data 20 de maio, faise a seguinte

#### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*PRIMEIRO.- “Aprobar a concesión directa da subvención de 20.000 € (vinte mil euros) á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo, CIF. G-36791291, para o financiamento da Festa da Cultura 2022; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.11 “CONVENIO AGRUPACIÓN CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprrobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da Festa da Cultura 2022.”*

## **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “FESTA DA CULTURA 2022”**

En Vigo, na data da sinatura dixital

### **REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego, do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía do 18 de xuño do 2019 con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data do 26 de xuño do 2019 e 17 de agosto do 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020

Doutra, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Concepción Álvarez Abalde, DNI 36.007.968-L, como presidenta da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais (CIF G-36.791.291) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social en rúa Ecuador, nº 34 local baixo, CP 36203, da cidade de Vigo, e actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

### **MANIFESTAN**

*I.- Que a **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, que puidesen verse beneficiada ou, polo contrario prexudicadas no desenvolvemento das súas actividades, motivo polo que organizan dende hai varios anos a **FESTA DA CULTURA** na cidade de Vigo.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **“AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO”**, como medio que é de promover as actividades lúdicas na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.11, como subvención nominativa, a favor da **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS, FESTA DA CULTURA** a cantidade de 20.000 euros.*



## Concello de Vigo

**IV.-** Que a **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS DE VIGO** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

**V.-** De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

### CLÁUSULAS

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver a Festa da Cultura 2022, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

#### **SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 33.500 € (trinta e tres mil cincocentos euros ), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 20.000 €
- Achega da Agrupación de Centros Culturais: 13.500 €

#### **TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA**

A Festa da Cultura 2022 realizarase os días 2 e 3 de setembro do 2022 na Praza de Compostela. O resto do mes de setembro desenvolveranse actuacións en auditorios da cidade de Vigo por determinar.

Os grupos que amenizarán a festa con representacións musicais e de baile son os seguintes:

1. Grupo Folclórico "Asubío"
2. Grupo Folclórico "Andarela"
3. Centro Cultural "Helios de Bembrive"
4. Centro Cultural "Cotogrande de Cabral"
5. Grupo Folclórico "Lembranzas Galegas"
6. Grupo Folclórico "Queixumes"
7. Grupo Danza do Mundo "Monteira"
8. Grupo Folclórico "Os Ventos de Comesaña"
9. Centro Cultural "Rueiro de Coia"
10. Centro Cultural de "Coruxo"
11. Centro Cultural de "Valladares"
12. Grupo Folclórico "Corisco"
13. Grupo Folclórico "O Fiadeiro"

14. Grupo Folclórico "Traspes"
15. Grupo de Gaitas "Vagalume"
16. Centro Cultural de "Beade"
17. Grupo Folclórico "Froles Novas"
18. Grupo de Gaitas da SC Pardavila
19. Grupo Folclórico "Airiños do Coto"
20. Centro Cultural "Atlántida de Matama"
21. Grupo Folclórico "Alalá"
22. Asociación Cultural "Tarambainas"
23. Asociación Cultural "Sons das Ferriñas"
24. Asociación Cultural "Freixo"
25. Asociación Cultural "Santa Mariña de Cabral"
26. Asociación Cultural "Sárdoma"
27. Concertos de noite
28. Concertos de noite

Grupos de teatro afeccionado que pertencen á entidade e que forman parte do programa:

1. Grupo de Teatro "Atlántida de Matamá"
2. Grupo de Teatro "Porta Aberta"
3. Grupo de Teatro "Escoitade" de Valladares
4. Grupo de Teatro "Tarantela" de Beade
5. Grupo de Teatro Rueiro
6. Grupo de Teatro "Helios" de Bembrive
7. Grupo de Teatro "Agarimo"

**Estas actuacións poden estar suxeitas a modificacións en función das medidas establecidas polas autoridades sanitarias en cada momento derivadas da COVID.**

#### **CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

–Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA Dona María Concepción Álvarez Abalde, presidente da entidade.

–Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

–Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

–Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

–Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.



## Concello de Vigo

–Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.

–Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

–A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

–Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

–Cumprir estrictamente coas medidas que en cada momento establezan a autoridades sanitarias derivadas da COVID.

–Deberá suxeitarse ás indicacións do Departamento de Seguridade (informe favorable do 5.06.2022) e do informe de parques e xardíns (informe do 20.05.2022), de cuxas copias dáselle traslado.

### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (20.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto,

expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

#### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

#### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2022, e non será prorrogable.

#### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

#### **DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS**

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.

b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.



**Concello de Vigo**

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

**DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

O concelleiro-delegado da Área  
Cultura, Emprego

O presidente da asociación

Abel Fermín Losada Álvarez

Enrique Lorenzo Vila

A secretaria da Administración Municipal  
(res. Deleg. 01.09.2021)

Susana Gallardo Fariña

**CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO –  
FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO  
“VIGO, UN MAR DE BANDAS”**

**PROPOSTA ECONÓMICA**

CONCEPTO de GASTOS	PRESUPUESTO
NOVENTA ACTUACIÓNS (90)	112.800 €
FEDERACION DE BANDAS DE MUSICA DE VIGO	0 €
AULAS DE MUSICA NAS BANDAS	54.340 €
PRODUCCIÓN (publicidade e cadeiras para os concertos)	10.300 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>177.440 €</b>

CONCEPTO de INGRESOS	PRESUPUESTO
Subvención CONCELLO DE VIGO	173.200 €
Fondos propios da FEDERACION	4.240 €
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>177.440 €</b>

Os importes que se establecen por actuación e banda, á proposta da ASOCIACIÓN, son as seguintes:

Unión Musical de Valladares	1.360 €
Escola de Música de Beade	1.360 €
Agrupación Musical Atlántida de Matamá	1.360 €
Unión Musical de Coruxo	1.240 €
Lira de San Miguel de Oia	1.240 €
Escola de Música da UVCD de Candeán	1.240 €
Unión Musical de Cabral	1.240 €
As Delicias do Caeiro-Cabral	1.120 €
Ateneo Musical de Bembrive	1.120 €



**Concello de Vigo**

**ANEXO II**

**CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN  
BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO  
PROGRAMA “ VIGO, UN MAR DE BANDAS 2022”**

D/Dna.....  
 en representación da entidade .....  
 CIF ....., con domicilio social en .....  
 .....  
 de VIGO, teléfono/s de contacto.....  
 correo electrónico .....

**EXPÓN:**

1. Que a banda popular de música..... realizou o concerto programado pola Federación de Bandas Populares de Música de Vigo, en colaboración coa Concellería da Área de Cultura, na citada entidade, o día ..... de ..... do 2022, en.....

2. Que a banda presentouse no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.

3.-Que o número de público asistente ao concerto foi de .....

**OBSERVACIÓNS:**.....  
 .....

VIGO, ..... de ..... do 2022

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asinado:

**25(576).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA FESTIVAL DAS ARTES NAS ONDAS DURANTE O EXERCICIO DE 2022. EXPTE. 4490/330.**

Visto o informe xurídico do 20/06/2022 e o informe de fiscalización do 27/06/2022, dáse conta do informe-proposta do 10/06/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformado polo concelleiro de área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 9 de xuño do 2022, o Conservatorio Superior de Música de Vigo presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do "Festival da Música e das Artes nas Ondas 2022"; por este motivo, con data 9 de xuño, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente con esta entidade para regulala, polo importe de 4.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.12 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

**O Conservatorio Superior de Música de Vigo** *é un centro educativo dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, creado na nosa cidade no ano 1956, que ademais realiza actividades de tipo cultural abertas a toda a cidadanía, entre elas o programa FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES "NAS ONDAS", que serven como medio de promoción e dinamización da cultura da cidade e que celebra a quinta edición. O obxectivo fundamental do programa é a difusión das Artes Escénicas en xeral, con maior fincapé nas musicais e tamén quere dar a oportunidade ao desenvolvemente artístico e novos talentos, estudantes e persoas recién tituladas que poidan convivir nun espazo artístico con persoas de renome e traxectorias mais marcadas no ámbito da música.*

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O programa do *FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES "NAS ONDAS" 2022* foi o seguinte:



# Concello de Vigo

Febreiro			
Mércores 16 20:00 h	Recital de clave: Castilla, Londres e Weimar Ignacio Prego (clave)	SEMANA DA MÚSICA ANTIGA	Auditorio Martín Códax
Xoves 17 17:30 h	The telephone / Il segreto di Susanna Taller de Ópera CSMVigo	COPRODUCCIÓN CSMVigo, ESAD e IES Audiovisual de Vigo	IES Audiovisual de Vigo
Venres 18 17:30 h	The telephone / Il segreto di Susanna Taller de Ópera CSMVigo	COPRODUCCIÓN CSMVigo, ESAD e IES Audiovisual de Vigo	IES Audiovisual de Vigo
Martes 22 19 h	Relatorio: Final do Camiño, comezo da Música: os instrumentos de música medievais en Galicia Francisco Luengo	SEMANA DA MÚSICA ANTIGA	Auditorio Martín Códax
Mércores 23 19 h	Relatorio: Evolución da interpretación historicamente informada María del Mar Blanco	SEMANA DA MÚSICA ANTIGA	Auditorio Martín Códax
Xoves 24 20 h	Orquestra Barroca do CMUS Profesional "Manuel Quiroga" Arquímedes Artal, director	SEMANA DA MÚSICA ANTIGA	Auditorio Martín Códax
Marzo			
Xoves 3 20 h	Recital de piano Nicolás Alén, Manuel Muñiz, Miguel Montes, José García e Alba Raña	DE PIANO	Auditorio Martín Códax
Martes 8 20 h	Bach despois de Bach: transcricións para piano Carmen Bargiela, Miguel Montes, Manuel Muñiz, Sara L. Ochogavías, Lara Quesada, Adrián Martínez, Lucas López, Iria Ramos, José García, Óscar Paniagua	DE PIANO	Auditorio Martín Códax
Venres 11 20 h	Eiriksoon Trombone Project: Recital 1.0 Fautino Núñez (trombón baixo), Alicia Permuy (piano) e colaboradores	EXPLURART	Auditorio Martín Códax
Mércores 16 20 h	Profesorado convidado da Academia de Música da Universidade de Saraxevo (Bosnia Hercegovina)	SON ERASMUS	Auditorio Martín Códax
Xoves 17 20 h	Profesorado convidado da Academia de Música da Universidade de Saraxevo (Bosnia Hercegovina)	SON ERASMUS	Auditorio Martín Códax
Venres 18 20 h	Música galega para bombardino e piano Ignacio Fernández (bombardino), Alejo Amoedo (piano)	EXPLURART	Auditorio Martín Códax
Martes 22 20 h	A inspiración romántica Rafael Rodríguez, Álvaro Vidal, Eva Fernández, Lara Quesada, Óscar Paniagua	DE PIANO	Auditorio Martín Códax
Mércores 23 20 h	Concerto de profesorado convidado do Conservatorio Nacional Kurmangazy de Almaty (Casaquistán)	SON ERASMUS	Auditorio Martín Códax
Viernes 25 20 h	Piano en 4D. Músicas para catro pianistas Pablo Rodríguez, María José Cid, Isabel Gil, Nicasio Gradaille	EXPLURART	Auditorio Martín Códax
Martes 29 20 h	Sen tempo non era: 3 Sonatas para piano de Beethoven Sara Lía Ochogavías, Adriana Iglesias, Lucas López	DE PIANO	Auditorio Martín Códax
Xoves 31 20 h	Concerto Compartido de Grupos de Percusión ATTACCA (CMUS Profesional da Coruña), Grupo de Percusión do Conservatorio Superior de Música da Coruña, Grupo de Percusión do CMUS Profesional do Carballiño, Grupo de Percusión do CSMVigo	PercusiónFest	Auditorio Martín Códax

<b>Abril</b>			
Venres 1 20 h	Recital de percusión Magdalena Myrczik (marimba e percusión)	PercusiónFest	Auditorio Martín Códax
Martes 5 20 h	Piano Iberoamericano Daniel Pereira (piano)	EXPLURART	Auditorio Martín Códax
Mércores 20 20 h	Recital de piano Fernando Scaffatti (piano)	SON ERASMUS	Auditorio Martín Códax
Venres 22 20 h	Kunstlieder - Chansons und Volkslieder Beatriz Arenas (soprano), Felix Justen (guitarra)	EXPLURART	Auditorio Martín Códax
Luns 25 20 h	Recital de saxofón e piano Petras Vyšniauskas (saxofón), Aleksandra Zvirblytė (piano) Academia Lituana de Música e teatro	SAXORNADAS	Auditorio Martín Códax
Martes 26 20 h	Música italiana para saxofón só & saxofón e electrónica Enzo Filippetti (Conservatorio Santa Cecilia de Roma)	SAXORNADAS	Auditorio Martín Códax
Mércores 27 20 h	ADUA Sixto Herrero (saxofón), Daniel Fernández (piano)	SAXORNADAS	Auditorio Martín Códax
Xoves 28 20 h	Ensemble de saxofóns do CSMVigo e convidados Andrea González, Miguel Bargiela, Genma Mestres, Jorge Ferreira, María Martínez, Noelia Fraga, Francisco da Silva, Javier Rodríguez, Alejandro Troya e Rafael Yebra	SAXORNADAS	Auditorio Martín Códax
Venres 29 20 h	Dúo violín e piano Laura Quintillán (violín), María José Cid (piano)	EXPLURART	Auditorio Martín Códax
<b>Maio</b>			
Martes 3 20 h	Descubriendo a Paul Meisen: Evento adicado á figura do fautista alemán Paul Miesen (1933-2020) Albert Mora (fauta solista da Orquestra do Liceu), Manuel Morales (profesor de fruta do CSMVigo)	EXPLURART	Auditorio Martín Códax
Mércores 4 20 h	Ensemble de metais e percusión do CSMVigo Juan Carlos Díaz (director)	AGRUPACIÓNS CSMV	Auditorio Martín Códax
Xoves 5 18 h	Ensemble de madeiras do CSMV Juan Carlos Díaz, director	AGRUPACIÓNS CSMV	Auditorio Martín Códax
Xoves 5 20 h	Ensemble de clarinetes do CSMV Juan Carlos Díaz, director	AGRUPACIÓNS CSMV	Auditorio Martín Códax
Venres 6 20 h	Trío clarinete, violonchelo e piano Esteban Valverde (clarinete), Ana Torres (violonchelo), Cristina García (piano)	EXPLURART	Auditorio Martín Códax
Martes 10 20 h	Orquestra de corda do CSMV Juan Carlos Díaz, director	LETRAS GALEGAS	Auditorio Martín Códax
Mércores 11 20 h	Concerto de poesía musicada e canción galega EDLG e Departamento de Canto	LETRAS GALEGAS	Auditorio Martín Códax
Xoves 12 18 h	Música galega para fruta Fernando Raña (fruta), Rasa Biveiniene Yakutite (piano), Carlos Castro (percusión)	LETRAS GALEGAS	Auditorio Martín Códax
Venres 13 20 h	KLONOS: Música galega para saxofón Rafael Yebra (saxofón), Pablo Rodríguez (piano)	LETRAS GALEGAS	Auditorio Martín Códax
Martes 31 20 h	Concerto de Premiados no VIII Concurso de Música de Cámara do CSMVigo	ABRENTE	Auditorio de Praza do Rei
<b>Xuño</b>			
Martes 7	Acto de Graduación e Clausura do Curso Académico 2021-22	ACTO GRADUACIÓN	Auditorio
20 h			Martín Códax





## Concello de Vigo

memoria económica que se achega a esta proposta, incorpora o orzamento xeral de gastos e ingresos do programa polo importe total de 14.000 € (catorce mil euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 4.000 euros
- Consellería de Cultura: 10.000 euros

### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud e autorización á consulta dos datos tributarios
- Memoria e orzamento da actividade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil.

### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao Conservatorio Superior de Música de Vigo, para a organización do "Festival da Música e das Artes Vigo nas Ondas 2022", obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de

Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á entidade "Conservatorio Superior de Música de Vigo" deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2022, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á entidade "Conservatorio Superior de Música de Vigo" ten como obxecto financiar a organización do **“FESTIVAL DA MÚSICA E DAS**



**Concello de Vigo**

**ARTES NAS ONDAS 2022**” figurando na aplicación **3340.480.00.12** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 4.000 €, a favor da entidade.

A subvención do Concello de Vigo á entidade " Conservatorio Superior de Música de Vigo" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### CONDICIÓN S DE CONCESIÓN DA SUBVENC IÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

#### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 4.000 euros (catro mil euros) ao Conservatorio Superior de Música de Vigo , CIF. Q-8650014G, para o financiamento do Festival da Música e das Artes Nas Ondas 2022, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.12 "SUBVENC IÓN CMUS", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:*

## **OBRIGAS DA ENTIDADE**

1. E de responsabilidade da Entidade :
  - a) A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
  - b) A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
  - c) Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
  - d) Cumprimento das medidas sanitarias adoptadas polas autoridades sanitarias en cada momento por mor da COVID-19.
  
2. Actuará como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Esteban Valverde Corrales, director do CSMVigo.
  
3. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
  
4. Ter incorporado os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
  
5. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións,



## Concello de Vigo

axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

6. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
7. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos ter contratado e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se puido producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza do seguro de responsabilidade civil.

### **OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (4.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

### **MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA**

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### **PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de



## Concello de Vigo

identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 10 de novembro de 2022.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.

4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
  - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
  - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
  - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
  - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación





## Concello de Vigo

administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2022 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en

concorrenza con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

### **INFRACCIÓNS E SANCIÓN**



**Concello de Vigo**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal cas

### **PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu

regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

**ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**26(577).- MODIFICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ 2A FASE”. EXPTE. 701/441.**

Visto o informe xurídico do 17/06/2022 e o informe de fiscalización do 29/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 08/06/2022, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, pola xefa do Servizo de Contratación e polo concelleiro delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

**Antecedentes**

**A.- En relación a modificación do proxecto de obras:**

**1.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de novembro de 2020, acordou aprobar o Proxecto de “IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ 2ª FASE”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Alberto Moreno Pike, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS NOVECENTOS SESENTA E SETE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (2.967.996,94 €), e data febreiro de 2020, e con sinatura dixital de data 17/10/2020.



## Concello de Vigo

**2.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 22 de abril de 2021, acordou adxudicar á UTE ORECO, S.A.U. e CONSTRUCIÓNS, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA) (A-36.614.691 e A-36.008.886) o procedemento aberto mixto, da obra e servizos, para a contratación das obras do proxecto de “implantación de Vía Verde sobre o antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzáiz 2ª fase” (701-441) por un prezo total de 2.505.583,02 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 434.853,25 euros.

Dito contrato foi formalizado en data 26 de abril de 2021.

**3.-** Con data 23 de abril de 2021, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, resolveu nomear como titulares da Dirección Facultativa das obras ao Enxeñeiro Técnico en Xeomática e Topografía, D. Pablo Saavedra Salgueiro e ao Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Jerónimo Centrón Castañaos.

**4.-** En data 18 de maio de 2021 asínase a acta de comprobación do replanteo, dando comezo así a obra.

Na mesma data asínase a Acta de suspensión temporal, que unha vez superada a causa da suspensión asínase a finalización da suspensión en data 25 de maio de 2021.

**5.-** Con data 13 de setembro de 2021, a Dirección facultativa da obra emite informe solicitando o inicio do expediente de modificación do proxecto de “IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ FASE II”.

Tendo en conta o anterior, o Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, en data 16 de setembro de 2021, resolveu aprobar o inicio do expediente administrativo para a modificación do proxecto das obras de “IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ FASE II”.

**6-** Con data 16 de novembro de 2021, recíbese a Resolución da Demarcación de Carreteras sobre a rampa para as obras de referencia, autorizando a execución dun acceso mediante rampa á altura da Avda Buenos Aires, dentro das obras de EXECUCIÓN DUN ACCESO MEDIANTE RAMPA Á ALTURA DA AVDA. BUENOS AIRES “IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ FASE II”.

**7-** Con data 26 de novembro de 2021, o Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, acordou autorizar a ampliación de prazo de execución das obras do proxecto de “IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ FASE II”, adxudicadas por acordo da XGL de data 22 de abril de 2021 á mercantil UTE ORECO, SAU - COVSA “UTE Via Verde”, ata o 25 de febreiro de 2022, sendo esta, en consecuencia, a nova data de finalización da obra.

**8-** Con data 23 de febreiro de 2022, o Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, acordou autorizar a ampliación de prazo de execución das obras do proxecto de “IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ FASE II”, adxudicadas por acordo da XGL de data 22 de abril de 2021 á mercantil UTE ORECO, SAU - COVSA “UTE Via Verde”, ata o 25 de maio de 2022, sendo esta, en consecuencia, a nova data de finalización da obra.

**9-** Con data 25 de febreiro de 2022, O Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, aprobou a ampliación do nomeamento da Dirección Facultativa das obra de “IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ, FASE II”. Expte. 701/441, ao Enxeñeiro Industrial D. OSCAR PARGA RODRÍGUEZ, quedando así conformado o nomeamento da Dirección Facultativa da Obra, aos Enxeñeiros Municipais D. PABLO SAAVEDRA SALGUEIRO, D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS e D. OSCAR PARGA RODRÍGUEZ”.

**10-** En data 2 de marzo de 2022, a Dirección Facultativa da obra solicita conformidade do órgano de contratación para a continuación provisional das obras referentes ao modificado nº1.

Tendo en conta o anterior, en data 31 de marzo de 2022, o Concelleiro da Área de Fomento e Servizos dita resolución de continuidade provisional das obras, nos termos da proposta da dirección facultativa de data 2 de marzo de 2022.

**11.-** Con data 5 de maio de 2022, o Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, acordou autorizar a ampliación de prazo de execución das obras do proxecto de “IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ FASE II”, adxudicadas por acordo da XGL de data 22 de abril de 2021 á mercantil UTE ORECO, SAU - COVSA “UTE Via Verde”, ata o 25 de agosto de 2022, sendo esta, en consecuencia, a nova data de finalización da obra.



**Concello de Vigo**

**12.-** Pola dirección facultativa da obra emítase informe que consta no expediente, de data 31 de maio de 2022, no seguinte sentido:

“(…)

## **II.- MODIFICACIÓNS**

*Neste apartado inclúense as modificacións contidas no proxecto modificado n.º1.*

### ***II.1. Modificacións derivadas de redes de servizos existentes distintas das recollidas no proxecto.***

*O proxecto contempla a renovación dunha canalización de saneamento próxima a rúa Mimosa, que cruza actualmente baixo a Vía Verde e transcorre despois a ceo aberto, recollendo nun novo colector a executar paralelo a vía e que por gravidade se conecta a rede de saneamento existente na rúa Robleda. Os datos aportados pola concesionaria do servizo na fase de proxecto, indicaban que o colector existente tiña unha profundidade de entre 1,80 a 2 metros.*

*Tralo comezo das obras, ó realizar unha cata na procura do citado colector, comprobouse que este está conformado por unha vella taxea de pedra e que discorre a unha profundidade de 4,70 metros, polo que se fai necesario volver a estudar a conexión do citado colector, xa que por motivos de seguridade a conexión prevista no proxecto é inviable de realizar.*

*Á vista destas circunstancias, as modificacións baséanse na execución do citado colector mediante unha perforación dirixida con tubería de polietileno de 400 mm de xeito que se garanta a seguridade das edificacións anexas a vía, conexiónando a canalización existente na zona próxima a rúa Mimosa coa rúa Robleda por gravidade e dun xeito totalmente seguro.*

*En consecuencia vese alterado por estas modificacións o seguinte capítulo do orzamento:*

*02. Drenaxe*

### ***II.2. Modificacións derivadas das condicións do terreo distintas as recollidas no proxecto.***

*Unha vez comezadas as obras, no entorno do entronque da Vía Verde coa Avenida de Buenos Aires, ó limpar de vexetación e capa superficial de terra vexetal, as condicións xeotécnicas do talude existentes son diferentes ás condicións recollidas no proxecto, polo que por motivos de seguridade faise necesario o reestudio da conexión entre a Vía Verde e a Avenida de Buenos Aires.*

*A aparición dun noiro na cabeza do talude, fai posible o replanteamento da conexión da Vía Verde coa Avenida de Buenos Aires a través do mesmo, de xeito que a solución sexa máis acorde co espírito dunha vía verde e permita alixeirar tanto a construción como a visión final da rampla de comunicación entre a Vía Verde e a Avda de Buenos Aires, e así garantir a seguridade das vivendas existentes na parte superior do talude debido as diferentes condicións xeotécnicas do talude existente.*

*Á vista destas circunstancias, as modificacións baséanse na execución do acceso mediante a consolidación do noiro existente, mediante un muro de mampostería que garantiza a estabilidade do mesmo, e dotando dun pavimento de formigón acorde cos accesos proxectados no resto da Vía Verde cunha varanda de protección. Ademais considerase necesario dotar a dito acceso dunha rede de recollida de augas pluviais e alumeado público.*

*En consecuencia vese alterado por estas modificacións os seguintes capítulos do orzamento:*

*02. Drenaxe*

*04. Alumeado Público*

*06. Senda peatonal*

*07. Cerramientos*

*08. Accesos e explanadas*

### **II.3. Modificacións de mellora do acceso as Casas Sindicais en rúa Robleda**

*O proxecto contempla o ensanche en dúas zonas puntuais da rúa Robleda para facilitar o acceso ás casas Sindicais existentes na citada rúa. Unha vez comezada a obra e tralo replanteo da actuación e reunións cos veciños, comprobouse que a actuación proxectada non é suficiente para permitir o acceso a vehículos de emerxencia, polo que recóllese a*





**Concello de Vigo**

*necesidade de ampliar a actuación para acadar un ancho mínimo de 3,20 metros en todo a lonxitude e garantir así o acceso a vehículos de emerxencias ao entorno das citadas vivendas.*

*Para isto é necesario a demolición do muro actual que sostén a vía verde ó completo nese ámbito e a execución dun novo de mampostería que garanta tanto a estabilidade do talude existente como un ancho de camiño de mínimo 3,20 metros na base do muro.*

*En consecuencia vese alterado por estas modificacións os seguintes capítulo do orzamento:*

*01. Traballos previos e demolicións*

*07. Cerramentos*

*08. Accesos e explanadas*

### **III.- OBXECTIVO E PROPOSTA DA MODIFICACIÓN**

*En relación á xustificación das modificacións II.1. e II.2., atópanse nos supostos do artigo 204 da LCSP e no PCAP que rexe a contratación das obras, Anexo I Folla de Especificacións do Contrato (FEC) Punto 14 “Modificación do contrato”, Apartado C) “Circunstancias que determinan a modificación”, que prevé a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:*

- II que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas, impermeabilizacións e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.*
- Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade á data de aprobación do proxecto.*

*Tendo en conta o anterior, indicar que as modificacións II.1. e II.2. recollidas no presente proxecto modificado n.º 1 xorden a causa de circunstancias previstas no PCAP da licitación, segundo o citado anteriormente.*

*Nembargantes, aínda que as circunstancias indicadas na modificación II.1 e II.2. foron previstas no PCAP reitor do contrato, as modificacións derivadas da aparición de redes de servizo distintas das recollidas no proxecto obrigan a introdución de novos prezos unitarios non previstos no contrato no seguinte capítulo:*

- *Capítulo 02. Drenaxe*

*Polo que dita modificación non se axusta ao establecido no artigo 204 da LCSP, e se limita a introducir as variacións estritamente indispensables e que son necesarias para responder a ditas causas obxectivas.*

*Por outra banda, en relación á modificación II.3. debemos atender que non foi prevista no prego de cláusulas administrativas particulares e se limita a introducir as variacións estritamente indispensables e necesarias para garantir a accesibilidade rodada no entorno da rúa Robleda.*

*Asemade, ditas modificacións non son substanciais no sentido indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obra novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións non se supera o 15% do prezo inicial do contrato nin se encontran as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado.*

*O resto das modificacións recollidas no proxecto modificado axústanse ao establecido no artigo 204 da LCSP de modificacións previstas no PCAP reitor do contrato.*

#### ***IV.- PROPOSTA DE VARIACIÓN DE UNIDADES DO PROXECTO RELATIVO ÚNICAMENTE A ALTERACIÓN DAS MEDICIÓNS REAIS EXECUTADAS***

*O artigo 160.2 da RD 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas indica:*



## Concello de Vigo

1. Só poderán introducirse variacións sen previa aprobación cando consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ó 10 por 100 do prezo primitivo do contrato, imposto sobre o valor engadido excluído.

2.- As variacións mencionadas no punto anterior, respectando en todo caso o límite previsto nel, iranse incorporando ás relacións valoradas mensuais e deberán ser recollidas e aboadas nas certificacións mensuais, conforme o prescrito no artigo 145 da lei, ou con cargo ao crédito adicional do 10 por 100 a que alude a disposición adicional décimo cuarta da lei, na certificación final á que se refire o artigo 147.1 da lei, unha vez cumpridos os trámites sinalados no artigo 166 desde regulamento. Non obstante, cando con posterioridade ás mesmas **houbera necesidade de introducir no proxecto modificacións das previstas no artigo 146 da lei, deberán ser recollidas tales variacións na proposta que se elabore, sen necesidade de esperar para facelo á certificación final citada**".

Recóllense polo tanto no presente proxecto modificado nº1 as variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento/diminución de medición das unidades existentes conforme ao artigo 242.4i) da LCSP.

### **V.- DESGLOSE DE MODIFICACIÓNS E VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS DO ORZAMENTO**

Nos seguintes puntos sinálanse as modificacións estruturadas nos capítulos establecidos no Orzamento do Proxecto.

#### **01. Traballos previos, levantados e demolicións**

Inclúense neste capítulo as variacións para demolición do muro existente e posterior execución dun novo muro de contención retranqueado do actual, con obxecto de garantir a accesibilidade rodada no entorno da rúa Robleda.

Asemade inclúense as variacións nas unidades de obra para axustarse a realidade da obra.

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto supón:

	PROYECTO MODIFICADO			PROYECTO			DIFERENCIA		
	Medición	Precio	Importe	Medición	Precio	Importe	MOD - PROY		
<b>1.</b>	<b>TRABAJOS PREVIOS, LEVANTADOS Y DEMOLICIONES</b>			<b>86.198,57</b>			<b>72.293,13</b>	<b>13.905,44</b>	
1. 1	m	Limpieza y retirada de residuos de cuneta	1.985,00	0,75	1.488,75	1.985,00	0,75	1.488,75	0,00
1. 2	m	Levantado y reposición de tapa existente de	305,00	3,46	1.055,30	305,00	3,46	1.055,30	0,00
1. 3	m2	Desbroce y limpieza del terreno	45.900,60	0,77	35.343,46	45.900,60	0,77	35.343,46	0,00
1. 4	m2	Desbroce manual en talud de vía norte	665,00	7,55	5.020,75	665,00	7,55	5.020,75	0,00
1. 5	ud	Limpieza y retirada de residuos en toda la traza d	1,00	4.636,59	4.636,59	1,00	4.636,59	4.636,59	0,00
1. 6	ud	Demolición de arqueta de hormigón	12,00	25,56	306,72	12,00	25,56	306,72	0,00
1. 7	ud	Reformado de arqueta existente en uso con fibra	79,00	49,63	3.920,77	79,00	49,63	3.920,77	0,00
1. 8	m	Levantamiento de vallas metálicas	606,00	3,72	2.254,32	606,00	3,72	2.254,32	0,00
1. 9	m	Levantamiento de barandilla metálica	381,00	5,65	2.152,65	143,00	5,65	807,95	1.344,70
1. 10	m3	Demolición de muro de hormigón	123,61	37,42	4.625,49	37,23	37,42	1.393,15	3.232,34
1. 11	m2	Levantamiento compresor de aceras de piedra	836,51	18,66	15.609,28	523,95	18,66	9.776,91	5.832,37
1. 12	m2	Levantamiento compresor de firme	475,75	8,06	3.834,55	42,00	8,06	338,52	3.496,03
1. 13	m2	Levantamiento de jardinera	126,00	27,92	3.517,92	126,00	27,92	3.517,92	0,00
1. 14	ud	Retirada de railes hincados en la traza	1,00	1.194,48	1.194,48	1,00	1.194,48	1.194,48	0,00
1. 15	ud	Retirada de cables y elementos de acero no	1,00	1.237,54	1.237,54	1,00	1.237,54	1.237,54	0,00

Inclúese a continuación cuadro resumen coas partidas nas que se desglosan as variacións segundo o artigo 242.4i) , e segundo o artigo 205 da LCSP:

			VARIACION MEDICIONES ART. 242.4I			MODIFICACIONES ART. 205		
			Medición	Importe	Total	Medición	Importe	Total
<b>1.</b>		<b>TRABAJOS PREVIOS, LEVANTADOS Y DEMOLICIONES</b>			<b>12.184,12</b>			<b>1.721,32</b>
1. 1	m	Limpieza y retirada de residuos de cuneta	0,00	0,75	0,00	0,00	0,75	0,00
**2.-** O 23 de febreiro de 2022, o BOE publica o Anuncio da Secretaría Xeral de Transportes e Mobilidade do MITMA, da resolución provisional de concesión de axudas do programa de axudas aos concellos para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano. no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Dita resolución provisional da Secretaría Xeral de Transportes e Mobilidade do 17 de febreiro de 2022 identifica no ANEXO I os proxectos que teñen concedida provisionalmente as axudas previstas para as Entidades Locais en relación coa convocatoria, entre os que se atopa a devandita actuación.

**3.-** Por orden ministerial do MITMA de data 20 de maio de 2022, procédese a concesión definitiva das axudas da primeira convocatoria do programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

No seu Anexo I, para cada solicitude beneficiaria indícanse as actuacións aprobadas, e o importe máximo subvencionable para cada unha delas, recollendo entre outras a seguinte actuación:

- P6\_L2-20210927-4: Implantación de Vía Verde sobre antigo trazado ferroviario. Fase II. . Solicitado (€): 1.860.000 €.

Asemade declarase, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos, que tódalas actuacións levadas acabo no marco de dita convocatoria, conlevan a



## Concello de Vigo

obriga , por parte dos beneficiarios de cumprir coas condicións establecidas por:

- Orde TMA/892/2021, do 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e apróbase e publica a convocatoria correspondente ao exercicio 2021, na súa vixente redacción.
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, do Ministerio de Facenda e Función Pública.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, do Ministerio de Facenda e Función Pública.
- Resolución 1/2022, do 12 de abril, da Secretaría Xeral de Fondos Europeos, pola que se establecen instrucións a fin de clarificar a condición de entidade executora, a designación de órganos responsables de medidas e órganos xestores de proxectos e subproxectos, no marco do sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Todas elas configuran o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e establecen o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan.

Igualmente existe a obriga de cumprir a normativa reguladora das subvencións e, especificamente, de respectar o principio de non causar un prexuízo significativo ao medioambiente e cumprir coas condicións da etiquetaxe climática previstas polo apartado 6 do artigo 2 do regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021; así como ao resto da normativa que os desenvolva e que se establezan no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Así mesmo, os beneficiarios deberán asumir e acatar as prescricións establecidas no seu Anexo II, relativas ás condicións e termos que regulan a concesión e aceptación da axuda

**4.-** A vista destes antecedentes o Concello de Vigo como entidade beneficiaria e executora de proxectos financiados con fondos económicos do PRTR, financiados pola Unión Europea - Next GenerationEU, debe proceder a establecer os procesos necesarios para garantir unha correcta planificación, execución e seguimento dos proxectos, e cumprir coas obrigas derivadas da condición de “beneficiario” de proxectos financiados con fondos do PRTR.

A Orde HFP/1030/2021, no artigo 2, establécense como principios de xestión específicos do PRTR, de obrigada consideración na planificación y execución os seguintes:

- a) A determinación de “fitos” e “obxectivos” como criterios de planificación, seguimento y acreditación do resultado dos proxectos.
- b) Etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, como unha obriga para a identificación dos recursos destinados a obrigada transición ecolóxica e dixital.
- c) Análise de riscos en relación aos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non facer dano significativo, DNSH), seguimento e verificación dos resultados da avaliación inicial.
- d) Fortalecemento dos mecanismos de prevención, detección e corrección de fraude, corrupción e conflitos de intereses.
- e) Compatibilidade do réxime de axudas estatais e prevención do dobre financiamento.
- f) Identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista.
- g) Comunicación.

**5.-** Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de febreiro de 2022, se estableceu un PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR- PROGRAMA NEXT GENERATION UE, que determinará as directrices de xestión e coordinación co obxectivo de acadar sinerxías entre os distintos servizos municipais, favorecendo a conformación de equipos multisicplinares entre os diversos técnicos municipais, co obxectivo de impulsar a execución dos proxectos vinculados as distintas convocatorias do PRTR.





**Concello de Vigo**

De acordo co proceso desenvolto polo Concello de Vigo para a preparación da súa organización en relación as obrigas como entidade xestora de proxectos cofinanciados co PRTR, financiados pola Unión Europea - Next GenerationEU, e de acordo coa conformación do PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR- PROGRAMA NEXT GENERATION, se atopan aprobados os seguintes expedientes vinculados a execución destes programas:

- Por Resolución do Concelleiro delegado da Area de Fomento, na súa condición de responsable do desenvolvemento operativo do PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR-PROGRAMA NEXT GENERATION UE, de data 09,03/2022, se aproba o MANUAL DE PROCEDIMENTOS - XESTIÓN PROXECTOS CON FINANCIAMENTO DE FONDOS DO PRTR - NEXT GENERACIÓN EU. (enlace: [https://hoxe.vigo.org/conecenos/prtr\\_pmcpse.php?lang=gal#/](https://hoxe.vigo.org/conecenos/prtr_pmcpse.php?lang=gal#/))
- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de marzo de 2022, se procedeu a aprobar o proxecto do PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE do Concello de Vigo, que se corresponde co acordo da sesión de 8 de marzo de 2022 do comité de autoavaliación do programa municipal de coordinación, planificación, seguimento e avaliación dos proxectos financiados con Fondos do PRTR- programa financiado pola Unión Europea - Next GenerationUE. (enlace: [https://hoxe.vigo.org/conecenos/prtr\\_antifraude.php?lang=gal#/](https://hoxe.vigo.org/conecenos/prtr_antifraude.php?lang=gal#/))

**6.-** Asemade, o Real Decreto Ley 36/2020, de 30 de decembro de 2020, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da administración pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, dedica o seu Capítulo III do Título IV ás especialidades en materia de contratación. En particular, no seu artigo 48 declara a aplicación da tramitación de urxencia e o despacho prioritario, nos termos previstos nos artigos 33 e 71 respectivamente da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dos procedementos administrativos que impliquen a execución de gastos con cargo aos fondos europeos, dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, sen necesidade de que o órgano administrativo motive dita urxencia no correspondente acordo de inicio.

**7.-** En data 2 de xuño de 2022, pola dirección facultativa da obra, e coa conformidade do Xefe da Área de Investimentos, emítase informe que consta no expediente, solicitando a modificación do contrato mixto de obra e servizos do proxec-

to de “IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ 2ª FASE” (701-441), no seguinte senso:

“(…)

*A vista das obrigas descritas, e tendo en conta que o presente expediente foi licitado, adxudicado e formalizado con anterioridade a resolución desta convocatoria, procede redactar o seguinte documento como base dos procedementos que garanten o cumprimento das obrigas do Concello de Vigo como entidade executora de Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU.*

## **II. PROPOSTA DA MODIFICACIÓN**

*Á vista desta resolución definitiva e tendo en conta que dito proxecto estará financiado polos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU, a tramitación deste expediente lle resultarán de aplicación ademais das normas xerais de contratación pública, o Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro e cantas normas de desenvolvemento se aproben.*

*Asemade o Concello de Vigo, a entidade adxudicataria e as empresas subcontratadas de ser o caso, garantirán o respecto ao principio de "non causar dano Significativo" (DNSH), así como o cumprimento da metodoloxía de seguimento do axudas segundo o disposto no RETC, no artigo 5.2 do Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e os seus normativa de desenvolvemento. En particular, axustarase á Comunicación da Comisión Guía técnica 2021/C 58/01, sobre a aplicación do principio de "non causar dano significativos", así como o exixido na Resolución de Execución do Consello respecto á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación e Resiliencia de España (CID), e as condicións da etiquetaxe climática e dixital.*

*Polo que atendendo aos antecedentes descritos, así como aos condicionantes para a execución do devandito proxecto, subvencionado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, proponse modificar o contrato mixto de obras e servizos do proxecto de “IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ 2ª FASE” (701-441),*



**Concello de Vigo**

adxudicado á UTE ORECO, S.A.U. e CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E VIAIS, S.A., en base os seguintes condicionantes:

**1.- Incluir como obrigas do adxudicatario** para as actuacións vinculadas o financiamento dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU, e mais concretamente en relación ao Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urban, de acordo coa normativa de aplicación as seguintes:

- *Obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso.*
- *Adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar y corrixir o fraude e a corrupción.*
- *Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE.*
- *Estará suxeito ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.*
- *Para efectos de auditoría e control e en función do disposto no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais do prezo do contrato.*
- *Obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241, relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, sobre financiamento comunitario das medidas incluídas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. E de forma específica o cumprimento dos compromisos en materia de comunicación, encabezamentos e logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.*
- *Obriga de que, na execución das actuacións contratadas, non se vexa prexudicado de forma significativa o medio ambiente, de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.*
- *Cumprimento da Guía Técnica de aplicación do principio de “non causar danos significativos” do Regulamento do Mecanismo de Recuperación e*

*Resiliencia (2021/C 58/01), así como do resto de normativas ambientais da Unión e nacional.*

- O adxudicatario do contrato queda suxeito, ademais da normativa relativa ao PRTR e o que resulte de aplicación en materia de contratación, cumprimento obriga de achega específica por parte do contratista e dos subcontratistas, da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo; NIF do beneficiario, Nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica e Domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.*
- Declaración expresa do compromiso co cumprimento do “Plan antifraude” do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urgente de data 11 de marzo de 2022.*

**2.- Obrigas para o responsable do contrato:** *En relación a condición de contrato financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Financiado pola Unión Europea. Next GeneraciónEU, entre as competencias do responsable do contrato deben incluírse:*

- Deberá establecer mecanismos que garantan que as actuacións a realizar por terceiros contribúan á consecución das actuacións previstas e que ditos terceiros faciliten a información que, no seu caso, sexa necesaria para determinar o cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non facer dano significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.*
- Informar ao Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR, do seguimento da execución das actuacións obxecto do contrato, de xeito que se poida coñecer en cada momento o nivel de consecución de cada actuación e os fitos e obxectivos que se establezan ao respecto en cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non facer dano significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a*



*identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.*

**3.- Modificar o financiamento do contrato:** *En relación a condición de contrato cofinanciado polo Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Financiado pola Unión Europea Next Generación EU. Compoñente 1 do PRTR “Plan de choque para unha mobilidade sostible, segura e conectada en contornas urbanas e metropolitanas.*

### **III.- XUSTIFICACIÓN TÉCNICA DA MODIFICACIÓN**

*En relación ao alcance da proposta de modificación exposta, o PCAP que rexe a contratación das obras recolle no seu Anexo I Folla de Especificacións do Contrato (FEC), Punto 14 a posibilidade de modificación do contrato, indicando no seu Apartado C) “Circunstancias que determinan a modificación”, a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:*

- Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas, impermeabilizacións e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.*
- Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade á data de aprobación do proxecto.*

*A vista das circunstancias expostas debese indicar que aínda que o PCAP regula a posibilidade de modificación do contrato, a proposta que se xustifica no presente informe non pode considerarse como unha causa incluída no PCAP polas seguintes condicionantes:*

*O obxecto deste modificado, atopase relacionado cunha situación extraordinaria, derivada da concesión de axuda por importe de 1.860.000 euros, outorgada polo MITMA ao Concello de Vigo no marco da Orde TMA/892/2021, do 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e apróbbase e publica a convocatoria correspondente ao exercicio 2021 e da Orden Ministerial pola que se conceden A publicación de dita convocatoria foi posterior á licitación e adxudicación do procedemento aberto mixto, da obra e servizos, para a contratación das obras do proxecto de “Implantación de Vía Verde sobre o antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzáiz 2ª fase” (701-441).*

*Por outra banda a proposta desta modificación, en relación ás obrigas instrumentais a cargo do contratista e os seus subcontratistas e do responsable do contrato, derívase da execución de actuación financiadas no marco dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU, e polo tanto, ademais das normas xerais de contratación pública lle serán de aplicación o Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Orde HFP/1030. /2021, do 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e o formato da información que deben facilitar as Entidades do Estado, Comunidade Autónoma e Sector Público Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria. e contabilización das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e cantas normas de desenvolvemento se aproben.*

*Así mesmo, regularase polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Parlamento Europeo Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e o resto da normativa que a desenvolve. En particular, as medidas previstas no citado Regulamento teñen por obxecto evitar o dobre financiamento (artigo 9); medidas contra a fraude, a corrupción e conflito de intereses [artigo 22.2.b)]; as medidas para o rexistro dos datos do beneficiarios nunha única base de datos [artigo 22.2.d)]; sometemento aos controis de organizacións europeas [artigo 22.2.e)]; a obriga de preservar o documentación [artigo 22.2.f)] e as normas de comunicación e publicidade, de conformidade co disposto no artigo 34.*

*Así mesmo o Concello de Vigo, a entidade adxudicataria e as empresas subcontratadas de ser o caso e garantirán o respecto ao principio de "non causar dano Significativo" (DNSH), así como o cumprimento da metodoloxía de seguimento do axudas segundo o disposto no RETC, no artigo 5.2 do Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e os seus normativa de desenvolvemento. En particular, axustarase á Comunicación da Comisión Guía técnica 2021/C 58/01, sobre a aplicación do principio de "non causar dano significativos", así como o exixido na Resolución de Execución do Consello respecto á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación e Resiliencia de España (CID), e as condicións da etiquetaxe climática e dixital.*



*Estas obrigas non supoñen a realización de novas prestacións nin implican custe, e refírense unicamente ao cumprimento de normas ou a observancia de determinadas condutas na execución do contrato.*

*Polo que a modificación proposta ten o seu encaixe no art.205.2b) da LCSP que recolle a posibilidade de modificación non prevista no PCAP cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:*

- 1. Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.*
- 2. Que a modificación non altere a natureza global do contrato.*
- 3. Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.*

*Por todo o exposto solicítase a modificación do **CONTRATO MIXTO DE OBRA E SERVIZOS DO PROXECTO DE “IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ 2ª FASE” (701-441)**, en base os seguintes condicionantes:*

**1.-** *Incluír no apartado 16.B da FEC como obrigas do adxudicatario para as actuacións vinculadas o financiamento dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU, en relación ao programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sustentable do transporte urbano, de acordo coa normativa de aplicación as seguintes:*

- Obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso.*
- Adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar y corrixir o fraude e a corrupción.*
- Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE.*
- Estará suxeito ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.*

- *Para efectos de auditoría e control e en función do disposto no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais do prezo do contrato.*
- *Obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241, relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, sobre financiamento comunitario das medidas incluídas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. E de forma específica o cumprimento dos compromisos en materia de comunicación, encabezamentos e logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.*
- *Obriga de que, na execución das actuacións contratadas, non se vexa prexudicado de forma significativa o medio ambiente, de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.*
- *Cumprimento da Guía Técnica de aplicación do principio de “non causar danos significativos” do Regulamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (2021/C 58/01), así como do resto de normativas ambientais da Unión e nacional.*
- *O adxudicatario do contrato queda suxeito, ademais da normativa relativa ao PRTR e o que resulte de aplicación en materia de contratación, cumprimento obriga de achega específica por parte do contratista e dos subcontratistas, da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo; NIF do beneficiario, Nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica e Domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.*
- *Declaración expresa do compromiso co cumprimento do “Plan antifraude” do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente de data 11 de marzo de 2022.*

**2.- Modificar as obrigas para o responsable do contrato previstas na cláusula 1.3 do PCAP incluíndo as seguintes:**

- *Deberá establecer mecanismos que garantan que as actuacións a realizar por terceiros contribúan á consecución das actuacións previstas e que ditos terceiros faciliten a información que, no seu caso, sexa necesaria para determinar o cumprimento das obrigas determinadas pola*





*compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non facer dano significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.*

- Informar ao Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR, do seguimento da execución das actuacións obxecto do contrato, de xeito que se poida coñecer en cada momento o nivel de consecución de cada actuación e os fitos e obxectivos que se establezan ao respecto en cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non facer dano significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.*

**3.- Modificar o apartado 3.J das FEC en relación ao financiamento do contrato e incluír a condición de contrato cofinanciado polo Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Financiado pola Unión Europea Next Generación EU. Compoñente 1 do PRTR “Plan de choque para unha mobilidade sostible, segura e conectada en contornas urbanas e metropolitanas.”**

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**I.-** A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece no seu artigo 190 que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta (artigo 203 LCSP), dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e para os efectos sinalados na Lei.

**II.-** Asemade, o artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos términos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;
- b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumplan as condicións establecidas no artigo 205.

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP). No primeiro caso regúlanse as modificacións previstas na documentación que rexe a licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación.

**III.-** En relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 204 da LCSP , no apartado 14 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 1 de febreiro de 2021, establécese a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Aspectos a modificar: as unidades de obra relacionadas coas demolicións e traballos previos, pavimentación, rede de abastecemento, saneamento e pluviais, alumeados, instalacións eléctricas e de telecomunicacións, semaforización, sinalización, xardinería e rego, mobiliario urbano, seguridade e saúde e xestión de residuos
- Circunstancias que determinan a modificación:
  - Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto..
  - Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.

De conformidade co disposto no devandito artigo 204 LCSP e no Prego, as modificacións en ningún caso poderán superar o 20% do prezo inicial do contrato.

**IV.-** Asemade, en relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 205 da LCSP, as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares o que, habendo sido previstas, no se axusten ao establecido no arti-



**Concello de Vigo**

go 204, solo poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que atope a súa xustificación en algún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.
- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder a causa obxectiva que as faga necesarias.

Entre os supostos que eventualmente poderían xustificar una modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra tódolos requisitos recolleitos no apartado anterior, figuran as seguintes (art.205.2.b) e c) da LCSP):

- Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:
  - 1. Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.
  - 2. Que a modificación non altere a natureza global do contrato.
  - 3. Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.
- Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a necesidade das mesmas, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Asemade, unha modificación dun contrato considerarase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, unha modificación considerarase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

1.º Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación.

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, esixiuse no procedemento de licitación orixinal.

2.º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial.

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, introduciríanse unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

3.º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato. En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do prezo inicial do mesmo, IVE/IVE excluído, se se trata do contrato de obras ou dun 10 por cento, IVE/IVE excluído, cando se refira aos demais contratos, ou ben que supere o limiar que en función do tipo de contrato resulte de aplicación de entre os sinalados nos artigos 20 a 23.

(ii) As obras, servizos ou subministracións obxecto de modificación áchen-se dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciou a tramitación do expediente de contratación.

**V.-** Neste caso que nos ocupa, as propostas de modificación do contrato atópanse contempladas nos supostos do artigo 204 e 205 da LCSP.

As modificacións propostas do apartado II.1 e II.2 atópanse previstas no apartado 14 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, e as modificacións propostas no apartado II.3, encádranse nas modificacións non previstas no PCAP - modificacións non substanciais- por causas de seguridade, tal e como se xustifica no informe da dirección facultativa.

Nembargantes, aínda que as circunstancias indicadas- modificacións do apartado II.1 e II.2- foron previstas no PCAP reitor do contrato, parte das modificacións referentes ás circunstancias derivadas de redes de servizos existentes distintas das recollidas no proxecto obrigan a introdución de novas unidades de obra con novos prezos unitarios non previstos no contrato, polo que ditas modificacións non se axustan ao establecido no artigo 204 da LCSP, e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e que son necesarias para responder a ditas causas obxectivas. Respecto as modificacións non previstas no PCAP - modificacións do apartado II.3- se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e necesarias para responder a causa da seguridade e acceso de vehículos de emerxencia, garantindo a seguridade das persoas usuarias do espazo público.



Polo que ditas modificacións expostas non son substanciais, nos termos da regulación da mesma que se establece no apartado c) do punto 2 do referido artigo 205.

Tal e como se indica no devandito informe da dirección facultativa, non se cumpren ningunha das tres condicións que cualificarían ditas modificacións de substanciais, e mesmo en termos obxectivos por supoñer un incremento do prezo inferior ao 15% do contrato, conforme ao disposto no propio artigo 205.2. c.i) tería a consideración obxectiva de ser unha modificación non substancial.

Por outra banda, en relación á proposta da modificación por mor da concesión definitiva das axudas da primeira convocatoria do programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a mesma ten encaixe no apartado 2.b do artigo 205: “Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato”. Concorren neste caso as tres condicións esixidas legalmente:

1. A necesidade da modificación dérivase de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever. A aprobación do Plan español de Recuperación, Transformación e Resiliencia por acordo do Consello de Ministros de 27 de abril de 2021, publicado no BOE do 30 de abril, derivado da aprobación do Regulamento (UE) 2021/241 del Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021 do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
2. A modificación non altera a natureza global do contrato dado que a modificación unicamente consiste en engadir obrigas instrumentais tanto a cargo do contratista e os seus subcontratistas como do responsable do contrato en cumprimento da normativa que rexe as actuacións derivadas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
3. A modificación do contrato implica unha alteración na súa contía que non excede, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído. Neste caso concreto a modificación proposta non implica alteración da súa contía xa que refírense unicamente ao cumprimento de normas ou a observancia de determinadas condutas na execución do contrato.

**VI.-** As especialidades procedimentais a seguir para a modificación dos contratos figuran reguladas con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

1. Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).
2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)
3. Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP)

Os requisitos específicos para os contratos de obras previstos no artigo 242 da LCSP son:

1. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme ao artigo 211 da LCSP.
2. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, e se cumpran os requisitos que a tal efecto regula esta lei, recadará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que substanciarase coas seguintes actuacións:
  - a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
  - b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.



**Concello de Vigo**

- c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación así como dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recadarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 235 da LCSP (136.3 do RLCAP).

**VII.-** As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 205, 206 e 242.1 da LCSP). No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha (art.242.1 da LCSP)

**VIII.-** Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de tódolos informes que , no seu caso, recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

**IX.-** Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Constan sendos informes da Dirección Facultativa, reproducidos nos antecedentes da presente proposta, xustificativos da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 203, 204, 205 e 206 da LCSP así como do apartado 14 das FEC do PCAP reitor do contrato.

2º.- Consta autorización do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 16.09.2021, en virtude do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros Delegados de Área de data 20 de xuño de 2019, órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da LCSP.

3º.- Consta audiencia dos redactores do proxecto, sen que formulara, en data 28.04.2022, consideracións ao mesmo. (Trámites 701, 717 e 718 do expediente dixital).

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre a modificación do contrato e os novos prezos e a conformidade deste, en datas 28.04.2022 e 03.06.2022, respecto ás modificacións e aos prezos das novas unidades de obra no proxecto modificado (Trámites 697, 715, 716, 764, 769 e 770 do expediente dixital).

5º.- Consta informe favorable de supervisión do proxectos, realizado pola Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 01.06.2022.

6º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3.b da LCSP).

7º.- Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación respecta tanto o previsto no artigo 204 como no artigo 205 da LCSP.

8º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

9º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 109.3 d LCSP)
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e artigo 203.3 da LCSP)

**X.-** Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP:

## **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

**1º.-** Modificar o procedemento aberto mixto da obra e servizos para a contratación para a contratación das obras do proxecto de “Implantación de Vía Verde sobre o antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzáiz 2ª fase” (701-441). A modificación consiste en:





1.- Incluir no apartado 16.B da FEC como obrigas do adxudicatario para as actuacións vinculadas o financiamento dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU, en relación ao programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sustentable do transporte urbano, de acordo coa normativa de aplicación as seguintes:

- Obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso.
- Adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar y corrixir o fraude e a corrupción.
- Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE.
- Estará suxeito ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Para efectos de auditoría e control e en función do disposto no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais do prezo do contrato.
- Obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241, relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, sobre financiamento comunitario das medidas incluídas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. E de forma específica o cumprimento dos compromisos en materia de comunicación, encabezamentos e logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.
- Obriga de que, na execución das actuacións contratadas, non se vexa prexudicado de forma significativa o medio ambiente, de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.
- Cumprimento da Guía Técnica de aplicación do principio de “non causar danos significativos” do Regulamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (2021/C 58/01), así como do resto de normativas ambientais da Unión e nacional.

- O adxudicatario do contrato queda suxeito, ademais da normativa relativa ao PRTR e o que resulte de aplicación en materia de contratación, cumprimento obriga de achega específica por parte do contratista e dos subcontratistas, da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo; NIF do beneficiario, Nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica e Domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.
- Declaración expresa do compromiso co cumprimento do “Plan antifraude” do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente de data 11 de marzo de 2022.

2.- Modificar as obrigas para o responsable do contrato previstas na cláusula 1.3 do PCAP incluíndo as seguintes:

- Deberá establecer mecanismos que garantan que as actuacións a realizar por terceiros contribúan á consecución das actuacións previstas e que ditos terceiros faciliten a información que, no seu caso, sexa necesaria para determinar o cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non facer dano significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.
- Informar ao Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR, do seguimento da execución das actuacións obxecto do contrato, de xeito que se poida coñecer en cada momento o nivel de consecución de cada actuación e os fitos e obxectivos que se establezan ao respecto en cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non facer dano significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.

3.- Modificar o apartado 3.J das FEC en relación ao financiamento do contrato e incluír a condición de contrato cofinanciado polo Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Financiado pola Unión Europea Next Gene-



**Concello de Vigo**

ración EU. Compoñente 1 do PRTR “Plan de choque para unha mobilidade sostenible, segura e conectada en contornas urbanas e metropolitanas.

**2º.-** Aprobar o proxecto modificado nº 1 das obras de **“IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ 2ª FASE”** redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Jerónimo Centrón Castaños, polo Enxeñeiro Técnico en Xeomática e Topografía Pablo Saavedra Salgueiro e polo Enxeñeiro Industrial Óscar Parga Rodríguez, o que supón unha importe líquido de **612.792,29 € (24,46%)**, supoñendo un 11,35% (284.378,30 €) de modificación por causas xustificadas contempladas no artigo 204 da LCSP, un 7,19% (180.176,70 €) de modificación por causas xustificadas contempladas no artigo 205 da LCSP, e un 5,92% (148.237,29 €) por variacións de medicións do artigo 242.4. da LCSP.

**3º.-** Autorizar a o gasto, con cargo á partida orzamentaria 1532 619 0065, pola diferenza entre o gasto autorizado estimado para a continuidade provisional das obras do modificado nº1 por importe de 416.307,10 euros (documento contable AD nº 202200029403) e o gasto líquido adicional resultante do modificado nº1 por importe de 612.792,29 euros, ascendendo dita diferenza a un total de 196.485,19 euros ó alza.

**4º.-** Proceder ao reaxuste da garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

**5º.-** Instar á mercantil UTE ORECO, S.A.U. e CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E VIAIS, S.A. (U05388186) adxudicataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP, debendo acreditarse con carácter previo á formalización o reaxuste da garantía nos termos do apartado anterior.

**6º.-** Remitir ao Consello de Contas a modificación do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

S.ord. 07/07/2022

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- . Proposta de convenio de colaboración coa Excma. Deputación Provincial de Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo, para o financiamento do "OUTONO LÍRICO 2022", organizado pola "Asociación de Amigos de la Ópera". Expte. 4462/330.
- . Proposta de aprobación da conta xustificativa dos gastos realizados (aboados e pendentes de aboamento) polo Concello de Vigo para a execución do «PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS NO EIDO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO 2019 – 2022». Expte. 193436/301.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

### **27(578).- PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO, PARA O FINANCIAMENTO DO "OUTONO LÍRICO 2022", ORGANIZADO POLA "ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA". EXPTE. 4462/330.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 27/06/2022 e o informe de fiscalización do 04/07/2022, dáse conta do informe-proposta de data 21/06/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformado polo concelleiro delegado de Cultura e



## Concello de Vigo

Emprego e máis polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

Os artigos 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) e o artigo 34 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 contemplan que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

O artigo 6 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, regula como excluídos do ámbito subxectivo da mesma, os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública de elas dependentes e as entidades con personalidade privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Pola súa banda a lexislación vixente en materia de réxime local, concretamente no artigo 31 da Lei 7/1985, encomenda ás Deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das Deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos.

A Concellería-Delegada da Área de Cultura ten entre as súas competencias o fomento, promoción e axuda a entidades, institucións e asociacións artísticas e culturais, así como o fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística en xeral, co obxectivo da difusión e extensión da cultura en calquera das súas manifestacións.

A asociación “AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO” é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación de concertos e outras actividades, a fin de promover a afección á música como actividade tanto cultural coma social.

Entre as actividades organizadas pola Asociación de Amigos de la Ópera está o desenvolvemento do "Festival Outono Lírico 2022", entre os meses de setembro a novembro do 2022, un evento cultural de gran importancia na cidade de Vigo; neste sentido o segmento ao que se dirixe esta oferta, non resulta accesible para as canles tradicionais de promoción, tanto polo custe como polo impacto.

O festival na edición 2022 estará formado por dez eventos que configuran as distintas actividades e ciclos: representacións de ópera, concertos, proxeccións e conferencias. En canto á representación de óperas, contarase cunha versión en concerto semi escenificado da ópera de Giuseppe Verdi “Falstaff”, con libreto de Arrigo Boito; a representación servirá de homenaxe e celebración dos 35 anos de carreira do barítono vigués Luis Cansino. Tamén contará cos recitais de “Intenso Wagner”, coa soprano Maribel Ortega e Carlos E. Pérez ao piano, e con “Huellas”, co tenor Aquiles Machado e Kennedy Moretti ao piano.



## Concello de Vigo

Polo todo o exposto e, ao abeiro do dito principio de cooperación entre o Concello de Vigo e a Excm. Deputación de Pontevedra, está previsto a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra na que a Deputación realiza unha achega de 20.000 € (vinte mil euros) para o financiamento da organización do "Festival Outono Lírico 2022", que terá lugar entre os meses de setembro e novembro do 2022, na cidade de Vigo.

En consecuencia, o día 23 de maio, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración entre a Excm Deputación Provincial de Pontevedra e o Excmo Concello de Vigo para o financiamento do "Outono Lírico 2022", que terá lugar entre os meses de setembro e novembro do 2022, organizado pola "Asociación de Amigos de la Ópera".

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

Nos orzamentos municipais do ano 2022 figura unha subvención nominativa a favor da entidade "As. Amigos da Ópera de Vigo. Outono Lírico", aplicación 3340.480.00.05 polo importe de 60.000 euros que se tramitará conxuntamente xunto cos 20.000 euros achegados pola Deputación.

Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio perseguidos.

Os gastos derivados da organización e desenvolvemento do "Outono Lírico 2022" segundo o orzamento presentado, ascenden a un total de 136.790,76 €.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

O Concello de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, encóntrase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, polas normas de dereito privado;

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

Conforme o artigo 7.4 da LSG a competencia para conceder subvencións nas Entidades Locais corresponde aos órganos que teñan atribuída na súa normativa específica correspondendo a Xunta de Goberno local a concesión da subvención e aprobación do gasto en virtude da delegación de facultades efectuada por resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 e artigo 127 g) da Lei 7/85, do 2 de abril.





**Concello de Vigo**

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro da Área de Cultura e Emprego e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

**PROPOSTA:**

**Primeiro.-** Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo, que se achega ao expediente, para o financiamento do "Outono Lírico 2022", que terá lugar entre os meses de setembro e novembro do 2022, organizado pola "Asociación de Amigos de la Ópera".

**Segundo.-** Dar conta á Deputación Provincial de Pontevedra da aprobación do convenio que se incorpora a este expediente e solicitar a súa subscrición.

**Terceiro.-** Tras a sinatura deste convenio iniciárase a tramitación administrativa conducente ao cumprimento dos termos da adxudicación da subvención.

**ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL "OUTONO LÍRICO 2022" ORGANIZADO POLA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA ÓPERA DE VIGO.

En Vigo, na data da sinatura electrónica

**INTERVEÑEN**

Dunha parte, Dona María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985,

S.ord. 07/07/2022

de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Doutra, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo Decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e 17 de agosto de 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados da Área; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data 17 de agosto do 2020.

E actuando Dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo (resolución de delegación do 27.02.2020), e Don Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que ten lugar.

Recoñécense mutuamente os comparecentes a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración e, a estes efectos,

### **EXPOÑEN**

I.- Que a promoción da cultura e equipamentos culturais se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Pola súa banda a lexislación vixente en materia de réxime local, concretamente no artigo 31 da Lei 7/1985, encomenda ás Deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a cooperación no fomento do desenvolvemento



## Concello de Vigo

económico e social e na planificación no territorio provincial, de conformidade coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Así mesmo, o artigo 118 da LALGA atribúe as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos, cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, organización de concursos e exposicións ou de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

II.- Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2022, contempla unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias correntes, para convenios co Concello de Vigo.

III.- Que a asociación “AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO”, organizadora do evento cultural “Outono Lírico 2022” é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación de concertos e outras actividades, a fin de promover a afección á música como actividade tanto cultural coma social.

Neste sentido, o segmento ao que se dirixe esta oferta, non resulta accesible para as canles tradicionais de promoción, tanto polo custe como polo impacto.

IV.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra que ten como un dos seus obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de fomento de actividades culturais, acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os intervenientes, con arranxo aos seguintes

### **PACTOS**

#### **PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO**

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para o financiamento da organización do "Outono Lírico 2022", que ten lugar entre os meses de setembro a novembro do 2022 na cidade de Vigo.

## **SEGUNDO.- FINANCIAMENTO DO CONVENIO**

O importe ao que se refire o presente convenio atende ás necesidades de desenvolvemento do citado evento cultural, que conta cun orzamento total de CENTO TRINTA E SEIS MIL SETECENTOS NOVENTA EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS (136.790,76 €).

As actuacións ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial, que se obriga a sufragar o seu custe ata a cantidade máxima de VINTE MIL EUROS (20.000,00 euros) IVE engadido, consonte a seguinte distribución:

	<b>Anualidade</b>	<b>Total</b>
Deputación de Pontevedra	2022	20.000,00 €

O pago da anualidade do 2022 realizarase contra a aplicación 22/942.9420.462.14 do orzamento provincial (Concellos-Investmentos en Convenios (Vigo en Pontevedra).

No caso de que a actuación teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade da actuación, o financiamento reducirase proporcionalmente.

## **TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO**

1º.- A execución do presente convenio e o seu financiamento pola Deputación Provincial terá lugar coa desagregación que se establece na cláusula segunda deste Convenio de colaboración.

2º.- O Concello de Vigo redactará unha proposta de subvención á “Asociación de Amigos de la Ópera”, CIF G 36622116 para coadxuvar ao financiamento do festival “Outono Lírico 2022” que se desenvolve entre os meses de setembro a novembro de 2022 na cidade de Vigo.

O Concello de Vigo remitirá unha copia do dito acordo á Deputación Provincial.



## Concello de Vigo

3º.- A Administración municipal remitira á provincial a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración.

4º.- A Deputación Provincial someterá o texto da proposta de subvención do Concello de Vigo á “Asociación de Amigos de la Ópera” á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos, e se o estima oportuno, podera os someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas nos mesmos.

5º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

6º.- En todo caso, a achega ao Concello de Vigo farase efectiva mediante transferencia bancaria, que será librada contra a presentación das correspondentes das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial, e na parte proporcional do financiamento. Esta xustificación deberá realizarse no prazo máximo de tres meses dende o fin das actuacións. Asemade, as actuacións estarán sometidas á comprobación explícita da execución das prestacións por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial. Para a súa percepción será preciso presentar a seguinte documentación:

- Copia do acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local da proposta de subvención do Concello de Vigo á “Asociación de Amigos de la Ópera”, CIF G36622116 para a organización do Outono Lírico.
- Memoria explicativa e detallada das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada, con mención dos resultados obtidos e identificación do asinante;
- Informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo competente do Concello;

- Facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello;
- Conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada;
- Memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade;
- Certificación do pagamento a favor de “Asociación de Amigos da Opera” asinada polo Tesoureiro do Concello de Vigo;
- Acreditación da difusión dada á colaboración da Deputación no financiamento da actividade;
- Declaración responsable de que os ingresos e gastos que figuran na conta xustificativa se destinaron á actividade obxecto do convenio, dos ingresos obtidos e de que as subvencións ou axudas obtidas non superan o custe da actividade;
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

#### **CUARTO.- COMPROMISOS DO CONCELLO**

O Concello de Vigo obrígase a:

- Financiar a realización do evento, achegando a cantidade correspondente, de conformidade no disposto na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado.
- Redactar unha proposta de subvención do concello de Vigo á “Asociación de Amigos de la Ópera”, CIF G 36622116 para coadxuvar ao financiamento do "Festival Outono Lírico 2022" que ten lugar na cidade de Vigo no meses de setembro a novembro do 2022.



## Concello de Vigo

- Aprobar o texto da proposta de subvención á “Asociación de Amigos de la Ópera” pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) Lei 7/1985, e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial.
- Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Xustificar perante a Deputación as actuacións ás que se refiren as prestacións executadas mediante a presentación da documentación acreditativa dos gastos.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ó Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

### **QUINTO.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN**

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Financiar os custes derivados do convenio, ata a cantidade máxima de VINTE MIL EUROS euros (20.000,00 €), IVE incluído, de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, na parte proporcional do financiamento.

- Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e da Resolución Presidencial número 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000 euros.

#### **SEXTO.- PUBLICIDADE**

A acción obxecto de subvención deberá garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### **SÉTIMO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONES**

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.





**Concello de Vigo**

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo total da actividade subvencionada.

#### **OITAVO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

## **NOVENO.- VIXENCIA**

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actividades ás que o mesmo se refire, que en todo caso non excederá do 31/12/2022, estendéndose o seu prazo de xustificación, como máximo, ata o 31/03/2023.

## **DÉCIMO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

## **DÉCIMO PRIMEIRO.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se



**Concello de Vigo**

aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E, en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

O concelleiro delegado da Área de Cultura e  
Emprego

Asdo.: Abel Fermín Losada Álvarez

A Secretaria da Administración Municipal  
do Concello de Vigo

Asdo: Susana Gallardo Fariña

A Presidenta da Deputación de  
Pontevedra

Asdo.: M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

O Secretario Xeral da Deputación de  
Pontevedra,

Asdo.: Carlos Cuadrado Romay

**28(579).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DOS GASTOS REALIZADOS (ABOADOS E PENDENTES DE ABOAMENTO) POLO CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DO «PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS NO EIDO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO 2019 – 2022». EXPTE. 193436/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

S.ord. 07/07/2022

Dáse conta do informe proposta do 06/07/2022, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, polo asesor xurídico adxunto e pola concelleira delegada de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

## I. ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local (XGL) do Concello de Vigo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 24.10.2019, adoptou entre outros o seguinte Acordo:

*«PRIMEIRO: Aprobar o «PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS NO EIDO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO 2019 - 2022», elaborado pola Concellería de Política social do Concello de Vigo, con un custe total de 564.033,64€.*

*SEGUNDO: Solicitar unha subvención para a cofinanciación do PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS NO EIDO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO 2019 - 2022. o abeiro da orde de 16 de setembro de 2019, publicada no DOGA n.º 284 de 27 de setembro de 2019, por un importe de 360.981,53€, aceptándose as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde,*

*TERCEIRO: Facer constar que a sinatura de todos os documentos e comunicacións e a orde e visto e prace das certificacións que se remitan á Consellería de Política Social relacionadas co presente expediente, correspóndelle á Concelleira delegada de Política de Benestar Social, D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro, segundo Decreto de Delegacións de data 18 de xuño de 2019».*

## II. INFORME

II.1. Para xustificar a subvención correspondente ó período 01.07.2021 – 30.06.2022 é preciso que a XGL aprobe a conta xustificativa dos gastos; integrada por aqueles necesarios para o desenvolvemento das actividades de prevención levadas a cabo nese tempo e o 60% dos gastos do persoal técnico da Oficina do PLDA.

II.2. O convenio coas entidades sociais que desenvolven as actividades planificadas pola Oficina do PLDA («CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E AS ENTIDADES SOCIAIS “ALBORADA”, “AMAINA” E “ÉRGUETE” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS, 2022»), aprobado pola Xunta de Goberno Local o 05.05.2022 (Exp. N° 232688/301) establece na súa cláusula :

OITAVA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

1. O primeiro 50% da achega anual (42.400€) aboarase á sinatura do Convenio.
2. O segundo 50%, unha vez xustificada a realización ou previsión de realización das actividades. En todo caso a xustificación presentárase antes do 1 de novembro de 2022.

Por este motivo, algunhas das actividades desenvolvidas no período a xustificar non poden ser aboadas ata que se xustifique a totalidade do convenio.

Así as cousas, no Anexo V inclúense gastos aínda non aboados de actividades realizadas neste período, xa que, ó executarse por medio dun convenio para todo o ano 2022, o aboamento realizarase coa xustificación completa do 2022 (Cláusula oitava do Convenio: *réxime de pagamentos*).



**Concello de Vigo**

II.3. Loxicamente, o informe da Intervención xeral municipal non pode incluír as actividades non pagadas, pero no Anexo V sí deben figurar, por ser actividades efectivamente desenvolvidas no período a xustificar da que aboaranse unha vez xustificadas a totalidade do Convenio.

II.4. Os custos das actividades de prevención durante este período foron os seguintes:

### **RELACIÓN GASTOS CONTEMPLADOS NA ORDE DA SUBVENCIÓN AUTONÓMICA 2019-2022**

#### **ACTIVIDADES EXECUTADAS, PAGADAS E NON PAGADAS, ENTRE 01 XULLO 2021 E O 30 XUÑO 2022**

##### **PARTIDA PLAN LOCAL DROGAS: 2310-2279908**

<b>Acredor</b>	<b>Concepto de gasto</b>	<b>Número de Expediente da factura/ Número da factura</b>	<b>Importe</b>	<b>Data de emisión</b>	<b>Data de pagamento</b>

##### **PARTIDA 2310-4800018 (Convenio entidades PLDA)**

<b>Acredor</b>	<b>Concepto de gasto</b>	<b>Período de execución das actividades</b>	<b>Número de Expediente da factura</b>	<b>Importe</b>	<b>Data de pagamento</b>
<b>ASOCIACIÓN ALBORADA</b>	IMPARTICIÓN DE 12 OBRADOIROS DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS "NON PASA NADA, PASA ALGO?-3º ESO" 48 sesións (3600)	Entre o 01 de xullo de 2021 e o 31 decembro de 2021	<b>227633-301</b>	<b>10800</b>	<b>19-11-2021</b>
	IMPARTICIÓN DE 19 OBRADOIROS DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS "NON PASA				

	NADA, PASA ALGO?- 4º ESO” 76 sesiones (5700)				2
	IMPARTICIÓN DE 5 OBRADOIROS DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCI AS “ODISEA” 20 sesiones (1500)				
<b>ASOCIACIÓN ALBORADA</b>	IMPARTICIÓN DE 22 OBRADOIROS DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCI AS “NON PASA NADA, PASA ALGO?- 3º ESO” 88 sesiones (6600)	A partir do 01 xaneiro 2022. Parte do segundo trimestre do curso (xaneiro-marzo)	<b>235644- 301</b>	<b>16200</b>	<b>27-05-2022</b> <b>ANTICIPO</b> <b>50 %</b> <b>CONVENIO</b> <b>2022</b>
	IMPARTICIÓN DE 19 OBRADOIROS DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCI AS “NON PASA NADA, PASA ALGO?- 4º ESO” 76 sesiones (5700)				
	IMPARTICIÓN DE 13 OBRADOIROS DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCI AS “ODISEA” 52 sesiones (3900)				
<b>ASOCIACIÓN ALBORADA</b>	IMPARTICIÓN DE 20 OBRADOIROS DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCI AS “NON PASA NADA, PASA ALGO?- 3º ESO” 80 sesiones (6000)	Terceiro trimestre do curso (abril-xuño 2022) e actividade executada no segundo trimestre que quedou pendente de pago		<b>11700</b> <b>Actividade realizada pero non contabilizad a. O prazo de</b>	



# Concello de Vigo

	IMPARTICIÓN DE 12 OBRADOIROS DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS “NON PASA NADA, PASA ALGO?”- 4º ESO 48 sesións (3600)			<b>xustificación do convenio finaliza o 1 de novembro de 2022.</b>	
	IMPARTICIÓN DE 7 OBRADOIROS DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS “ODISEA” 28 sesións (2100)				
<b>ASOCIACIÓN ÉRGUETE</b>	IMPARTICIÓN DE 23* OBRADOIROS DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS “INFORMACIÓN-SENSIBILIZACIÓN-6º EP” 91 sesións (6825)	Entre o 01 de xullo de 2021 e o 31 decembro de 2021	<b>227570-301</b>	<b>11850</b>	<b>19-11-2021</b>
	IMPARTICIÓN DE 10 OBRADOIROS DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS “NON PASA NADA, PASA ALGO?”- 1º ESO” 40 sesións (3000)				
	IMPARTICIÓN DE 5 CHARLAS INCLuíDAS NO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS “MÁIS QUE UN TEITO (625)				
	IMPARTICIÓN DE 1 CURSO DE “FORMACIÓN EN PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS PARA MEDIADORES/AS				

	SOCIAIS) (900)				
	IMPARTICIÓN DE 4 PROGRAMAS PREVENTIVOS A JÓVENES PARTICIPANTES EN CLUBES DEPORTIVOS (500)				
ASOCIACIÓN ÉRGUETE	IMPARTICIÓN DE 29 OBRADOIROS DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS “INFORMACIÓN-SENSIBILIZACIÓN-6º EP” 116 sesiones (8700)	A partir do 01 xaneiro 2022. Parte do segundo trimestre do curso (xaneiro-marzo)	<b>235643-301</b>	<b>16300</b>	<b>27-05-2022</b> <b>ANTICIPO</b> <b>50 %</b> <b>CONVENIO</b> <b>2022</b>
	IMPARTICIÓN DE 16 OBRADOIROS DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS “NON PASA NADA, PASA ALGO?-1º ESO 64 sesiones (4800)				
	IMPARTICIÓN DE 8 CHARLAS INCLUÍDAS NO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS “MÁIS QUE UN TEITO (1000)				
	IMPARTICIÓN DE 2 CURSOS DE “FORMACIÓN EN PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS PARA MEDIADORES/AS SOCIAIS) (1800)				
ASOCIACIÓN ÉRGUETE	IMPARTICIÓN DE 5 OBRADOIROS DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS “INFORMACIÓN-SENSIBILIZACIÓN-6º	Terceiro trimestre do curso (abril-xuño 2022) e actividade executada no segundo trimestre que quedou pendente de pago		<b>8575</b>	
				<b>Actividade realizada pero non</b>	





**Concello de Vigo**

	EP” 20 sesións (1500)			<b>contabilizad a. O prazo de xustificación do convenio finaliza o 1 de novembro de 2022.</b>	
	IMPARTICIÓN DE 17* OBRADOIROS DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCI AS “NON PASA NADA, PASA ALGO?”- 1º ESO  15 obradorios + 6 sesións= 66 sesións (4950)				
	IMPARTICIÓN DE 15 CHARLAS INCLUÍDAS NO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCI AS “MÁIS QUE UN TEITO (1875)				
	IMPARTICIÓN DE 2 PROGRAMAS PREVENTIVOS A JÓVENES PARTICIPANTES EN CLUBES DEPORTIVOS (250)				

<b>ASOCIAC IÓN AMAINA</b>	IMPARTICIÓN DE 4 OBRADOIROS DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN “NON PASADA, PASA ALGO?”- 2º ESO  16 sesións (1200)	Entre o 01 de xullo de 2021 e o 31 decembro de 2021	<b>227631- 301</b>	<b>1200</b>	<b>19-11-2021</b>
<b>ASOCIAC IÓN AMAINA</b>	IMPARTICIÓN DE 33 OBRADOIROS DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN “NON PASADA, PASA ALGO?”- 2º ESO  132 sesións (9900)	A partir do 01 xaneiro 2022. Parte do segundo trimestre do curso (xaneiro-marzo)	<b>235639- 301</b>	<b>9900</b>	<b>27-05-2022</b> <b>ANTICIPO</b> <b>50 %</b> <b>CONVENIO</b> <b>2022</b>

<b>ASOCIACIÓN AMAINA</b>	IMPARTICIÓN DE 26 OBRADOIROS DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN “NON PASA NADA, PASA ALGO?”- 2º ESO  104 sesións (7800)	Terceiro trimestre do curso (abril-xuño 2022) e actividade executada no segundo trimestre que quedou pendente de pago		<b>7800</b>  <b>Actividade realizada pero non contabilizada. O prazo de xustificación do convenio finaliza o 1 de novembro de 2022.</b>	
<b>TOTAL</b>				<b>94.325€</b>	

#### PERSOAL

	<b>IRPF</b>	<b>Seguridade Social</b>	<b>Líquido a percibir</b>	<b>Total</b>
(NRP 77819)	12.344,38€	12.732,96€	52719,28€	77.796,62€
(NRP 23372)	10.377,23€	11.776,66€	46.926,59€	69.080,48€
	<b>TOTAL</b>	01/07/2020 30/06/2021		<b>146.877,10€</b>

- TOTAL GASTOS CORRESPONDENTES A ACTIVIDADES DESENVOLTAS NO PERIODO 01 DE XULLO 2021 - 30 DE XUÑO 2022 = **94.325€**.

II.5. O gasto subvencionable do persoal técnico adscrito ó PLDA-CEDRO para este período (NRP 23372 e NRP 77819) ascendeu a 88.126,26€ (60% de 146.877,10€), de acordo coa certificación expedida en data 29.06.2022 pola técnica da área de RRHH e Formación, anexado tamén o Exp. nº 193436/301 (trámite nº 237). Deste gasto de persoal, o 60% impútase ó PLDA e o 40% restante ó Servizo de CEDRO.

- TOTAL DE GASTOS, INCLUÍNDOS ACTIVIDADES E O 60% DO CUSTO DE PERSOAL = 182.451,26€.

II.6. Para os efectos do previsto no Art. 27 da Orde da Consellería de Sanidade do 16.09.2019, o 06.07.2021 o Xefe de Área de Benestar Social informou o 30.06.2022 que cumpríuse a finalidade para a que foi concedida a subvención e deuse tamén cumprimento ó establecido no Art. 29.3 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



**Concello de Vigo**

II.7. Para eses mesmos efectos, en data 05.07.2022 o Interventor xeral municipal emitiu informe no que fixo constar a relación de gastos totais pagados por este Concello, imputables á referida actuación subvencionada e coincidentes cos reflectidos nas Táboas do Apdo. II.4 deste informe.

### III. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable; en especial, os Arts. 27 e ss. da Orde da Consellería de Sanidade do 16.09.2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

#### «ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar, para os efectos do disposto na Orde da Consellería de Sanidade do 16.09.2019 (DOG nº 184, do 27.09.2019) pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria, a *CONTA XUSTIFICATIVA* dos gastos realizados (aboados e pendentes de aboamento) polo Concello de Vigo para a execución do «*PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUCTAS ADICTIVAS NO EIDO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO 2019 – 2022*», no período comprendido entre o 01 de xullo de 2021 e o 30 de xuño de 2022 que figura no ANEXO, facendo constar que cumpriuse a finalidade para a que foi concedida a subvención e deuse cumprimento ó establecido no Art. 29.3 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEGUNDO.- Aprobar o precitado ANEXO V (“*CERTIFICADO DE SECRETARÍA (CONTA XUSTIFICATIVA)*”) que figura tamén como anexo deste Acordo e que deberá ser enviado á Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia».

#### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **29(580).- ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/rs-me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez